

ACTA Nº 2024/4
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 14 de marzo de 2024 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ÁNGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
LUCIA YESICA VECINO RODRÍGUEZ

AUSENCIAS:

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:

SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

2. DACIÓN DE CONTA REMISIÓN INFORMES ECONÓMICO ORZAMENTARIOS 4º TRIMESTRE

3. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN DE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 29/12/2023, 11/01/2024 E 22/01/2024.

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO) AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 DE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (EXPEDIENTE 2024/A006/000002)

6. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 69/2024 DO 16/02/2024 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ROIS, CATOIRA E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS: SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO, OA ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL (EXPEDIENTE 2024/A006/000004)

7. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE DODRO

8. ELECCIÓN DE XUÍZ/XUÍZA DE PAZ TITULAR.

9. RENUNCIA, SE PROCEDE, DO INVESTIMENTO PENDENTE DE EXECUCIÓN: AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CANCELA ABREA, INCLUÍDO NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2022 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL

C) MOCIÓNS:

C.1. MOCIÓNS ORDINARIAS:

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE DODRO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDADE VECIÑAL DE DODRO SOBRE SOLICITUDE DE NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE APOIO A GANDEIROS E AGRICULTORES.

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XENTE DE DODRO SOBRE INSPECCIÓN FUNCIONAMENTO SERVIZOS SOCIAIS.

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XENTE DE DODRO SOBRE BATIDAS NOCTUNAS ILEGAIS

15. MOCIÓN DO BNG SOBRE REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS PARA AUTOCONSUMO

C.2. MOCIÓNS URXENTES:

16. MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A NORMATIVA RESPECTO DOS GALIÑEIROS DE AUTOCONSUMO.

17. MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL XENTE DE DODRO SOBRE A GARDA CIVIL DE BARBATE.

18. MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL XDD SOBRE RECHEOS NOS MONTES COMUNAIS.

D) CONTROL DO GOBERNO:

19. ROGOS E PREGUNTAS

20. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Boas tardes a todos, vamos a iniciar o Pleno ordinario do mes de marzo cos seguintes puntos da orde do día”.*

PROPOSTAS ORDINARIAS

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

“Exp.: 2024/G006/000107

Asunto: Resolucions da Alcaldía

Dáse conta das resolucións que van desde o número 09/2024 ao 119/2024, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.”

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA REMISIÓN INFORMES ECONÓMICO ORZAMENTARIOS 4º TRIMESTRE

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“Expediente: 2024/G006/000094

Asunto: Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 4º trimestre 2023

Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

- Periodo Medio de Pago do 4º trimestre 2023 (enviado o 31/01/2024)
- Informe de execución trimestral do 4º trimestre 2023 (enviado o 31/01/2024)
- Informe de morosidade 2023 (enviado o 31/01/2024)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.”

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís indica

“Aquí queríamos decirlle ao Pleno as seguintes cousas para que, para información e para que conste a todos os afectos:

Que se publicou na Plataforma do Sector Público:

- A execución de proxecto de pavimentación do camiño da AC-305 a Castro San Xoán, ca pavimentación transversal en Tealo.
- A execución do proxecto de pavimentación acceso da AC-305 en Imo
- A execución do proxecto de pavimentación do camiño da Marquesiña a Dodriño e pavimentación e acceso de Dodriño a Vigo.
- A execución do proxecto camiño da fonte de Santa María ao Santiaguíño e pavimentación en A Banda Tarrío.
- Contratación dos servizos de organización e produción dos eventos deportivos do ano 2024.

Ademais se formalizaron recentemente diferentes contratos:

- Execución do proxecto de mellora de acceso de Rial de Lagoa e pavimentación da aldea de Lestrobe.
- Execución do proxecto de acondicionamento de viario para o fomento de mobilidade sostible, no concello de Dodro.

Se solicitaron as subvencións que se van a dicir agora mesmo:

Á Vicepresidencia Primeira da Consellería De Presidencia e Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, solicitáronse subvencións para os seguintes investimentos:

- Substitución de luminarias na estrada de Imo ao abeiro da convocatoria de subvencións de concorrencia non competitiva ao Fondo de compensación ambiental do ano 2024.*
- As melloras de accesibilidade a escola unitaria de Laíño, ao abeiro das subvencións para a creación e ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculadoa á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, e nesta mesma convocatoria, solicitouse tamén a subvención conxuntamente co concello de Padrón, que é un punto que vai mais adiante, na orde do día, para a pavimentación da Feira dos porcos.*
- A mellora enerxética da cuberta do polideportivo ao abeiro do Fondo Nacional para o Fondo de cooperación local, destinado a concellos con poboación inferior a 15.000 habitantes, para o ano 2024.*

Á Axencia Galega de Desenvolvemento rural, no abeiro do Plan marco de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, do ano 2024-2025, solicitáronse financiamento para:

- Mellora da pista da Veiga de Lestrobe*
- Mellora do camiño da carretera da Deputación a Manselle.*
- Mellora de camiño en Bustelo e*
- Mellora de camiño de Pexegueiro a cruce de Formarís.*

Ao Instituto de estudos do territorio, solicitouse subvención para corrección de impactos paisaxísticos do local social de Traxeito, ao abeiro da convocatoria de concesión das axudas para actuación e correccións de impactos paisaxísticos, para concellos de Galicia para o ano 2024.

Á Consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades, solicitouse unha subvención para a mellora de accesibilidade de da Casa da Cultura, ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións de locais utilizados para a realización de actividades culturais para o ano 2024.

Outras subvencións solicitadas recentemente, foron:

Á Consellería de Promoción e Emprego e Igualdade, solicitouse unha subvención para a contratación de dous traballadores desempregados para a realización dun servizo de interese xeral do Programa forestal do ano 2024.

O da convocatoria de subvencións para o fomento de emprego no medio rural, APROL rural 2024, a esta Consellería tamén se solicitou subvención para persoal técnico para o servizo de orientación laboral, cos concellos de Rois, Catoira a parte do noso.

A deputación provincial da Coruña, concedeu unha subvención para a contratación de tres traballadores desempregados en situación de exclusión laboral durante 5 meses coa categoría profesional de peóns/peoas , ao abeiro do Programa de axudas

a contratación de persoal, para a execución de obras e servizos municipais, dos concellos da provincia, PEL concellos 2024.

Ademais dos convenios que se van a tratar no Pleno, tramitouse a adhesión do concello de Dodro ao convenio entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería da Presidencia en Galicia, Deportes e Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP, para a coordinación da actuación do desenvolvemento do Programa Galego de vixilancia e control , fronte a da vespa asiática, vespa velutina para o ano 2024.

E pasamos aos puntos de deliberación e acordo, e aquí vou a escusar, creo que á concelleira de Unidade Veciñal, que se encontra enferma e escusou que non pode vir ao Pleno de hoxe”.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN DE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 29/12/2023, 11/01/2024 E 22/01/2024.

Acta do día 29 de decembro de 2023

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Acta do 29/12/23, portavoz do partido socialista”*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *“Nada que dicir, o grupo municipal socialista votará a favor da aprobación de cada unha delas”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Xente de Dodro”*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Unidade Veciñal”*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Nada, boas tardes a todos, nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Partido Popular”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Boas tardes, si, nos temos algo que comentar, bueno primeiro que as actas é mellor que as numeren por que non están numeradas e á hora de identificar os erros, é un pouco máis complicado, polo menos para o equipo de goberno cando teña que modificala.*

No punto 4, de esta acta, na miña intervención como non está separado por parágrafos, o parágrafo comeza e entendemos que o ano 2023 se pagará antes de fin de ano ó igual que a

cuota do GES, dixemos, e aquí pon do CES. Entonces solicitamos que se faga esta modificación.”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moi ben bueno pois tendo en conta esa modificación... perdón portavoz do grupo Bloque Nacionalista Galego”*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Ola boas noites a todas. No non temos nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois si vos parece tendo en conta a aportación que acaba de facer a portavoz do Bloque Nacionalista Galego, procedemos... perdón, a portavoz do grupo Partido Popular, procedemos a votación da acta”.*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do venres 29 de decembro de 2023 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 10

- 1 BNG
- 2 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 1 Unidade Veciñal de Dodro
- 3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

Acta do día 11 de xaneiro de 2024

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *“Igualmente nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz da agrupación política Xente de Dodro”*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Unidade Veciñal”*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Partido Popular”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Sí, pois volvemos ó mesmo, no punto 4 e ademais é curioso por que en toda esta acta hai un montón de intervencións, un montón de mocións e só hai inintelixible as declaracións que fai esta concelleira, concretamente na moción do partido socialista polo tema do centro de saúde, pon varias veces puntos suspensivos, inintelixible, puntos suspensivos, inintelixible. Se está gravado en vídeo, teñen gravacións, á secretaria nos con moito gusto pasámoslle a intervención feita completa, e pedimos que se modifique por que tal é como está non se entende”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Estase gravando en vídeo, perdón a secretaria é a responsable das actas...”*

A secretaria, Sandra María García Chenlo: *“Iso sucedeu no pleno, se non recordo mal houbo bastante alboroto, que estaban varios concelleiros falando á vez...”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Non, en esta intervención non.”*

A secretaria, Sandra María García Chenlo: *“pois sen ningún problema nos pode pasar esa intervención. Moitas grazas”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“En todo caso, si alguén quere que conste de forma literal a pesar de que estamos intentando recollelo todo da forma máis literal. Reconocer que as actas é un extracto do que sucede no pleno. Desde hai algúns ... estamos intentando eso precisamente, retransmitila, gravalas para que as traballadoras do concello están facendo un esforzo ingente en reproducir todo o que se dí aquí. Entón agradecería que si algo queren que conste de xeito literal pois que por favor se pare un pouco intentemos que quede ben reflexado, ó mesmo tempo si é posible facilitarlle á secretaria do concello o texto ese, para que conste ó xeito máis literal posible. Portavoz do bloque nacionalista Galego.”*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois moitas grazas, vamos a pasar a votar.”*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 11 de xaneiro de 2024 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 10

1 BNG

2 PP

3 PSdeG-PSOE

1 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

Acta do día 22 de xaneiro de 2024

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís *"Pois vamos coa acta do 22 do 1 do ano 2024. Portavoz do partido socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"De acordo coa Acta"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Unidade Veciñal, perdón Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Unidade Veciñal"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nada que dicir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Partido Popular"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Sí, bueno xa lle vou a dicir en esta acta non temos nada que dicir, pero si, se non lle importa, como o orden de intervencións vai por número de votos, si se recorda, nos imos antes de Unidade Veciñal."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Disculpe, disculpe, fareino mellor a próxima vez. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moi ben pois imos a pasar a votar, si procede a aprobación da acta do 22/1/24”.*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do luns 22 de xaneiro de 2024 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 10

- 1 BNG
- 2 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 1 Unidade Veciñal de Dodro
- 3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO) AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 DE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (EXPEDIENTE 2024/A006/000002)

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“EXPEDIENTE: 2024/A006/000002 (relacionado co expediente 2024/A008/000005)

ASUNTO: RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 61/2024 DO 08/02/2024 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO: PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO), AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 DE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver a Resolución da Alcaldía Núm. 61/2024 do 08/02/2024, na que se resolveu, entre outros, aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de Padrón e Dodro para a solicitude da subvención regulada na Orde do 27 de decembro de 2023, co obxecto de xestionar conxuntamente o proxecto “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)”, encomendando ao Concello de Padrón a realización das actuacións procedentes para a consecución do obxectivo.

Considerando o punto sexto da mencionada resolución: “**Sexto.-** Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.”

Propoño ao pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 61/2024 de data 08/02/2024, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado ao Concello de Padrón.

Documento asinado electronicamente

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

“EXPEDIENTE: 2024/A006/000002 (relacionado co expediente 2024/A008/000005)

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)” AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2023 DE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver a Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG número 9, do 12 de xaneiro de 2024).

Logo de ver o proxecto “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)”, con rexistro de entrada no Concello de Dodro o 16/02/2023, número 202399900000092, redactado por don Pablo Blanco Ferreiro,

enxeñeiro de camiños, canles e portos, de Estudio Técnico Gallego SA, cun orzamento de 82.594,02 € (IVE incluído), asinado o 13/02/2023.

Logo de ver o informe técnico, relativo ao proxecto “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)”, emitido o 17/02/2023 por Carolina Cajide Barbeito, arquitecta municipal do Concello e Dodro.

Logo de ver, tras a actualización de prezos do citado proxecto, elabórase o proxecto “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)”, con rexistro de entrada no Concello de Dodro o 29/01/2024, número 20240000000071, redactado por don Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, de Estudio Técnico Gallego SA, cun orzamento de 87.341,38 € (IVE incluído), asinado o 24/01/2024

Logo de ver o informe técnico, relativo ao proxecto “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)”, emitido o 06/02/2024 por Francisco Ferro González, arquitecto técnico municipal do Concello e Padrón (Nº Rexistro de Entrada 202490000000132 o 07/02/2024)

Logo de ver o Borrador do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)” AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 DE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES.

Logo de ver o informe de secretaría-intervención do 08/02/2024, que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da Alcaldía do 08/02/2024 e considerando que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero tendo en conta que o prazo para a solicitude de subvención finaliza o 12 de febreiro de 2024 e en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de Padrón e Dodro para a solicitude da subvención regulada na Orde do 27 de decembro de 2023, co obxecto de xestionar conxuntamente o proxecto “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)”, encomendando ao Concello de Padrón a realización das actuacións procedentes para a consecución do obxectivo. O convenio achégase como Anexo I.

Segundo.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, xunto co Concello de Padrón, unha subvención ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a

concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG número 9, do 12 de xaneiro de 2024), para o proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN (PADRÓN-DODRO)”, que pretende executarse mediante a fórmula de xestión compartida, cun orzamento total de 87.341,38 € (IVE incluído) e sendo o financiamento solicitado de 50.000,00€.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 27 de decembro de 2023 de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Cuarto.- Comprometerse solidariamente co concello de Padrón á execución e aplicación solidaria da subvención.

Quinto.- Designar a don Anxo Rei Arca, alcalde do Concello de Padrón, como representante único que actuará como coordinador e interlocutor ante a Dirección Xeral de Administración Local e que será quen reciba e xustifique a subvención.

Sexto.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

Sétimo.- Dar traslado da presente resolución ao Concello de Padrón.

Oitavo.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Documento asinado electronicamente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe

ANEXO I

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN” (PADRÓN-DODRO), AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES.

REUNIDOS

Dunha parte: Don Anxo Rei Arca, con DNI ***998***, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D) que actúa en nome de esta entidade.

Doutra parte: Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome de esta entidade.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do proxecto “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A

EDAR PADRÓN" (PADRÓN-DODRO), dentro da axuda solicitada ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG número 9 de 12 de xaneiro de 2024).

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario económico, que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA** das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Terceiro.- Por outra banda é necesario, dada a situación económica actual, que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Cuarto.- Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

Quinto.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa que no preámbulo da referida Lei 7/1985, determinase como as técnicas de relación entre Administracións que han de ter por obxecto máis ben a definición do marco e dos procedementos que faciliten o encontro e a comunicación, mesmo de carácter informal, para a colaboración e a coordinación interadministrativas, fundamentalmente voluntarios e de base negocial.

Sexto.- Na referida orde de convocatoria de subvencións do 27 de decembro de 2023 determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de formular petición de maneira conxunta mediante agrupacións ou asociacións de concellos, establecéndose no artigo 3 das Bases reguladoras que tales agrupacións ou asociacións de concellos poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, farase constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios sinalándose no artigo 7 da referida Orde de subvencións que aqueles concellos que desexen formular unha solicitude conxunta deberán regular a agrupación ou asociación mediante un convenio de colaboración. Deberá nomearse un representante único da agrupación con poderes suficientes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétimo.-. Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúranse como unha da solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTION COMPARTIDA do proxecto de “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN” (PADRÓN-DODRO), no presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular a xestión compartida dos concellos de Padrón e Dodro do proxecto de “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN” (PADRÓN-DODRO), redactado polo enxeñeiro de camiños, don Pablo Blanco Ferreiro, sobre a base do disposto na Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG número 9 do venres, 12 de xaneiro de 2024).

Segunda. ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto abrangue os respectivos termos municipais de Padrón e Dodro polo que, os concellos deberán acreditar no expediente que son titulares dos terreos onde se executarán os investimentos, así

como autorizar ao concello xestor do proxecto para a realización das obras.

Terceira. DESIGNACIÓN DO CONCELLO XESTOR DO PROXECTO .

Desígnase ao Concello de Padrón como xestor do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN” (PADRÓN-DODRO), o que suporá as tramitacións administrativas seguintes:

- Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante a Dirección Xeral da Administración Local.
- Tramitación do expediente de contratación das obras relativas ao conxunto das instalacións previstas
- Xustificación posterior dos investimentos.

Desígnase igualmente o Concello de Padrón encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que poidera ter acceso no desenvolvemento destas actuacións.

Este acto de xestión compartida non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade de cada un dos concellos asinantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da xestión compartida.

Cuarta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE PADRÓN COMO REPRESENTANTE.

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Padrón asumirá os compromisos seguintes:

1.- O Concello de Padrón será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida, é dicir, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (Dirección Xeral de Administración Local), como os relativos ao expediente de contratación e seguimento da execución do conxunto dos traballos.

2.- Facúltase ao Concello de Padrón para que represente ao concello asinante deste acordo tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación dos investimentos previstos, sendo o Sr. Alcalde do Concello de Padrón, D. Anxo Rei Arca o interlocutor e coordinador ante a Dirección Xeral de Administración Local.

3.- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG número 9 do venres, 12 de xaneiro de 2024).

4.- Comprometerse a respectar o destino das instalacións subvencionadas por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.

5.- Así mesmo o Concello de Padrón comprométese a facilitar, se o Concello de Dodro o solicitara, toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se esté a tramitar ao abeiro deste convenio.

6.- Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.- Comprometerse solidariamente a execución e aplicación solidaria da subvención.

Quinta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE DODRO.

Coa sinatura do presente Convenio o Concello de Dodro asumirá os compromisos seguintes:

1.- Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitará toda a documentación esixida na Orde de convocatoria de axuda da Dirección Xeral de Administración Local.

2.- Así mesmo deberá poñer a disposición do Concello de Padrón os terreos libres de cargas e gravames, con carácter temporal, e mentres dure a realización das obras. Igualmente asumirase a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren, no suposto de que sexa necesario. Concederase, se é o caso, a preceptiva licenza de obra para proceder á realización do investimento.

De toda esta tramitación darase traslado ao Concello de Padrón, aos efectos de constancia no expediente correspondente.

3.- Transferir a parte proporcional que lle corresponda no investimento do proxecto segundo o que se recolle na cláusula sexta, unha vez que se conceda a subvención para realizar a oportuna retención de crédito orzamentaria. Aos efectos de certificación da existencia de crédito no inicio do expediente de contratación por parte do Concello representante, se non se efectúa a transferencia cos fondos, deberase achegar unha certificación emitida pola secretaría-intervención ou intervención municipal de existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte á contía total do investimento que lle corresponde ao concello en cuestión. O concello de Dodro realizará unha transferencia polo importe da súa achega no prazo de 5 días naturais desde a recepción do acordo de aprobación da derradeira certificación de obra.

4.- Asumir todas as condicións e prescricións da Orde do 27 de decembro de 2023, anteriormente mencionada.

5.- Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.

6.- Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións

de Galicia.

7.- Comprometerse solidariamente á execución e aplicación solidaria da subvención.

Sexta. PRESUPOSTO E APORTACIÓNS MUNICIPAIS AO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN” (PADRÓN-DODRO).

O presuposto para a execución do proxecto de “ ascende á cantidade total de 87.341,38 € (IVE incluído).

O porcentaxe e o importe de participación de cada concello no orzamento total do proxecto é a seguinte:

“Pavimentación camiño feira dos porcos a Edar Padrón”	% de participación no orzamento total do proxecto	Importes de participación no orzamento total do proxecto (IVE incluído)	Importes de participación no orzamento total do proxecto (IVE excluído)
Concello de Padrón	75%	65.506,04 €	54.137,22 €
Concello de Dodro	25%	21.835,34 €	18.045,74 €
Total	100,00%	87.341,38 €	72.182,96 €

Dado que a subvención pode chegar o 80% dos investimentos subvencionables ata un máximo de 50.000 €, os concellos asumirán o restante a na seguinte proporción: Padrón, 75% (28.006,04 €) e Dodro 25% (9.335,34 €).

Orzamento total (IVE incluído) “Pavimentación camiño feira dos porcos a Edar Padrón” (Padrón-Dodro)	Importe máximo solicitado de subvención	Importe non subvencionado	Achega do Concello de Dodro	Achega do Concello de Padrón
87.341,38 €	50.000 €	37.341,38 €	9.335,34 €	28.006,04

Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos segundo a partes iguais.

Sétima. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO.

Os concellos asumirán a totalidade dos gastos derivados de cada un dos investimentos que sexan realizados no seu termo municipal, que en parte serán resarcidos en virtude da axuda concedida para a actuación correspondente.

De acordo coa Orde do 27 de decembro de 2023 os pagos que se deriven da execución dos investimentos subvencionados ao abeiro do estipulado no presente convenio realizaranse por parte do concello de Padrón, en todo caso, antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto no artigo 18 das Bases reguladoras é o día 31 de outubro de 2024.

Oitava. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sustanciaranse na orde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- *O non cumprimento do seu obxecto.*
- *A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.*
- *O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.*
- *Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.*

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Novena. VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente Convenio quedará automaticamente sen vigor no suposto de que non se perciba finalmente a axuda económica que se solicita da Dirección Xeral de Administración Local.

No caso de concesión e posterior perfeccionamento do dereito ao cobro da axuda, a súa vixencia será dun ano a contar dende a sinatura do convenio.

Así o outorgan na data da súa sinatura dixital, subscribindo o presente convenio.

O alcalde de Padrón, Anxo Rei Arca.

O alcalde de Dodro, Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Basicamente esto é unha obra que o vai explicar o portavoz do partido socialista que é o responsable un pouco de por que temos esta proposta para levar o pleno. Portavoz."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *“Trátase de ratificar a Resolución da Alcaldía de aprobación dun convenio de colaboración entre os concellos de Padrón e Dodro para a solicitude de subvención a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, co obxecto de xestionar conxuntamente o proxecto “Pavimentación camiño feira dos porcos a EDAR Padrón; proxecto que xa fora presentado na anualidade anterior pero que non foi considerado pola Dirección Xeral de Administración Local por carecer dun informe sectorial por parte do concello de Padrón. O proxecto ten un orzamento de 87.341,38 euros (IVE incluído), logo da actualización de prezos, que pretende executarse mediante a fórmula de xestión compartida e sendo o orzamento solicitado de 50.000 euros, designando ao alcalde de Padrón, como representante único que actuará como coordinador e interlocutor e que será quen reciba e xustifique a subvención. A porcentaxe e o importe de participación de cada concello Padrón, o 75% no orzamento, 65.506,04 euros do total, e Dodro, o 25%, é dicir 21.835,34 euros; e dado que a subvención pode chegar ao 80% dos investimentos os concellos asumirán o restante, Padrón 28.006,04 € e Dodro 9.335,34 €. E, finalmente, o Convenio quedará automaticamente sen vigor no suposto de que non se perciba a axuda económica”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moitas gracias. Un turno por portavoces. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro”*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Nada que dicir.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Partido Popular.”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Nos estamos de acordo. Nos igual hubésemos incluído outra obra pero todo o que se faga no concello está ben.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Unidade veciñal.”*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Nada que dicir, haber se a segunda vai a vencida.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Bloque Nacionalista Galego.”*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Si, nos tamen coincidimos un pouco co resto de compañeiros e compañeiras do pleno, eu creo que ese é o camiño a seguir por que boa falta facía eso, tiña que ser antes e desgraciadamente debido ó Concello de Padrón do anterior mandato non se puido facer. Entón chegamos un ano tarde, pero bueno, Benvida sexa.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Confiamos en que desta volta, efectivamente sexa e que salga adiante esta obra. Vamos a proceder a votación”.*

Procédese á votación

Votacións:

Votos a favor: 7

1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 3

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

6. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 69/2024 DO 16/02/2024 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ROIS, CATOIRA E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS: SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO, OA ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL (EXPEDIENTE 2024/A006/000004)

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“EXPEDIENTE: 2024/A006/000004 (relacionado co expediente 2024/A008/000017)

ASUNTO: RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 69/2024 DO 16/02/2024 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ROIS, CATOIRA E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS: “SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO”, OA ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL

TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver a Resolución da Alcaldía Núm. 69/2024 de data 16/02/2024 pola que se

resolveu, entre outros, aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre os Concellos de Rois, Catoira e Dodro para a xestión compartida do “SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO”.

Considerando o punto quinto da mencionada resolución: “**Quinto.-** Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación”

Propoño ao pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 69/2024 de data 16/02/2024, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado aos Concellos de Rois e Catoira

Documento asinado electrónicamente

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

“EXPEDIENTE: 2024/A006/000004

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ROIS, CATOIRA E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS: “SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO” OA ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Considerando que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ditou a Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024 (código de procedemento TR331A) (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro de 2024), que dispón no seu artigo 2.1 que “poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta orden: a) As entidades locais, coa excepción das entidades de ámbito territorial provincial, ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha das anteriores, cuxa titularidade corresponda integramente a ela, sempre que, por si soas ou asociadas entre concellos, teñan unha media de paro rexistrado no ano 2023 superior a 350 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos).” E continúa establecendo no artigo 6 e) “Para o caso de agrupacións de concellos baixo calquera modalidade: convenio de colaboración e memoria explicativa, se é o caso, da prestación conxunta do servizo de orientación laboral con indicación das achegas económicas ou doutra índole dos concellos agrupados, o importe da subvención que se vai aplicar a cada un deles, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, de acordo co exigido no artigo 8.3 in fine da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No convenio suscrito deberá quedar establecido o acordo referido aos desprazamentos da persoa orientadora entre os concellos integrantes da agrupación para a atención dos usuarios, de ser o caso.”

Logo de ver o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ROIS, CATOIRA E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS: “SERVIZO DE

ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO” ao abeiro da de convocatoria de subvencións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral, que se inclúe como ANEXO, e que ten, precisamente, como obxecto a creación dunha agrupación entre os Concellos de Rois, Catoira e Dodro para a solicitude de subvención e xestión compartida do “SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO” co fin de participar na/s convocatoria/s da mencionada subvención.

Logo de ver o informe de secretaría-intervención de data 15/02/2024 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da Alcaldía e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia de ofrecer servizo de orientación laboral no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación, así como que non se pon en risco a sustentabilidade financeira.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación, en atención ao previsto no dito artigo 47.2, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mais tendo en conta a proximidade da finalización do prazo para a solicitude de subvención, en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

RESOLVO:

Primeiro.- *Aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre os Concellos de Rois, Catoira e Dodro para a xestión compartida do “SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO”, que se achega como ANEXO a esta resolución.*

Segundo.- *Solicitar unha subvención ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024 (código de procedemento TR331A) (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro de 2024) para o desenvolvemento do “SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO” cun orzamento que ascende a 28.068,36 euros para o cal se solicita unha subvención de 28.000,00 euros, sendo a cargo do Concello de Dodro achegar a cantidade precisa para sufragar os custes laborais precisos para o mantemento dunha persoa técnica de orientación laboral.*

Terceiro.- *Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 22 de decembro de 2023 para o proxecto denominado “SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS- CATOIRA- DODRO”.*

Cuarto.- *Designar ao alcalde e representante legal do Concello de Dodro, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.*

Quinto.- *Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de*

Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

Sexto.- *Dar traslado da presente resolución aos Concellos de Rois e Catoira.*

Sétimo.- *Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.*

*Dodro, asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe.*

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ROIS, CATOIRA E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS: "SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL ROIS - CATOIRA - DODRO" AO ABEIRO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL

No Concello de Dodro, xx febreiro de 2024

REUNIDOS:

Os alcaldes:

*Ramón Tojo Lens, con DNI ***686***, alcalde do Concello de Rois (CIF P1507500E) que actúa en nome desta entidade.*

*Xoán Xosé Castaño Conde, con DNI ***367***, alcalde do Concello de Catoira (CIF P3601000G) que actúa en nome desta entidade.*

*Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome desta entidade.*

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración cuxos antecedentes son:

EXPOÑEN

1.- Que o actual escenario financeiro e a situación económica para os concellos e en particular para os concellos de Galicia precisa a busca de solucións que permitan prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade, posibilitando a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da convocatoria de subvencións para a contratación de persoal técnico para realización de actividades de orientación laboral, o asociacionismo municipal para solicitar subvencións mediante a xestión de servizos compartidos.

2.- *Que as corporacións locais mencionadas, dentro do seu ámbito pretenden manter o servizo de orientación laboral e xestionalo conxuntamente.*

3.- *Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos nas leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.*

4.- *A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixen un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos veciños.*

5.- *Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade convoca axudas para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral.*

6.- *En relación ao acordo de colaboración, o contido mínimo destes instrumentos de colaboración entre administracións está previsto nos artigos 6 e 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC) (artigos 11, 47 e seguintes da Lei 40/2015), como son os órganos que o celebran, a competencia, o seu financiamento, as actuacións a desenvolver, o prazo de vixencia, causas de extincións, etc.*

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

7.- *Que ao abeiro do anterior e cara a facilitar unha posible e real xestión de servizos municipais que acaden unha economía de escala e posibiliten o posterior mantemento das actividades de orientación laboral, os concellos asinantes formalizan o presente convenio para a execución da actuación "Servizo de orientación laboral Rois-Catoira-Dodro"*

8.- *Que co fin de poñer en marcha a actuación prevista, os concellos deben cumprir todos os requisitos recollidos na Orde de convocatoria correspondente.*

9.- *A achega económica así como os outros medios necesarios para levar a efecto a actuación por cada un dos concellos asinantes, así como a posterior xestión resultan antieconómicas e moi gravosas, tanto para os intereses dos municipios afectados, como para a propia Consellería, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios se asocian para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar infraestruturas e servizos comúns.*

10.- *Por outra banda, os concellos asinantes carecen de medios financeiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en*

aras dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan proceder ao desenvolvemento da actuación conxunta seguinte “Servizo de orientación laboral Rois-Catoira-Dodro” polo que tódalas partes asinantes deste documento estiman conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a Orde que, para cada anualidade, teña por obxecto a convocatoria de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral.

11.- Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir o Servizo de Orientación Laboral ao abeiro do anterior e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan a xestión compartida do “Servizo de orientación laboral Rois-Catoira-Dodro” no presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Ao amparo do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nas Ordes que establezan as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral, e co obxecto de presentar unha solicitude de subvención conxuntamente para o seu financiamento con cargo á correspondente orde, os Concellos de Rois, Catoira e Dodro acordan solicitar a subvención para contratación de persoal técnico para a realización conxunta de actividades de orientación laboral, polo importe máximo que figure en cada convocatoria e que terá por obxecto o mantemento de persoal técnico para a realización conxunta de actividades de orientación laboral nos Concellos de Rois, Catoira e Dodro, acordando os concellos asinantes do presente convenio designar como representante e para os efectos de presentación da solicitude, tramitación do pertinente expediente de contratación da prestación descrita, xustificación do proxecto e demais obrigas impostas polas normas reguladoras ao Concello de Dodro. Con tal fin, os municipios asociados efectuarán a favor do representante os pertinentes acordos de delegación para a as actuacións obxecto deste convenio.

Segunda.- Obxecto.- O presente acordo ten por obxecto establecer o réxime de organización e funcionamento da prestación asociada do servizo de orientación laboral por parte dos concellos de Rois, Catoira e Dodro.

Terceira.- Obxectivos principais da actuación.- A prestación asociada do servizo de actividades de orientación laboral basease nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos:

1. Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente y equilibrada.
2. Proceder a unha distribución efectiva dos recursos dispoñibles para dar resposta as necesidades da poboación mediante unha adecuada planificación previa.
3. Minorar custos individuais en favor dos colectivos.

Cuarta.- Ámbito de aplicación.- O ámbito territorial da prestación asociada dos servizo orientación laboral é a totalidade dos termos municipais de Rois, Catoira e Dodro.

Quinta.- Sede do servizo.- A sede do servizo para a realización de actividades de orientación laboral estará no Concello de Dodro. Casa do Concello de Dodro, lugar Tallós número 32.

A orientadora laboral desprazarase ao Concello de Catoira una día a semana, os venres, para realizar as actividades de orientación laboral. A dirección do local onde se realizarán as actividades de orientación laboral é o seguinte: Casa do Concello de Catoira, rúa do Concello nº 1, 1º andar, despacho nº 6. Para levar a cabo a actividade o Concello de Catoira pon a disposición os seguintes recursos:

- Local con despacho ou despachos axeitados para a atención individual aos demandantes de emprego.
- Conexión a rede corporativa da Xunta de Galicia vía internet.
- Ordenador persoal con protocolo TCP/IP.
- Acceso a internet e ao correo electrónico, aplicar medidas de seguranza de nivel medio no tratamento de información de carácter persoal e contar con software antivirus.

Sexta.- Coordinación do servizo.- A coordinación do servizo asociado de realización de actividades de orientación, corresponde á comisión que, no seu caso, sexa creada ao efecto no presente convenio da que poderán formar parte dous membros da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Sen prexuízo das competencias de cada Alcalde, a comisión terá as seguintes funcións de deseño dun programa de actuación conxunto, coordinación, información, resolución de conflitos, propostas dos concellos asociados etc.

Sétima.- Dirección do servizo.- A dirección política administrativa do servizo de actividades de orientación laboral corresponderá aos alcaldes de Dodro, Catoira e Rois que asumirán conxuntamente a xefatura do mesmo, de conformidade coas directrices da comisión de seguimento.

Oitava.- Xestión administrativa do servizo.- A xestión administrativa será desenvolvida polo Concello de Dodro, sendo a mesma todo o relacionado co persoal, contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria etc. sen que iso supoña menoscabo das competencias de cada alcalde.

Facúltase ao alcalde do Concello de Dodro, Francisco Xabier Castro Tourís, para que represente á agrupación de concellos tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Poderase realizar un regulamento de réxime interno de funcionamento.

Novena.- Obrigas normativas.- Os concellos deberán modificar ou aprobar no seu caso, as ordenanzas e regulamentos que poidan afectar ao funcionamento do servizo previa aprobación pola comisión de seguimento.

Décima.- Orzamento e achegas municipais ao servizo

O orzamento para a execución do “Servizo de orientación laboral Rois-Catoira-Dodro” ascende, para o ano 2024, á cantidade de 28.068,36 €, cantidade que se incrementará, no seu caso, si se aumenta a contía máxima da subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral, ou ben si se toma algún acordo conxunto no que así se estableza.

A subvención solicitada á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pode chegar ao 100% dos investimentos subvencionables, ata o máximo que se estableza en cada convocatoria. Os gastos que non sexan subvencionables pola Orde da convocatoria serán asumidos polo Concello de Dodro e serán os precisos para cubrir os custes laborais para o mantemento dunha persoa técnica de orientación laboral.

O Concello de Dodro adscribe ao servizo os seguintes medios materiais:

- Local con despacho ou despachos axeitados para a atención individual aos demandantes de emprego.*
- Conta de correo electrónico que actúe como caixa de correo do servizo.*
- Conexión a rede corporativa da Xunta de Galicia vía internet.*
- Ordenador persoal con protocolo TCP/IP.*
- Acceso a internet e ao correo electrónico, aplicación de medidas de seguranza de nivel medio no tratamento de información de carácter persoal e dispoñibilidade de software antivirus.*

Décimo primeira.- Financiamento do servizo.- *O servizo será financiado pola subvención regulada na Orde que en cada anualidade se aprobe para a realización de actividades de orientación laboral, e pola achega necesaria para cubrir os custes laborais para o período subvencionable do mantemento dunha persoa técnica de orientación laboral, que será asumida polo Concello de Dodro.*

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.- *Para o desenvolvemento do presente acordo poderase constituír unha comisión de seguimento para a verificación do cumprimento das obrigas que adoptará as medidas oportunas, e da que formarán parte os alcaldes e dúas persoas designadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.*

Décimo terceira.- Compromisos asumidos pola Agrupación de Concellos.- *Non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións Galicia.*

Décimo cuarta.- Vixencia.- *O presente Convenio terá vixencia dende a sinatura do mesmo e polo período de 4 anos.*

Décimo quinta.- Resolución.- *Será motivo de rescisión do presente convenio calquera das seguintes causas:*

- a) Por finalizar o período de duración establecido no convenio ou calquera das súas prórrogas.*
- b) O mutuo acordo entre as tres partes.*
- c) A non concesión das axudas para o mantemento do servizo.*

Décimo sexta.- Natureza administrativa.- O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do sector público xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

Décimo sétima.- Xurisdición competente.- As partes comprométense a resolver calquera desacordo que poida xurdir ao executar o presente convenio. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio.

Así o outorgan subscribindo o presente convenio na data da sinatura dixital.

O alcalde de Rois Ramón Tojo Lens

O alcalde de Catoira Xoán Xosé Castaño Conde

O alcalde de Dodro Francisco Xabier Castro Tourís”

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: “Agora trátase de ratificar a Resolución da Alcaldía de aprobación dun convenio de colaboración entre os concellos de Rois, Catoira e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro da convocatoria de subvencións da Consellería de Promoción do emprego e Igualdade para a contratación de persoal técnico para a realización de actividade de orientación laboral. Convenio asinado entre os tres mesmos concellos que o pasado ano, que conta cun orzamento de 28.068,36 euros, para o que se solicita unha subvención de 28.000,00 euros, designando como representante legal ao alcalde de Dodro, con poder suficientes para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e o que xustifique a axuda. E dicir tamén que o Convenio quedará extinguido pola finalización do período de duración, por mutuo acordo ou a non concesión da axuda.”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Portavoz da agrupación política Xente de Dodro”

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: “Nada que dicir”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Portavoz do Partido Popular”

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: “Nada que dicir”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Portavoz de Unidade veciñal.”

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: “Bueno, nada é un servizo dende fai anos creo e ultimamente incorporouse Catoira, pero bueno, nada que dicir. Evidentemente hai que pedir as axudas e seguir para diante”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Portavoz do Bloque Nacionalista Galego.”

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Tamén vamos a apoiar a proposta, pero bueno sería envexable e desexable sobretudo que houbera menos subvencións e máis actividade e non teríamos que dependendo tanto das subvencións como ten digo varias veces o BNG.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Esta subvención solicítase para apoiar un servizo que xa estabamos facendo e se inclúe ó Concello de Catoira por que precisamente unha das condicións era ter un nivel de persoas que non estiveran en condicións digamos de encontrar emprego, entón a idea de añadir o Concello de Catoira que xa é o segundo ano que se fai, é un pouco por eso. En todo caso para añadir unha explicación.*

Procédese á votación

Votacións:

Votos a favor: 7

1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 3

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

7. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“EXPEDIENTE: 2023/G013/000001

ASUNTO: ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE DODRO

TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Os artigos 13 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e os artigos 38 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, regulan, entre outros, o dereito das persoas para relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas así como o funcionamento electrónico do sector público.

A Deputación provincial da Coruña remitiu a este concello borrador de Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Dodro a efectos da súa aprobación e a fin do cumprimento do recollido nos artigos anteditos.

Seguindo o disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, publicouse na web municipal o borrador da Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Dodro, coa fin de poñela á disposición da cidadanía para consulta pública durante o prazo de 20 días co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas.

Transcorrido o prazo de consulta pública, non foi presentada achega ou suxestión ao borrador de Ordenanza reguladora de Administración Electrónica do Concello de Dodro.

Con data 07 de marzo de 2024 dítase providencia da Alcaldía para emisión de informe de Secretaría-intervención sobre o procedemento a seguir para a aprobación da Ordenanza reguladora de Administración Electrónica do Concello de Dodro.

Emitido dito informe e examinado o texto da citada ordenanza, PROPOÑO AO PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora de Administración Electrónica do Concello de Dodro, que se achega como Anexo.

SEGUNDO. Someter a Ordenanza reguladora de Administración Electrónica do Concello de Dodro a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, polo prazo de 30 días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións que consideren oportunas.

O expediente poderá examinarse tamén as oficinas municipais en horario de atención ao público e durante o período de información pública.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente, publicándose o texto íntegro da mesma no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente

*O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís*

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE DODRO

ÍNDICE

ÍNDICE.....	1
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	3
TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	3
Artigo 1. Obxecto.	
Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.	
Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo.	
Artigo 4. Principios xerais.	
Artigo 5. Principios organizativos da administración electrónica.	
Artigo 6. Principios de difusión da información administrativa electrónica.	
Artigo 7. Principios de acceso electrónico da cidadanía ao procedemento administrativo.	
Artigo 8. Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica.	
Artigo 9. Dereitos da cidadanía.	
Artigo 10. Deberes da cidadanía.	
TÍTULO II. O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO.....	9
Capítulo I. A tramitación dos procedementos administrativos electrónicos.	9
Artigo 11. Da innovación e a simplificación no ámbito procedimental.	
Artigo 12. Da innovación, apertura e participación no ámbito regulamentario.	
Artigo 13. Da tramitación simplificada.	
Capítulo II. A notificación dos procedementos administrativos electrónicos.....	10
Artigo 14. Órgano competente para a notificación.	
Artigo 15. Prazo para a notificación.	
Artigo 16. Protección de datos e outros límites aplicables á notificación.	
Artigo 17. Dirección de correo electrónico de aviso para a notificación.	
Artigo 18. Práctica electrónica da notificación	
Artigo 19. Práctica da notificación en soporte papel.	
Artigo 20. Publicación de anuncios de notificación infrutuosa.	
Capítulo III. O arquivo electrónico.....	11
Artigo 21. Arquivo electrónico de documentos.	
Artigo 22. Suxeición á normativa reguladora da xestión dos arquivos.	
Artigo 23. Acceso aos arquivos electrónicos.	
TÍTULO III. A SEDE ELECTRÓNICA.....	12
Artigo 24. Sede electrónica.	
Artigo 25. Características das sedes electrónicas.	
Artigo 26. Contido e servizos da sede electrónica	

TÍTULO IV. IDENTIFICACIÓN E FIRMA ELECTRÓNICA.....	14
Capítulo I. Identificación e firma electrónica dos interesados.....	14
Artigo 27. Identificación das persoas interesadas.	
Artigo 28. Firma electrónica.	
Capítulo II. Identificación e firma electrónica do Concello.....	15
Artigo 29. Actuación administrativa automatizada.	
Artigo 30. identificación e firma electrónica de persoal electo ou empregado do Concello.	
TÍTULO V. A DIFUSIÓN E ACCESO DA INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA A TRAVÉS DE MEDIOS ELECTRÓNICOS.....	16
Capítulo I. A publicidade activa.....	16
Artigo 31. A publicidade activa.	
Capítulo II. O acceso á información pública.....	16
Artigo 32. O acceso á información pública.	
Capítulo III. O Taboleiro de Anuncios Electrónico.....	16
Artigo 33. Obxecto.	
Artigo 34. Protección de datos.	
Artigo 35. Funcionamento do Taboleiro de Anuncios do Concello.	
Artigo 36. Taboleiro Edictal Único.	
TÍTULO VI. O REXISTRO ELECTRÓNICO.....	18
Artigo 37. Creación do Rexistro electrónico xeral.	
Artigo 38. Funcionamento do Rexistro electrónico xeral.	
Artigo 39. Cómputo de prazos nos rexistros.	
Artigo 40. Documentos achegados polos interesados ao procedemento administrativo.	
TÍTULO VII. NORMAS SOBRE ORGANIZACIÓN.....	20
Artigo 41. Órganos competentes.	
Artigo 42. Habilitación competencial.	
DISPOSICIÓN ADICIONAIS.....	20
Segunda. Incorporación e publicidade de novos procedementos e trámites.	
DISPOSICIÓN FINAIS.....	21
Segunda. Entrada en vigor.	

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O impacto das novas leis de procedemento e réxime xurídico na Administración, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, obriga a adaptar ás mesmas as Ordenanzas e Regulamentos locais en materia de Administración electrónica.

Son numerosos os cambios que se produciron durante as últimas décadas na regulación do procedemento administrativo coa introdución paulatina da Administración electrónica.

Desde o punto de vista do cidadán, recoñécense unha serie de “dereitos das persoas”, o máis importante dos cales é o da libre elección da canle a través do cal se relacionan coa Administración, canle que obrigatoriamente deberá ser o electrónico para o caso de persoas xurídicas e determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa é outro dos principios inspiradores da reforma legal, plásmase en numerosos preceptos como a posibilidade de presentar unha declaración responsable onde anteriormente se necesitaba unha solicitude, ou o dereito a non presentar ningún documento que se orixine en calquera Administración pública.

Desde o punto de vista da Administración, ante todo debe implantar os mecanismos para facer efectivos aqueles dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o Rexistro é electrónico e único; o expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tramitados e asinados electronicamente; o arquivo, filtrado polo Esquema Nacional de Seguridade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren.

Desde o punto de vista da tramitación destes expedientes, a clave é a firma electrónica, debendo dispor dun certificado de firma todos os empregados públicos que teñan algunha responsabilidade na tramitación do procedemento, ben para asinar, stricto sensu, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa firma electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente.

En definitiva, a necesidade de adaptación ás novas leis de procedemento e réxime xurídico, así como de protección de datos e transparencia, xustifican a necesidade da aprobación da presente ordenanza.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

1. A presente Ordenanza ten como obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa do Concello de Dodro e cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación das Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector

Público.

2. Para ese efecto, esta Ordenanza regula as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre o Concello e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

3. Así mesmo, esta Ordenanza establece os principios reguladores da incorporación dos trámites e dos procedementos administrativos municipais á tramitación por vía electrónica.

4. A presente Ordenanza dítase ao amparo da potestade regulamentaria e da autoorganización municipal recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e en virtude do artigo 70.bis 3 da citada norma.

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.

1. Esta Ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que, de aquí en diante, serán denominadas conxuntamente como Concello:

a) Os órganos administrativos integrantes do Concello de Dodro.

b) Os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste.

c) As sociedades mercantís e outras entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes daquel, cando exerzan potestades administrativas e naqueles contidos desta Ordenanza que especificamente se refiran a as mesmas.

2. Así mesmo, aplicarase aos adxudicatarios de contratos de xestión de servizos públicos municipais, cando así o dispoñan os pregos de licitación ou outros documentos contractuais, nas súas relacións co Concello e cos usuarios e a cidadanía, no marco da prestación de servizos públicos correspondentes.

3. Esta Ordenanza será igualmente aplicable á cidadanía, entendendo por tal a quen teñan capacidade de obrar ante as Administracións públicas, cando utilicen medios electrónicos nas súas relacións co Concello e co resto de entidades referidas ao apartado uno.

Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo.

1. Esta Ordenanza aplicarase ás actuacións en que participe o Concello e, concretamente ás seguintes:

a) As relacións coa cidadanía que teñan carácter xurídico administrativo.

b) A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder do Concello.

c) A realización dos trámites e procedementos administrativos, de conformidade co que prevé esta Ordenanza.

d) O tratamento da información obtida polo Concello no exercicio das súas potestades.

2. Os principios xerais contidos nesta Ordenanza son aplicables, así mesmo, ás comunicacións da cidadanía non sometidas ás normas do procedemento administrativo, e de maneira especial a comunicación de avisos e de incidencias, a presentación de reclamacións e queixas, a formulación de suxestións, a realización de preguntas aos órganos locais e as peticións e outras formas de participación, mentres non sexan obxecto dunha regulación específica.

3. O Concello garantirá o acceso da cidadanía aos servizos electrónicos a través dun sistema de varias canles que conte, polo menos, cos seguintes medios:

- a) Oficinas de atención presencial que se determinen, as cales poñerán á disposición da cidadanía de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos na presente Ordenanza, debendo contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se sitúen ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.
- b) Puntos de Acceso Xeral Electrónico aos distintos órganos do Concello e os seus entes vinculados ou dependentes, dispoñibles para a cidadanía a través de redes de comunicación.
- c) Servizos de atención telefónica que, na medida en que os criterios de seguridade e as posibilidades técnicas permítano, faciliten á cidadanía o acceso ás informacións e servizos electrónicos aos que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 4. Principios xerais.

- 1. O Concello, e os seus entes dependentes, deberán respectar na súa organización, a súa actuación e as súas relacións co resto de entidades do sector público e coa cidadanía, os principios enumerados no Artigo 3 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 2. Así mesmo, a fin de reforzar, desenvolver e pormenorizar a nivel local a implantación do procedemento administrativo electrónico, deberán actuar conforme os principios que se enumeran nos artigos seguintes.

Artigo 5. Principios organizativos da administración electrónica.

a. Principio de servizo á cidadanía.

Que obriga a impulsar o acceso electrónico á información, os trámites e os procedementos administrativos, para posibilitar a consecución máis eficaz dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía.

b. Principio de simplificación administrativa.

Cuxo obxectivo é alcanzar unha simplificación e integración dos procesos, procedementos e trámites administrativos, e de mellorar o servizo á cidadanía, aproveitando a eficiencia que comporta a utilización de técnicas de administración electrónica, en particular eliminando todos os trámites ou as actuacións que se consideren non relevantes e redeseñando os procesos e os procedementos administrativos, de acordo con a normativa aplicable, utilizando ao máximo as posibilidades derivadas das tecnoloxías da información e a comunicación.

c. Principio de impulso de medios electrónicos.

Que obriga a impulsar decididamente o uso efectivo dos medios electrónicos no conxunto das súas actividades e, en especial, nas relacións coa cidadanía.

d. Principio de neutralidade tecnolóxica.

Que garante a realización das actuacións reguladas nesta Ordenanza, con independencia dos instrumentos tecnolóxicos utilizados, de maneira que sexan a mesma evolución tecnolóxica e a adopción das tecnoloxías dentro da sociedade as que determinen a utilización dos medios tecnolóxicos que, en cada momento, sexan máis convenientes, evitando especialmente concertacións co sector privado que se afasten do interese xeral. E de forma particular, a promoción do uso de software de código aberto na administración electrónica.

e. Principio de interoperabilidade.

Que garante a adopción dos estándares de interoperabilidade e velarán, respectando criterios de seguridade, adecuación técnica e economía de medios, para que os sistemas de información utilizados sexan compatibles e recoñézanse cos da cidadanía e os doutras Administracións.

f. Principio de confidencialidade, seguridade e protección de datos.

Que garante a protección da confidencialidade e seguridade dos datos da cidadanía, de conformidade cos termos definidos na normativa sobre protección de datos e nas outras normas relativas á protección da confidencialidade dos datos. Serán obxecto de especial protección os datos persoais dos cidadáns e as cidadás contidos na información que usen en común os diferentes órganos e departamentos do Concello.

g. Principio de transparencia.

Que obriga a facilitar a máxima difusión, publicidade e transparencia da información que conste nos seus arquivos e das actuacións administrativas, de conformidade coa lexislación sobre transparencia do sector público e o resto do ordenamento xurídico, así como cos principios establecidos na presente Ordenanza.

h. Principios de eficacia, eficiencia e economía.

Estes principios presidirán a implantación dos medios electrónicos que, en particular, realizárase segundo os seguintes criterios:

- O impacto e a utilización por parte da cidadanía dos servizos municipais afectados.
- Os colectivos de poboación aos que se dirixe.
- As melloras alcanzábeis para a prestación do servizo.
- A integración dos sistemas de relación coa cidadanía, co resto da organización municipal e cos seus sistemas de información.
- O nivel de esforzo técnico, organizativo e económico requirido.
- A madurez e dispoñibilidade das tecnoloxías.

i. Principio de cooperación.

Cuxo obxectivo é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión, establecendo convenios, acordos e contratos cos colexios profesionais, asociacións e outras entidades, para facilitar a relación dos seus asociados e clientes coa Administración.

j. Principio de participación.

Que obriga a promover o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos de participación, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de queixas, reclamacións e suxestións, así como o debate público e a expresión de ideas e opinións, a través de diferentes tipos de instrumentos propios dos medios electrónicos, respectando en calquera caso os principios de boa fe e de utilización responsable.

Artigo 6. Principios de difusión da información administrativa electrónica.

a. Principio de accesibilidade e usabilidade.

Que garante:

- O uso de sistemas sinxelos que permitan obter información de interese cidadán, de maneira rápida, segura e comprensible.
- A comprensión dos actos e documentos administrativos utilizando, na medida do posible, unha linguaxe fácil e culturalmente accesible de modo que estes documentos queden intelectualmente ao alcance da maioría de persoas.
- A posta á disposición dos cidadáns e as cidadás con discapacidades ou con dificultades especiais dos medios necesarios para que poidan acceder á información administrativa a través de medios electrónicos, seguindo os criterios e estándares xeralmente recoñecidos.

b. Principio de exactitude da información que publique o Concello.

Que garante, no acceso á información de forma electrónica, a obtención de documentos co contido idéntico, veraz, exacto e fiel ao equivalente en soporte papel ou no soporte en que se emitiu o documento orixinal. A dispoñibilidade da

información en forma electrónica non debe impedir ou dificultar a atención personalizada nas oficinas públicas ou por outros medios tradicionais.

c. Principio de actualización.

Que garante a actualización da información administrativa que sexa accesible por canles electrónicas.

d. Principio de garantía de protección de datos de carácter persoal.

Que obriga a aproveitar a tecnoloxía dispoñible en cada momento para garantir os dereitos inherentes á protección dos datos persoais, garantindo as medidas de seguridade que impidan calquera trazabilidade persoal non amparada pola finalidade ou o consentimento.

e. Principio de consulta aberta dos recursos de información de acceso universal e aberto.

Que garante:

- O acceso á información administrativa que, de conformidade coa lexislación vixente, sexa de acceso xeral, sen esixir ningún tipo de identificación previa.

- A gratuidade da información que, de acordo coa lexislación vixente, sexa considerada información pública e xeral, sen prexuízo do previsto nas ordenanzas fiscais.

Artigo 7. Principios de acceso electrónico da cidadanía ao procedemento administrativo.

a. Principio de legalidade.

Que asegura o mantemento da integridade das garantías xurídicas da cidadanía establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

b. Principio de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos.

Que impide que o uso dos medios electrónicos comporte discriminación ou prexuízo para quen os use nas súas relacións co Concello.

c. Principio de trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos.

Que obriga a levar a cabo as accións necesarias para establecer sistemas e procedementos adecuados e comprensibles de trazabilidade, que permitan á cidadanía coñecer en todo momento, e a través de medios electrónicos, as informacións relativas ao estado da tramitación e o historial dos procedementos e documentos administrativos.

d. Principio de intermodalidad de medios.

Conforme ao cal e nos termos previstos nesta Ordenanza e as súas normas de desenvolvemento, un procedemento iniciado por un medio poderá continuarse por outro diferente, a condición de que se asegure a integridade e seguridade xurídica do conxunto do procedemento.

e. Principio de proporcionalidade.

Que garante:

- Que só se esixirán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e circunstancias dos diferentes trámites e actuacións.

- Que unicamente se requirirán á cidadanía os datos que sexan estritamente necesarios en consideración á finalidade para a que se soliciten.

Artigo 8. Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica.

a. Principio de cooperación e de colaboración interadministrativas.

Cuxo obxectivo é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión dos recursos públicos, promovendo a firma de convenios e acordos co resto das Administracións

públicas a fin de desenvolver as previsións incluídas nesta Ordenanza, en particular, e entre outros os que teñan por obxecto a fixación de estándares técnicos e o establecemento de mecanismos para intercambiar e compartir información, datos, procesos e aplicacións, sempre de maneira interoperable.

b. Principios de acceso e dispoñibilidade limitada.

Que implica o deber de facilitar o acceso das restantes Administracións públicas aos datos dos interesados dos que dispoña o Concello e que estean en soporte electrónico, especificando as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos datos mencionados coas máximas garantías de seguridade e integridade.

A dispoñibilidade dos datos mencionados no apartado anterior limitárase estritamente aos que as Administracións públicas requiran, no exercicio das súas funcións, para a tramitación e a resolución dos procedementos que sexan da súa competencia.

Artigo 9. Dereitos da cidadanía.

No marco desta Ordenanza, recoñécese á cidadanía os dereitos enunciados no artigo 13 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais dereitos recoñecidos noutras normas e, en especial, os seguintes:

a. Dereito a relacionarse co Concello a través de medios electrónicos.

b. Dereito a esixir do Concello que se dirixa a través destes medios e obter documentos a través de formatos electrónicos.

c. Dereito a gozar de contidos electrónicos de calidade, accesibles, transparentes e comprensibles.

d. Dereito a acceder á información administrativa, rexistros e arquivos a través de medios electrónicos.

e. Dereito a participar nos procesos de toma de decisións e na mellora da xestión municipal a través de medios electrónicos e de recibir resposta ás peticións e consultas formuladas.

f. Dereito a dispor de formación e soporte na utilización da administración electrónica.

g. Dereito a acceder e utilizar a administración electrónica con independencia das ferramentas tecnolóxicas utilizadas.

h. Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais e no resto dos dereitos que lle concede a normativa de protección de datos, en especial o dereito que a información persoal entregada non poida ser destinada a ningunha outra finalidade.

i. Dereito á privacidade e seguridade das súas comunicacións co Concello e das comunicacións que poida facer o Concello no que consten os seus datos.

j. Dereito á conservación en formato electrónico por parte do Concello dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente.

Artigo 10. Deberes da cidadanía.

1. No marco da utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa e nas súas relacións co Concello, e para garantir o bo funcionamento e xestión da información, comunicacións, procesos e aplicacións da administración electrónica, a actuación da cidadanía estará presidida polos deberes establecidos na lexislación básica estatal e lexislación autonómica aplicable e, en especial, polos seguintes:

a. Deber de utilizar os servizos e procedementos da administración electrónica de boa fe e evitando o abuso.

- b. Deber de facilitar ao Concello, información veraz, completa e adecuada aos fins para os que sexa requirida.
 - c. Deber de identificarse nas relacións administrativas por medios electrónicos co Concello, cando aquelas así o requiran conforme a normativa vixente.
 - d. Deber de custodiar aqueles elementos identificativos persoais e intransferibles utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos co Concello.
 - e. Deber de respectar o dereito á privacidade, confidencialidade e seguridade e o resto dos dereitos en materia de protección de datos.
2. Ademais, as persoas xurídicas e as outras persoas e entidades referidas no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, terán o deber de relacionarse co Concello por medios electrónicos.

TÍTULO II. O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO

Capítulo I. A tramitación dos procedementos administrativos electrónicos.

Artigo 11. Da innovación e a simplificación no ámbito procedimental.

1. O Concello reducirá as cargas á cidadanía eliminando como necesarios para a iniciación dos seus procedementos administrativos os seguintes documentos salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario:
- a. A copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.
 - b. Calquera certificado ou documento acreditativo do cumprimento duns requisitos que deba ser emitido por o propio Concello.
 - c. Calquera documento que sexa previamente elaborado e/ou emitido por o propio Concello.
 - d. Calquera dato ou documento que non sexa esixido pola normativa reguladora aplicable.
 - e. Os datos ou documentos que sexan achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración pública así como calquera documento que sexa elaborado e/ou emitido por calquera outra Administración pública e cuxa obtención estea dispoñible a través das plataformas de intermediación de datos do sector público (de darse as condicións para as consultas interadministrativas). Neste suposto presúmese a autorización para a consulta salvo que conste a súa oposición expresa á reutilización ou unha lei especial esixa o seu consentimento expreso.
 - f. Calquera documento ou copia do mesmo que achegue unha información necesaria pero que poida ser incorporada como datos ou metadatos á solicitude do interesado. Co mesmo obxectivo de redución de cargas á cidadanía:
 - a. Reducirá a frecuencia nas obrigacións de solicitude e iniciación de procedementos administrativos.
 - b. Dará preferencia ao uso de declaracións responsables e comunicacións previas, así como ás renovacións automáticas de autorizacións e licenzas previamente outorgadas.
 - c. Procurará a mellora continua e innovación para a redución de prazos e tempos de resposta previstos nas normas.
2. O Concello revisará e analizará periodicamente e de acordo co apartado anterior o conxunto de procedementos administrativos que poidan verse afectados ante a aparición de novos servizos nas plataformas de intermediación de datos do sector público que permitan maiores reducións de carga.
3. O Concello analizará a viabilidade e optará pola tramitación simplificada do

procedemento administrativo común alí onde sexa posible.

Artigo 12. Da innovación, apertura e participación no ámbito regulamentario.

1. O Concello dará transparencia activa e publicará no seu Portal de Transparencia baixo a categoría de Normativa a seguinte información:

a. A normativa aplicable incluíndo o conxunto de ordenanzas e regulamentos en vigor no ámbito do Concello.

b. Os proxectos de Regulamentos cuxa iniciativa lles corresponda.

c. Os documentos que, conforme a lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación

d. O Plan Normativo Anual aprobado que conterá as iniciativas regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte dando así unha visibilidade a futuro da seguridade xurídica local.

2. O Concello fomentará a participación da cidadanía na elaboración de regulamentos e ordenanzas, elevando unha consulta pública previa co obxectivo de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas, seguindo o alcance e as directrices do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 13. Da tramitación simplificada.

O concello fomentará o emprego da tramitación simplificada nos procedementos e nas relacións cos cidadáns a través da sede electrónica, e garantirá sempre o exercicio dos dereitos da persoa interesada.

Capítulo II. A notificación dos procedementos administrativos electrónicos.

Artigo 14. Órgano competente para a notificación.

1. O órgano que dite as resolucións e actos administrativos notificaraos aos interesados cuxos dereitos e intereses sexan afectados por aqueles, preferentemente de forma automatizada, mediante o sistema electrónico de posta á disposición.

2. Con todo, as notificacións dos acordos adoptados polos órganos colexiados practícaranse por Secretaría ou polo servizo administrativo responsable da tramitación do expediente, previa certificación dos mesmos pola persoa titular da Secretaría, preferentemente de forma automatizada, empregando o sistema de firma electrónica de que dispoña.

Artigo 15. Prazo para a notificación.

1. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto sexa ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de si pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpoñer, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

2. Os interesados que estean suxeitos, con carácter obrigatorio ou voluntario, ao sistema de notificación electrónica poderán sinalar un máximo de 30 días en cada ano natural durante os cales o Concello non poderá poñer notificacións á súa disposición no citado sistema de notificación electrónica, excepto cando o Concello acredite de forma motivada que iso resulte incompatible coa inmediatez ou celeridade que requira unha actuación administrativa concreta para asegurar a súa eficacia.

3. O atraso na notificación derivado da designación realizada polo interesado

segundo o disposto no apartado anterior considerárase dilación non imputable á Administración, nos termos establecidos na normativa aplicable.

Artigo 16. Protección de datos e outros límites aplicables á notificación.

O Concello deberá adoptar as medidas necesarias para a protección dos datos persoais que consten nas resolucións e actos administrativos, cando estes teñan por destinatarios a máis dun interesado, así como aplicar, no seu caso, outros límites previstos na lexislación de transparencia.

Artigo 17. Dirección de correo electrónico de aviso para a notificación.

1. O interesado ou o seu representante poderá designar unha dirección de correo electrónico, para recibir avisos relativos á práctica de notificacións, con independencia da forma de practicar as mesmas.

2. O interesado ou o seu representante será o único responsable de manter a dita información actualizada.

Artigo 18. Práctica electrónica da notificación.

Para a práctica da notificación electrónica, cumpríranse os seguintes requisitos:

- a) Deberá quedar acreditación da identificación da persoa que accede á notificación.
- b) Deberá informarse de forma claramente identificable de que o acceso do interesado ao contido terá o carácter de notificación para os efectos legais oportunos.
- c) Deberá quedar constancia do acceso do interesado ou do seu representante ao contido da notificación, con indicación da data e a hora en que se produce.

Artigo 19. Práctica da notificación en soporte papel.

1. O Concello deberá proceder á práctica da notificación en soporte papel nos casos previstos na lexislación de procedemento administrativo común, podendo para iso empregar os mecanismos establecidos na lexislación de servizos postais, realizar a entrega empregando para iso a un empregado público ao seu servizo ou por comparecencia do interesado ou do seu representante nas dependencias do Concello ou en calquera outro lugar habilitado para o efecto.

2. Neste caso, deberase proceder á creación automatizada dunha copia auténtica en papel da notificación posta á disposición na sede electrónica, empregando para iso o código seguro de verificación do órgano notificante, ou o xeral do Concello.

3. A notificación mediante servizo postal realizarase conforme establece a normativa vixente en cada momento.

4. Da notificación en papel mediante comparecencia persoal ou entrega por empregado público deberá xerarse unha constancia escrita, inclusive en soporte electrónico, da recepción da notificación por parte do interesado ou do seu representante, que será dixitalizada para a súa incorporación, en forma de copia electrónica auténtica, ao expediente.

5. Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas á disposición do interesado na sede electrónica do Concello, para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

Artigo 20. Publicación de anuncios de notificación infrutuosa.

Cando non sexa posible practicar a notificación nos termos establecidos nos artigos anteriores, a notificación farase mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Capítulo III. O arquivo electrónico.

Artigo 21. Arquivo electrónico de documentos.

1. Todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos, salvo cando iso non sexa posible e así se acredite de forma xustificada. Almacenaranse no seu soporte orixinal os documentos en soporte físico que non sexa posible incorporar ao expediente electrónico mediante copia electrónica auténtica, nos termos legalmente previstos.

2. O Concello deberá dispoñer dun arquivo electrónico único cos documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.

Artigo 22. Suxeición á normativa reguladora da xestión dos arquivos.

1. O establecemento de arquivos electrónicos, e en especial, do arquivo electrónico único de documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados, resultará compatible cos diversos sistemas e redes de arquivos nos termos previstos na lexislación vixente, e respectará a repartición de responsabilidades sobre a custodia ou traspaso correspondente.

2. Así mesmo, o arquivo electrónico único resultará compatible coa continuidade do arquivo histórico, de acordo coa normativa estatal e autonómica correspondente.

3. A eliminación de documentos electrónicos deberá ser autorizada de acordo ao disposto na normativa aplicable.

Artigo 23. Acceso aos arquivos electrónicos.

O acceso da cidadanía aos arquivos electrónicos rexeráse polo establecido na lexislación de transparencia, estatal e autonómica.

TÍTULO III. A SEDE ELECTRÓNICA

Artigo 24. Sede electrónica.

1. A sede electrónica é a dirección electrónica, dispoñible para a cidadanía, cuxa titularidade corresponde a este Concello.

A sede electrónica será única para todos os órganos deste Concello.

2. A sede electrónica está suxeita aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

3. A sede electrónica creouse mediante resolución ou acordo do órgano competente que indica:

a) Ámbito de aplicación da sede, como mínimo o Concello, podendo incluír, así mesmo, aos seus entes, organismos e sociedades dependentes.

b) Identificación da dirección electrónica de referencia da sede.

c) Identificación do seu titular, así como do órgano ou órganos encargados da xestión e administración da sede electrónica e dos servizos postos á disposición dos cidadáns na mesma.

d) Outras circunstancias convenientes que contribúan á correcta identificación da sede e a súa fiabilidade.

4. Poderanse crear sedes compartidas mediante convenio de colaboración con outras Administracións públicas, debéndose publicar neste caso, no Boletín Oficial correspondente en atención ao ámbito territorial dos asinantes. Os convenios de colaboración poderán así mesmo determinar a incorporación a unha sede preexistente.

Artigo 25. Características das sedes electrónicas.

1. Realizaranse a través da sede electrónica todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación do Concello, doutras Administracións públicas ou da cidadanía por medios electrónicos. Así mesmo, poderanse realizar aquelas actuacións, procedementos e servizos que así se decida polo órgano competente por razóns de eficacia e calidade na prestación de servizos, incluíndo aqueles servizos prestados por contratistas e concesionarios, nos termos establecidos nos correspondentes documentos contractuais.
2. Garántese a integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poida accederse a través da mesma.
3. A publicación nas sedes electrónicas de informacións, servizos e transaccións respectará os principios de accesibilidade e uso de acordo coas normas establecidas respecto diso, estándares abertos e, no seu caso, aqueloutros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.
4. A sede electrónica disporá de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan precisas.
5. As sedes electrónicas utilizarán, para identificarse e garantir unha comunicación segura coas mesmas, certificados recoñecidos ou cualificados de autenticación de sitio web ou medio equivalente.
6. Os servizos na sede electrónica estarán operativos as 24 horas do día, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas prevéxase que a sede electrónica ou algúns dos seus servizos poidan non estar operativos deberá anunciarse coa máxima antelación que sexa posible, indicando os medios de consulta alternativos que estean dispoñibles.
7. A sede electrónica do Concello réxese pola data e hora oficiais en España.

Artigo 26. Contido e servizos da sede electrónica.

1. A sede electrónica disporá do seguinte contido mínimo ao dispor das persoas interesadas:
 - a) A identificación da sede electrónica e da súa titularidade e dos responsables da xestión e dos servizos postos á disposición nela.
 - b) A identificación do acto ou disposición de creación e o acceso ao mesmo.
 - c) A información necesaria para a correcta utilización da sede electrónica, incluíndo o seu mapa ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles, así como a relativa a propiedade intelectual, protección de datos persoais e accesibilidade.
 - d) A relación de sistemas de identificación e firma electrónica que sexan admitidos ou utilizados na mesma.
 - e) A normativa reguladora do Rexistro ao que se acceda a través da sede electrónica.
 - f) Información acerca de calquera incidencia técnica que aconteza e imposibilite o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación necesario para o exercicio dun dereito así como a ampliación concreta dun prazo non vencido.
 - g) Relación actualizada dos servizos, procedementos e trámites dispoñibles.
2. A sede electrónica disporá, polo menos, dos seguintes servizos ao dispor das persoas interesadas:
 - a) Acceso aos servizos e trámites dispoñibles na sede electrónica con indicación dos prazos máximos de duración e dos efectos que produza o silencio administrativo.
 - b) Sistema de verificación dos certificados da sede accesibles de forma directa.
 - c) Un sistema de verificación dos selos electrónicos dos órganos, organismos públicos ou entidades de dereito público que abarque a sede electrónica.

- d) Un servizo de comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos, organismos públicos ou entidades de dereito público comprendidos no ámbito da sede electrónica, para os cales se xerou un código seguro de verificación.
- e) Unha ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante o órgano competente.
- f) A data e hora oficial, así como o calendario de días inhábiles a efectos do cómputo de prazos.
- g) O acceso aos modelos normalizados de presentación de solicitudes que se estableza.

TÍTULO IV. IDENTIFICACIÓN E FIRMA ELECTRÓNICA

Capítulo I. Identificación e firma electrónica dos interesados.

Artigo 27. Identificación das persoas interesadas

1. O Concello requirirá identificación da persoa interesada para a iniciación e intervención no procedemento administrativo, mediante calquera dos sistemas establecidos na lexislación vixente e os previstos neste artigo.
2. A identificación persoal electrónica poderase acreditar mediante calquera dos sistemas que cumpran as previsións legais en materia de seguridade e identificación electrónica, certificados e selos electrónicos cualificados expedidos por prestadores incluídos nas listas de confianza e validación.
3. Serán sistemas de identificación válidos os aceptados pola Administración xeral do Estado, entre os que se atopa o DNI-e, os establecidos polo propio Concello, mediante resolución administrativa e os proporcionados por plataformas doutras administracións coas que se subscriba o oportuno convenio. En todo caso, os diferentes sistemas aceptados e recoñecidos deberán estar expostos na Sede electrónica co obxecto de dar publicidade e cumprir os preceptos legais sobre seguridade.
4. O Concello servirse dos sistemas de intermediación de identidade ofrecidos polas administracións públicas.
5. Nas actuacións ou trámites dos procedementos realizados de forma presencial ante o Concello, as persoas interesadas deberán acreditar a súa identidade mediante a identificación co documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente, ou no seu caso, acreditar a representación que ostentan.

Artigo 28. Firma electrónica

1. O Concello requirirá a firma electrónica da persoa interesada nos casos establecidos na lexislación vixente e admitirá como medios de firma válidos:
 - a) Os sistemas de firma electrónica e selo electrónico baseados en certificados electrónicos que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.
 - b) Os sistemas de clave concertada, con medidas adicionais de seguridade, proporcionados polo propio Concello, establecidos mediante resolución administrativa.
 - c) Outros sistemas de firma electrónica proporcionados por outras plataformas ou administracións públicas, entre os que se atopa o DNI-e, que cumpran coa lexislación vixente en materia de seguridade e firma electrónica.
 - d) A firma mediante persoa funcionaria habilitada, nos casos previstos legalmente e de acordo con o previsto nesta ordenanza.
 - e) Outros mecanismos de firma electrónica manuscrita ou baseada en datos biométricos, en relacións presenciais e con garantía de confidencialidade, non

reutilización, integridade e inalterabilidade.

2. O Concello informará na súa Sede electrónica dos sistemas aceptados para a firma electrónica.

3. O Concello garantirá ás persoas interesadas que non contén cos medios electrónicos necesarios, os medios para a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo por unha persoa empregada pública no seu lugar, nos termos establecidos na presente ordenanza e na normativa básica de aplicación.

Capítulo II. Identificación e firma electrónica do Concello.

Artigo 29. Actuación administrativa automatizada.

1. O Concello promoverá a actuación administrativa automatizada cando os procedementos e trámites poidan realizarse a través dun programa coa capacidade de integrar os criterios de análise e decisión. Potenciarase o seu uso de modo que se execute o maior número posible de trámites e procedementos de forma desatendida, sen intervención humana directa.

2. Admitiranse como medios de firma para os efectos de actuación administrativa automatizada:

a) Os selos electrónicos baseados en certificados electrónicos cualificados que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.

b) Os sistemas de código seguro de verificación (CSV) que permiten de forma gratuíta a comprobación da integridade e autenticidade de documentos e copias na sede electrónica do Concello.

c) Calquera outro definido polo avance técnico e recoñecido polo Concello dentro do espectro legal.

3. En todo caso deberase dar publicidade na Sede electrónica tanto dos sistemas recoñecidos como medios de firma a efectos de actuación administrativa automatizada como do instrumento de xeración de códigos seguros de verificación.

Artigo 30. Identificación e firma electrónica do persoal electo ou empregado do Concello.

O persoal electo, corporativo e empregado ao servizo do Concello, na consideración da natureza electrónica do procedemento administrativo, empregará no exercicio das súas funcións os métodos de identificación e firma electrónica definidos nesta ordenanza, no regulamento orgánico do Pleno, ou calquera outro definido mediante resolución administrativa. Así mesmo, no exercicio das súas funcións deberán empregar a Sede electrónica para calquera presentación e rexistro de documentos e solicitudes ou calquera outro método ou ferramenta electrónica que o Concello dispoña. Tamén poderán empregar certificados electrónicos de persoas empregadas públicas, no desenvolvemento das funcións do posto.

Poderanse facilitar certificados electrónicos con pseudónimo naqueles casos en que resulten aplicables límites á identificación das persoas asinantes de documentos, derivados da lexislación vixente. O pseudónimo se instrumentará mediante o emprego de número de identificación profesional ou equivalente. Os órganos xudiciais e outros órganos e persoas lexitimadas poderán solicitar que se lles revele a identidade dos asinantes con certificado cualificado con pseudónimo, nos casos previstos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

TÍTULO V. A DIFUSIÓN E ACCESO DA INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA A través de MEDIOS ELECTRÓNICOS

Capítulo I. A publicidade activa.

Artigo 31. A publicidade activa.

1. As obrigacións de publicidade activa do Concello deberán exercerse por vía electrónica, preferentemente a través da súa sede electrónica e o seu Portal de Transparencia que é accesible a través da dirección sede.dodro.gal como canle que garante a integridade, veracidade e actualización da información publicada.
2. En consonancia coa implantación definitiva da administración electrónica, o Concello facilitará a máxima difusión, publicidade e transparencia da información que conste nos seus arquivos e das actuacións administrativas, de conformidade co resto do ordenamento xurídico e coas boas prácticas recoñecidas.
3. O Concello publicará por iniciativa propia aquela información que, en atención as súas peculiares características, potencie a transparencia, permita unha maior rendición de contas, favoreza o exercicio dos dereitos da cidadanía e a participación cidadá, así como aquela que ofrezca maior utilidade para o conxunto da sociedade e para o impulso e desenvolvemento da actividade económica de acordo con a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
4. Procuraráselles, para aquelas persoas con dificultades no acceso ou falta de coñecementos no emprego de medios electrónicos, medios ou formas de difusión alternativos.

Capítulo II. O acceso á información pública.

Artigo 32. O acceso á información pública

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder aos contidos e documentos, calquera que sexa o formato ou soporte, que obren en poder do Concello e entidades suxeitas a esta ordenanza, elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións. O exercicio deste dereito será con carácter xeral favorable, salvo que concorra algún límite ou causa de inadmisión previstos legalmente, sempre baixo resolución motivada e individualizada.
2. O procedemento para a tramitación das solicitudes de acceso á información pública desenvolveranse de acordo co previsto na lexislación de aplicación.
3. O acceso á información efectuarase, preferentemente, a través da sede electrónica do concello, excepto cando non sexa posible ou a persoa solicitante non resulte obrigada a relacionarse por medios electrónicos e sinale expresamente outro medio.
4. As formas e medios de impugnación das resolucións das solicitudes de acceso á información ateranse á lexislación vixente.
5. En todo caso deberá garantirse a protección dos datos persoais presentes na información e documentos aos que se facilita acceso, coa adopción de todas e cantas medidas legais e técnicas sexan precisas a este propósito, tales como a disociación, o acceso parcial ou en caso extremo a denegación de acceso, previa ponderación de intereses.

Capítulo III. O Taboleiro de Anuncios Electrónico.

Artigo 33. Obxecto.

1. No Taboleiro de Anuncios inseriranse os anuncios e os edictos do Concello e dos seus organismos e entidades vinculadas ou dependentes, así como doutras Administracións públicas ou entidades que, en virtude de norma xurídica ou resolución xudicial, deban ser obxecto de publicación no taboleiro de anuncios municipal.

2. O Taboleiro de Anuncios estará integrado na sede electrónica municipal. A publicación a través do mesmo terá a consideración de oficial e auténtica, substituíndo para todos os efectos á publicación no taboleiro de anuncios físico, sen prexuízo da súa permanencia a efectos puramente informativos.

3. Cando a norma do procedemento garde silencio sobre a publicación no taboleiro de anuncios, non será necesaria dita publicación, salvo que por razóns de interese público debidamente motivadas, xustifíquese a mesma.

A Secretaría terá a competencia para ordenar a inserción e remitir os textos para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios.

Artigo 34. Protección de datos.

A publicación de edictos no Taboleiro de Anuncios que conteñan datos de carácter persoal, farase con estrita suxeición ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e as súas disposicións de desenvolvemento, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no resto da normativa que nesta materia resulte de aplicación.

Artigo 35. Funcionamento do Taboleiro de Anuncios do Concello.

1. O Taboleiro de Anuncios será único para o Concello e as súas entidades e organismos vinculados ou dependentes, terá formato dixital e axustarase ás determinacións legais de aplicación.

2. As regras de organización e funcionamento do Taboleiro de Anuncios deberán garantir en todo momento:

a) A inserción dos anuncios e edictos en termos de dispoñibilidade, autenticidade e integridade do seu contido.

b) As condicións de accesibilidade necesarias para a súa consulta polas persoas con diversidade funcional e a súa permanente adaptación á evolución tecnolóxica.

c) A constancia de evidencias electrónicas que permitan a fehacencia da data e hora de publicación e do prazo da exposición no taboleiro.

3. O acceso ao Taboleiro de Anuncios a través da sede electrónica será gratuíta e non esixirá identificación de ningún tipo.

O Taboleiro de Anuncios poderase consultar por Internet e tamén nas Oficinas de Atención ao Cidadán e nos puntos de acceso electrónico do Concello e das súas entidades e organismos vinculados ou dependentes.

4. O Taboleiro de Anuncios estará dispoñible as 24 horas do día, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas prevéxase que poida non estar operativo, deberase informar diso aos usuarios coa máxima antelación posible, indicando cales son os medios alternativos de consulta que estean dispoñibles.

Artigo 36 Taboleiro Edictal Único.

Os anuncios de notificación deste Concello, do mesmo xeito que o resto das Administracións públicas, publícanse no Taboleiro Edictal Único (TEU) do BOE, polo menos cando os interesados no procedemento de que se trate sexan descoñecidos, ignórese o lugar ou o medio da notificación, ou ben tentada esta, non se puido practicar.

TÍTULO VI. O REXISTRO ELECTRÓNICO

Artigo 37. Creación do Rexistro Electrónico Xeral.

1. Regúlase o funcionamento do Rexistro Electrónico Xeral do Concello, plenamente

interoperable tal como se recolle no art. 16 da Lei 39/2015.

2. O órgano ou unidade responsable da xestión do Rexistro Electrónico Xeral é a Secretaría.

3. Os rexistros electrónicos pertencentes a entidades e organismos vinculados ou dependentes do Concello estarán interconectados e serán interoperables co rexistro electrónico xeral da mesma.

4. Tanto o Rexistro Electrónico Xeral do Concello como os rexistros electrónicos de cada unha das entidades e organismos cumprirán coas garantías e medidas de seguridade previstas na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal, debendo cumprir en todo caso o Esquema Nacional de Seguridade.

Artigo 38. Funcionamento do Rexistro Electrónico Xeral.

1. No Rexistro Electrónico Xeral farase o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, organismo público ou entidade vinculado ou dependente do Concello. Tamén se poderá anotar no mesmo, a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos das Administracións públicas, dos seus organismos ou entidades vinculadas ou particulares.

Neste Rexistro poderanse presentar documentos todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

Na sede electrónica que dá acceso a ese Rexistro figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse mediante o citado Rexistro Electrónico Xeral.

2. Os asentos anotaranse respectando a orde temporal de recepción ou saída dos documentos, e indicarán a data do día en que se produzan. Concluído o trámite de rexistro, os documentos serán cursados sen dilación aos seus destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes desde o rexistro en que fosen recibidas.

3. O Rexistro Electrónico Xeral do Concello e os rexistros electrónicos das súas entidades e organismos vinculados ou dependentes garantirán a constancia, como mínimo e en cada asento que se practique, de:

- a) Un número ou identificador unívoco do asento,
- b) A natureza do asento,
- c) A data e hora da súa presentación,
- d) A identificación do interesado,
- e) O órgano administrativo remitente, se procede,
- f) A persoa ou órgano administrativo ao que se envía,
- g) e, no seu caso, referencia ao contido do documento que se rexistra.

Emitirase automaticamente un recibo que permite identificar inequivocamente o rexistro efectuado.

4. Os documentos que os interesados dirixan aos órganos do Concello poderán presentarse:

- a) No rexistro electrónico do Concello ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera Administración pública.
- b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
- e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

5. A presentación e o tratamento da documentación no Rexistro efectuarase nos termos establecidos no art. 31 do RD 203/2021 de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Artigo 39. Cómputo de prazos nos rexistros.

1. O Concello publicará na súa sede electrónica de acceso ao rexistro electrónico, o calendario de días inhábiles que será o único calendario que se aplicará a efectos do cómputo de prazos nos rexistros electrónicos. Así mesmo, publicaranse os días e o horario no que permanecerán abertas as oficinas de asistencia en materia de rexistros garantindo así o dereito dos interesados a ser asistidos no uso dos medios electrónicos.

2. O rexistro electrónico do Concello e as súas entidades e organismos dependentes ou vinculados rexerá a efectos de cómputo dos prazos, pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar de modo accesible e visible.

3. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte, salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.

4. Cando unha incidencia técnica imprevista ou unha actuación planificada necesaria de mantemento técnico imposibilite o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda ao rexistro electrónico, o Concello e os seus organismos dependentes ou vinculados poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida ou aviso previo de non dispoñibilidade planificada, como a ampliación concreta do prazo non vencido.

Artigo 40. Documentos achegados polos interesados ao procedemento administrativo.

1. Os interesados deberán achegar ao procedemento administrativo os datos e documentos esixidos, tanto no seu inicio como na súa tramitación, así como calquera outro documento que estimen conveniente. Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

2. A sede electrónica do Concello conterá, para cada un dos procedementos administrativos, a relación simplificada e actualizada de datos e documentos que os interesados deberán achegar no momento da presentación da súa solicitude no rexistro electrónico.

3. O Concello non esixirá aos interesados a presentación de:

a) Documentos orixinais, salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.

b) Datos ou documentos non esixidos pola normativa reguladora aplicable.

c) Datos ou documentos que sexan achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración nese caso o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

d) Documentos que sexan elaborados por o propio Concello ou por calquera outra Administración (de darse as condicións para as consultas interadministrativas).

4. A administración actuante poderá consultar ou solicitar os documentos que obran en poder doutra Administración salvo que conste no procedemento a oposición expresa do interesado ou a Lei aplicable requira o seu consentimento expreso. Non caberá a oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Excepcionalmente, se o Concello non puidese solicitar os citados documentos, poderá solicitar novamente ao interesado a súa achega.

5. Excepcionalmente, cando o Concello solicitase ao interesado a presentación dun documento orixinal e este estivese en formato papel, o interesado deberá obter unha

copia auténtica con carácter previo a súa presentación electrónica. As copias auténticas poderán obterse mediante os funcionarios habilitados para o efecto nas oficinas de atención cidadá, que actuarán como oficinas de asistencia en materia de rexistros, ou mediante procesos de actuación administrativa automatizada aprobados e postos a disposición polo Concello.

6. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

TÍTULO VII. NORMAS SOBRE ORGANIZACIÓN

Artigo 41. Órganos competentes.

Corresponde ao Pleno a aprobación da presente Ordenanza e as súas modificacións, así como de todos os instrumentos normativos e de planificación estratéxica en materia de administración electrónica, con excepción do previsto no artigo seguinte.

Artigo 42. Habilitación competencial.

A presente Ordenanza habilita á Alcaldía para aprobar cantas disposicións de desenvolvemento sexan precisas para a súa mellor aplicación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Actas audiovisuais.

1. Poderán gravarse as sesións que celebren os órganos colexiados do Concello.

2. Cando se optou pola gravación das sesións celebradas ou pola utilización de documentos en soporte electrónico, deberán conservarse de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano colexiado.

3. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

4. A Acta audiovisual define un documento electrónico e multimedia, composto polo menos polos seguintes elementos:

- Documento audiovisual ou vídeo coa gravación de todo o ocorrido na sesión ou reunión. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores e vincúlase co documento electrónico de forma enlazada a través da pegada electrónica (hash).

- Documento electrónico. Contén os seguintes datos: lugar, data e hora da celebración da sesión; a súa indicación do carácter ordinario ou extraordinario; os asistentes e os membros que se escusaron; así como o contido dos acordos alcanzados, no seu caso, e as opinións sintetizadas máis relevantes dos membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións, con expresión do sentido do voto dos membros presentes (acta sucinta). Inclúir a pegada electrónica do documento audiovisual.

- El documento electrónico incluír a firma electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión que dota de fehaienciae efectos de Dereito ao documento y certifica a autenticidade e integridade do ficheiro que contén a gravación. Esta firma realízase facendo uso do certificado de firma da dita persoa. No caso dos Plenos o documento electrónico asinarao tamén o seu Presidente.

5. No non previsto na presente disposición, será de aplicación ás Actas audiovisuais o réxime xurídico vixente das Actas.

Segunda. Incorporación e publicidade de novos procedementos e trámites.
A información e difusión actualizada dos procedementos e trámites administrativos susceptibles de tramitación e comunicación electrónica producirase a través da sede electrónica sen prexuízo dos medios de publicidade complementarios que resulten preceptivos ou que se estimen convenientes.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. Regulación de novos procedementos e trámites.

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza calquera regulación que se efectúe de novos procedementos e trámites administrativos, ou modificación dos existentes, deberá contemplar a posibilidade da súa tramitación por medios electrónicos axustándose ás condicións e requisitos previstos nela.

Segunda. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Esta ordenanza elaborada pola Deputación Provincial e que é común a todos os concellos da provincia, ten como obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa do Concello de Dodro e cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación das leis de Procedemento administrativo común das Administracións públicas e do Réxime xurídico do sector público. Regula as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre o Concello e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relación coa cidadanía e a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos á tramitación por vía electrónica. Ordenanza da que carecía este concello e que se dita ao abeiro da potestade regulamentaria e da auto organización municipal recoñecida na Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local. Seguindo o disposto na lei, publicouse o borrador desta ordenanza co fin de poñela a disposición da cidadanía para consulta pública durante o prazo de 20 días co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas. Transcorrido o prazo, non foi presentada achega ou suxestión ao borrador. Logo da emisión de informe de Secretaría-intervencións sobre o procedemento a seguir, propónse aprobar inicialmente a ordenanza e sometela a información pública con publicación no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, polo prazo de 30 días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións que consideren. Tamén indicar que no caso de non se presentar reclamacións, considerárase aprobada definitivamente, publicando o seu texto íntegro no taboleiro de anuncios e no BOP."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Nada que dicir”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Partido Popular”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Si, nos temos dúbidas en esta ordenanza porque si ben é certo que na exposición de motivos di que ó veciño ou veciña terá libre elección, para elixir si se relaciona coa administración pública, en este caso co Concello electronicamente ou en papel, eso dio na exposición de motivos pero o que si é certo é que a ordenanza en si no seu artigo 2 di esta ordenanza será igualmente aplicable á cidadanía entendendo por tal a quen teñan capacidade de obrar mediante as administracións públicas, en ningún momento no texto da ordenanza se di que teñan unha libre elección. Nos vivimos nun concello rural con moita xente maior, con moita xente que non ten medios electrónicos ou que non sabe como facelo entón obrigarlle a veciñanza a presentar todo electronicamente sin poder vir a presentar un escrito aquí a ventanilla do concello, parécenos un pouco delicado, como pouco, é un pouco asombroso por parte do equipo de goberno porque vostede sabe perfectamente que hai moitos veciños que non van poder utilizar este medio para relacionarse co concello, como en ningún sitio da ordenanza o di claramente, que o veciño ou a veciña, vai a poder elixilo libremente nos, non imos apoiar a aprobación de esta moción.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moi ben, pois duas cousas.. perdón portavoz de unidade veciñal.”*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Bueno pois a unidade veciñal tamén, ó contrario, por medios electrónicos e por papel se poden presentar. Eu creo que ata os medios electrónicos aquí hasta agora, esperoemos que sexa para solucionar un problema que hai actualmente por que aquí no artigo 9 de esta ordenanza di que os dereitos da cidadanía serán o de acceder a información administrativa. rexistros e arquivos a través de medios electrónicos. Hai que lembrar que a día de hoxe, non temos as actas aprobadas na páxina web, desde xullo de 2023, xusto cando tomou posesión o PSOE, non hai ningunha acta dos plenos na páxina web e tampouco da xunta de goberno local tampouco temos ningunha acta aprobada desde outubro de 2023. Esperemos que esto valga para polo menos que a cidadanía poida acceder libremente a este tipo de documentos, sobre todo as actas por que non están colgadas na páxina web, nin as actas nin as videoactas tampouco están colgadas na páxina web, esperemos que con este sistema se poidan ver e as poidamos ver todos. Imos a votar que si.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Bloque Nacionalista Galego.”*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Nos entendiamos basicamente que esto afectaba tamén as empresas, pero en ningún momento vimos que esto estea en contra de que a cidadanía poida utilizar o papel e que se poida dirixir ás oficinas. Desde logo nos estamos de acordo que o concello avance en todo o que ten a ver coa administración electrónica como o están a facer en outros concellos con unha ordenanza que practicamente é unha ordenanza tipo, que o que mira é para adiante, non nacia atrás. Entendemos que facilitará trámites. Pero as administracións, neste caso a municipal, ten que tender a unha dixitalización acaída para todas as persoas. Desde o BNG de Dodro vemos a necesidade de facilitar*

esta nova alfabetización dixital a todo o municipio para evitar discriminacións, erros e conseguir a igualdade tamén neste eido das novas tecnoloxías. Polo tanto nos vamos a apoiar esta ordenanza."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Dúas cousas. Á portavoz do Partido Popular dicirlle, lerlle o artigo 2.3 por que me parece que, ou as comas están mal postas ou... Esta ordenanza será igualmente aplicable á cidadanía entendendo por tal a quen teñan capacidade de obrar ante as administracións públicas cando utilicen medios electrónicos na súa relación co concello. Soamente afecta esta ordenanza ós cidadáns cando teñan medios electrónicos. Os cidadáns pódense seguir relacionando co concello do xeito tradicional, no que eles precisen, por boca, por papel, como queiran. Esta ordenanza é soamente para as relacións que teñan os veciños ou veciñas do Concello de Dodro cando utilicen medios electrónicos. Aparte dío o artigo 2 apartado 3. léao con máis detrimento ou encargue un informe xurídico, si o problema é ese, repítollo debe lelo máis detenimento, por que o di bastante claro. Solo afecta cando utilicen medios electrónicos nas súas relacións co concello. Entón os que non utilicen medios electrónicos, esta ordenanza non lles é de aplicación. Entón a xente vai poder vivir tranquila, a xente vai poder dirixirse ó concello como consideren. Entón dígollo, mais que nada, para se ve que tal, que o considere.*

Portavoz de Unidade Veciñal, o tema das videoactas, facía vostede mención ás actas que nos poñemos a disposición e intentamos poñer, gravar e incluso retransmitir en directo. Non teñen a condición de videoacta, si que despois da aprobación de esta, si que se entende que intentaremos gravar as actas, facer actas audiovisuais de todas as reunións que se celebran, dos órganos colexiados, pero será dentro do marco de esta ordenanza, cando se poida economicamente coa instalación tamén de unha nova paxina web, por que desde logo, a transparencia e que os veciños estean enterados e ó tanto de todo é unha das prioridades deste goberno. E dito isto pois nada pasamos a votación se lles parece da aprobación ou non desta ordenanza".

Procédese á votación

Votacións:

Votos a favor: 5

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 2

0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE

0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

8. ELECCIÓN DE XUÍZ/XUÍZA DE PAZ TITULAR.

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“EXPEDIENTE: 2023/X999/000109

ASUNTO: ELECCIÓN XUÍZ/XUÍZA DE PAZ TITULAR.

TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

O 04/10/2023 e número de Rexistro de Entrada 2161 remítese a este concello oficio polo que se da conta do acordado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en reunión de data 28/09/2023, e na que acordou oficiar a este concello a fin de que inicie novo expediente para elixir Xuíz/a de Paz Titular.

O 19 de outubro de 2023, previa providencia da Alcaldía, emítese informe de Secretaría-intervención.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de outubro de 2023 adoptáronse os acordos de aprobar as Bases e proceder á convocatoria para elección de xuíz/xuíza de paz mediante publicación das bases no BOP, no Taboleiro de anuncios do Concello e por medio dun Bando da Alcaldía.

No Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 208 do 31 de outubro de 2023 publicouse o citado anuncio concedendo un período de 15 días hábiles contados desde o seguinte á publicación do anuncio no BOP a fin de que os/as interesados/ as puideran presentar as súas instancias.

O referido anuncio publicouse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e foi difundido un bando da Alcaldía coa mesma información.

Logo de ver que durante o período outorgado foron presentadas as instancias seguintes:

- ANDREA LÓPEZ BATALLA: R.E. núm. 2498 do 08/11/2023 quen non cumpre disposto no artigo 17 do Regulamento número 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz, en relación ao deber de residencia na poboación onde teña sede o Xulgado de Paz.
- JACOBO TANOIRA JANEIRO: R.E. núm. 2526 do 09/11/2023, quen cumpre os requisitos requiridos.

- **MARÍA JOSEFA FIGUEIRA ABUÍN:** R.E. núm. 2546 do 13/11/2023, quen cumpre os requisitos requiridos.

Considerando que os/as xuíces/xuízas de paz e os/as seus/súas substitutos/as serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, consultados cos voceiros dos diferentes grupos políticos municipais, PROPOÑO AO PLENO da Corporación a adopción por maioría absoluta dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Nomear a don/dona MARÍA JOSEFA FIGUEIRA ABUÍN, como Xuíza de Paz titular.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados e remitilo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " Hai unha proposta do alcalde que vai a ler o portavoz do Partido Socialista de Galicia".

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: "Unha vez iniciado un novo expediente para elixir Xuíz/a de Paz, logo do acordo adoptado por TSXG e a aprobación das Bases pola Xunta de Goberno Local deste concello para proceder á convocatoria para a súa elección e publicadas no BOP, no taboleiro de anuncio e a difusión da mesma mediante bandos polo termo municipal. Presentáronse tres instancias durante o período de exposición, unha persoa solicitante ao cargo non cumpría o deber de residencia e das outras dúas, sen dubidar da valía de ningún dos candidatos, óptase pola experiencia no cargo desde hai varios anos por nomear, ou propoñer, a dona María Josefa Figueira Abuín, como Xuíza de Paz titular".

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "Nada que dicir".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " Portavoz do Partido Popular".

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: " Bueno, segundo o último Consello de Ministros , do día 12, parece ser que os Xulgados de van a desaparecer en 6 meses e estaremos aquí outra vez, pois segundo sin, con unha oficina xudicial, aínda así, creo que os que temos que tomar a decisión o equipo de goberno quen ten que elixir xuíz de paz, quen lle traballa mellor, verían os currículos a experiencia e demais, e nós non somos s que para decir que unha persoa aou a outra".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " Bueno, portavoz de Unidade Veciñal".

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: " si, nós estamos a favor da proposta, xa estivo aquí facendo o traballo nos anos anteriores e

non hai motivo para o cambio”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “ *portavoz do Bloque Nacionalista Galego*”.

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: “ *Si, nós tamén estamos de acordo coa proposta, no sentido de que acaban de explicar aquí o portavoz do Partido Socialista*”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “*Vamos entón a proceder á votación*”

Procédese á votación

Votacións:

Votos a favor: 5

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 5

0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

9. RENUNCIA, SE PROCEDE, DO INVESTIMENTO PENDENTE DE EXECUCIÓN: AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CANCELA ABREA, INCLUÍDO NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2022 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“EXPEDIENTE: 2022/A008/000038

ASUNTO: POS ADICIONAL 2/2022 OBRA: AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CANCEL A ABREA

TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A RENUNCIA DO INVESTIMENTO PENDENTE DE EXECUCIÓN: AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CANCEL A ABREA, INCLUÍDO NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2022 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/05/2022, acordou a aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincial número 102, do 31/05/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23/06/2022.

O investimento do Concello de Dodro denominado "Ampliación do Saneamento en Cancela Abrea", cun orzamento de 30.198,37 €, incluído na 2ª e derradeira fase do POS+ADICIONAL 2/2022 por acordo do pleno do Concello de Dodro do 04/10/2022, corrixido pola Resolución da Alcaldía núm. 555/2022 do 02/11/2022, foi aprobado polo Pleno da Deputación da Coruña na sesión ordinaria realizada o 25/11/2022, en relación coa Resolución de Presidencia número 53608 do 26/12/2022, onde quedou condicionado a súa aprobación definitiva ao cumprimento das condicións suspensivas que se indican: autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a autorización Consellería do Medio Rural.

Logo de ver a Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 22/02/2023 (Expediente nº: IF204A/AC/2022/120), notificada o 22/02/2023 ao Concello de Dodro (núm. RE 202300000000427), de autorización na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-305, na que constan condicionantes.

Logo de ver o informe técnico, emitido o 15/11/2023 por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos e técnico redactor do proxecto, que literalmente se transcribe:

"PROXECTO: AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CANCEL A ABREA (PBL: 30.198,37 €)
ASUNTO: INFORME SOBRE A AUTORIZACIÓN DE OBRAS EMITIDA POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.

CONCELLO: DODRO

TÉCNICO: PABLO BLANCO FERREIRO, Enxeñeiro de Camiños, C. e P.

O técnico que subscribe, a petición do Concello de Dodro que solicita un informe en relación ó cumprimento dos condicionantes recollidos na autorización emitida pola Axencia Galega de Infraestruturas en relación ó proxecto de referencia

INFORMA QUE

En data setembro de 2022, redáctase o proxecto Ampliación do saneamento en Cancela Abrea, con cargo ó Plan Único de Concellos POS+2022, ó tempo que se presenta a correspondente solicitude de autorización de obras ante Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), debido a que as obras proxectadas presentan afección á estrada de titularidade autonómica AC-305: Padrón (AG-11) - Ribeira (AC-550).

En data febreiro de 2023, a Axencia Galega de Infraestruturas emite a correspondente autorización de obras, con nº expediente IF204A/AC/2022/1205, subordinada ó cumprimento de condicionantes particulares, non contemplados en proxecto.

As execución das obras necesarias para o cumprimento dos condicionantes requiridos por este Organismo ten un custo aproximado adicional de 17.139,38 € (PBL), o que implica un incremento do 56,76% sobre o importe do proxecto primitivo.

E para que conste ós efectos oportunos, asino o presente informe en Dodro a doce de setembro de 2023.

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

Asdo.: Pablo Blanco Ferreiro"

Considerando, en consecuencia, que a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas implica a redacción dun proxecto modificado cun incremento no orzamento por importe aproximado de 17.139,38 €, o cal tería que asumir o Concello de Dodro.

Considerando que a Base 8 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022, relativa á EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS, indica:

"(...)Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dársele audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento".

Considerando a non existencia de crédito no orzamento municipal para asumir o custo que implicaría a modificación do proxecto incluíndo as actuacións obrigatorias esixidas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, orixinando polo tanto a imposibilidade da contratación do investimento.

Considerando que as citadas Bases recollen a posibilidade de que as economías que se produzan como consecuencia da anulación dos investimentos poidan reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior, PROPOÑO ao Pleno o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Renunciar ao investimento pendente de execución: "AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CANCELA ABREA", incluído na 2ª fase do POS ADICIONAL 2/2022 por maior achega provincial, polos motivos arriba expostos.

Segundo.- Dar traslado á Deputación da Coruña para os efectos de que a mesma poida reinvestir no concello de Dodro, a través do plan de obras e servizos

correspondente, as economías que se produzan como consecuencia da anulación do presente investimento.

Documento asinado electronicamente

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto vaino a explicar o concelleiro de obras".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"O Pleno da Deputación Provincial da Coruña acordou a aprobación da modificación das bases reguladoras do "POS+ Adicional 2/2022", que tras ser sometidas a exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario o 23/06/2022. Tralo acordo de aprobación da modificación das bases reguladoras, o investimento proposto polo Concello de Dodro denominado "Ampliación do Saneamento en Cancela Abrea", cun orzamento de 30.198,37 € foi aprobado pola Pleno da Deputación, onde quedou condicionado a súa aprobación definitiva ao cumprimento das condicións suspensivas de autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e á autorización da Consellería do Medio Rural; a Resolución da AXI DO 22/02/2023 de autorización na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-305, constan uns condicionantes: A execución das obras necesarias para o cumprimento dos condicionantes requiridos por este Organismo ten un custo aproximado adicional de 17.139,38 € (PBL), o que implica un incremento do 56,76% sobre o importe do proxecto primitivo. E considerando que a autorización implica a redacción dun proxecto modificado cun incremento considerable, o cal tería que asumir o Concello de Dodro, tendo en conta as bases reguladoras que establecen "... Se o proxecto modificado experimenta un incremento dos seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello ...", a non existencia de crédito no orzamento municipal para asumir o custo das actuacións obrigatorias esixidas pola AXI, orixinando polo tanto a imposibilidade da contratación do investimento. Considerando que as bases recollen a posibilidade de que as economías que se produzan como consecuencia da anulación dos investimentos poidan reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior, proponse renunciar ao investimento pendente de execución "Ampliación do Saneamento en Cancela Abrea", incluído na 2ª fase do POS Adicional 2/2022 por maior achega provincial, polos motivos indicados, así como darlle traslado á Deputación para os efectos que poida reinvestir no concello de Dodro, a través do POS, as economías que se produzan como consecuencia da anulación deste investimento".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do partido Xente de Dodro".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, dicir que é unha obra do ano 2022 e estamos no ano 2024,, Xa fai mais de un ano que a AXI informou en contra, esto é o fiel reflexo da xestión deste goberno".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do Partido Popular".*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Bueno, pois efectivamente, esto é unha obra do 2022 e aquí , o portavoz do PSOE, leu pero eu*

vouna a explicar.

Unha obra do 2022, onde o Concello redacta un proxecto e van a facer unha obra e non se acordan de pedir os permisos a AXI, cando mandan o permiso á AXI, A AXI, contesta que non están contempladas as condicións particulares no proxecto. Osea, fixeron mal o proxecto. Ao facelo mal, a obra sube 17.139 euros, non porque a AXI diga que sube estes cartos, se non porque o Concello, fixo mal as cousas, e claro, pois o Concello non ten crédito suficiente, osea o Concello non ten 17.139 euros para acometer esta obra, entón va a renunciar a ela e xa a pediremos o ano que ven, bueno un despropósito”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “ Moitas gracias, portavoz de Unidade Veciñal”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: “ Si, bueno, eu quería facer unha pregunta . Que pasa si agora mesmo non se aproba esta proposta da Alcaldía, si unha maioría do Pleno vota en contra desta proposta , de renunciar á obra? Porque vostedes trouxeron aquí a proposta sen negociar, polo menos ca Unidade veciñal de Dodro, como se tiveran maioría absoluta ou pensando que todos temos o mesmo criterio que o PSOE, ou que non nos vai a quedar mais remedio que facer o que vostedes queiran, claro. Non poden vostedes des cargar a responsabilidade do mal goberno, nos partidos da oposición. Se se perden os cartos do Plan de obras e servizos, non vai ser culpa dos grupos da oposición, vai ser culpa súa, por non saber , ou non quere negociar con nós. Esta renuncia , como xa se dixo antes , vai ter unha devolución de 30.000 euros , mais o sobre custo de 17.000, que si se fixeran ben as cousas aquí, claro. Tamén vostede di que a mesma pode reinvestir no concello de Dodro coa Deputación a través do Plan de obras, pero bueno, eso é un querer, non sabemos seguro se vai a Deputación, eso non está en ningún lado escrito, que a Deputación vaia a investir esto o ano que ven , non sei vostedes en que se basean para... bueno, llo diría alguén por aí na Deputación , si, non vos preocupedes que xa para o ano vos damos mais, pero bueno. Eso é un propósito para que non é unha certeza.

E lembrarlle que tamén no mes de febreiro volvemos a probar ese mesmo saneamento , e ampliado nun importe de 78.000 euros, para eso xa está a achega económica da Deputación que se solicitou. A Unidade Veciñal, polo antes exposto, non imos votar en contra desta obra que é necesaria, se non, en contra da renuncia polo procedemento , que esperamos, non sexa o habitual neste grupo de goberno.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Moitas gracias. Portavoz do BNG ”.

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: “ Si, a ver, pero claro, a renuncia dun saneamento para cancela Abrea a verdade é que é unha cousa un pouco forte. Por moito que nos intentemos agora, sumar esforzos para ter ese saneamento, vai a chegarlle tarde aos veciños que están afectados pola falta deste saneamento e polo tanto, polo que acabamos de escoitar aquí, pola falta de previsión ante unha obra que única e exclusivamente faltaban 17.0000 euros que había que buscar. Eu creo que é un erro garrafal do grupo de goberno, non buscar unha financiación para que o saneamento que é in servizo público e un servizo obrigatorio, que debe de cumprir o concello de Dodro para os veciños, dun xeito primordial que non se destine realmente ese tipo de esforzo e eses cartos para levalo adiante , é unha pena que haxa que presentar ante este Pleno a renuncia”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois moi ben, moitas gracias. Vou facer uso dunha explicación, porque parece que aquí, dependendo de quen, non nos entendemos moito, ou igual nós, non nos explicamos ben. Esta é unha obra que non ten nada, ten algo que ver coa obra que se trouxo aquí, no POS, esta é unha obra que estaba ben solicitada e moi ben feito o informe, por certo, e con todas as autorizacións sectoriais, solo que a autorización da AXI que se pediu cando había que pedila, non nos olvidamos de pedila, xa llo recordo, pediuse no momento xusto, veu cun condicionante. A AXI, tiña dúas opcións, que eran, autorizar a obra tal e como se había redactado por parte do concello de Dodro, ou esixir a elaboración de unha acera ou dun emprego de formigón que lle viña ben á AXI para que un trozo de carretera quedase mellor. Nós habíamos proposto, en función de un proxecto elaborado por un enxeñeiro de camiños, unha solución para levar o alcantarillado dentro das medidas económicas ou responsabilidades económicas que ten o nos concello que foi aprobado, por certo, e que xa foi aprobado por algún dos partidos que estaban no goberno, exactamente o mesmo proxecto, e que veu polo AXI, informado positivamente con uns condicionantes. Os condicionantes eran que a obra que nos propoñíamos, había que facer unha obra a maiores nos desen a autorización, non ten nada que ver que a obra estivese mal feita, ni o proxecto se nos houbese olvidado nin moito menos, simplemente a AXI, onde agora mesmo non hai acera e donde agora mesmo non hai formigón, decide, que aproveitando que nos dean a autorización que o concello se gaste alí 17.000 euros, en lugar de gastalos a AXI, que é a propietaria da carretera, condiciona ao concello de Dodro a :Te doy, dígo en castellano para que se entenda, te doy la licencia si haces, douche a licencia para que fagas esta acera e invirtas aquí 17.000 euros. Esto foi o que pasou e pasou ademais, efectivamente, cando algún dos membros que agora están na oposición, estaban tamén no goberno. Esto quedou claro por un lado.*

Segundo: o que di o concelleiro da Unidade Veciñal, está nas bases do POS, que si non se fai agora, que pode quedar para despois, precisamente, esta obra sería a continuación de unha obra que foi a que se aprobou no POS anterior, que quedou deserta porque un contratista renunciou a ela en plena pandemia, e outro contratista, que era seguinte, non a executou. Polo tanto, o concello tomou as medidas oportunas con este segundo contratista, como foron, incluso sancionalo ca imposibilidade de contratar nada mais co concello de Dodro. Facer esta obra sen a outra, non ten sentido, pois se algún se molestase en ler o proxecto desta obra, incluso os que estaban no goberno, verían que esta obra, non ten sentido sin a realización da obra anterior, entonces, estabamos nun problema gordo, por iso se renuncia, co compromiso de que a Deputación vai volver a dotar estes cartos para o concello de Dodro e vamos a volver a pedila, co anexo da AXI, basicamente é, o concello vai a poñer a diferenza de diñeiro, o concello, vai a volver a pedir a obra esta que ten tanta necesidade e que tanto nos gusta a todos, e que tanto é necesaria, como moi ben di o concelleiro do BNG. O concello está facendo o proxecto de acordo as condicións que impuxo a AXI, volvo a dicir, non son condicións que se nos olvidasen, que nin principio non eran necesarias e non a impuxo en outras obras que tivemos no concello, e esta obra sola, sen a execución da primeira obra que trouxemos aquí o outro día que inclúe o bombeo, unha conducción, non ten sentido, entoces bueno, parece razoable que renunciemos a esta agora mesmo para volver a solicitala, sempre e cando, evidentemente o Pleno, non sei si por unha maioría con raciocinio ou con algúns entendementos de xente razoable, aprobe a renuncia, eu realmente alá cada un coa súa historia, non hai... Si queredes doouvos un turno mais. Portavoz do partido socialista de Galicia, se queres facer unha mais”.

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *“Eso contéplase nas bases e logo tamén, que formaban parte do equipo de goberno cando se solicitou esto”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“ Portavoz da agrupación política Xente de Dodro”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro *“ Retirar é un eufemismo, e que non é a primeira vez e que é continuo, e que non ten recursos, si que os ten, o que pasa é “,*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“É a primeira vez, non é continuo, é a primeira vez”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro *“ Non interrompa”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“ Son o presidente da sala”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro *“Este é un reflexo de case cinco anos, que non ten fondos?, non, fondos tenos, o que pasa é que vostede quere adicalos a outra cousa, non diga vostede que non ten 17.000 euros, non, seguramente teña un remanente, como xa demostrou, para comprar certo inmovible, que está, agora mesmo parado, iba de moi de urxente preo non está. Pero aparte, sempre ten o recurso da comunidade de montes , que o aporte, non hai problema, que hai unha máquina continuamente, plim, plim, non hai problema”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís *“ Moitas gracias pola súa intervención tan simpática” Portavoz do Partido Popular”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular *“Si, nós reiterámonos no mesmo, si o concello non ten 17.000 euros para facer unha obra, ou para intentar facer unha obra que costa, pois iríase a 48.000 euros, mal vamos. Vou a dicir o mesmo, pensamos o mesmo, é mala xestión do alcalde, véndeo moi ben, fala moi ben, pero é unha mala xestión do equipo de goberno”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís *“Agradézolle o que me di de que falo moi ben e que vendo moi ben. É que é a realidade, non se trata de 17.000 euros, se trata de un proxecto que houbo que modificar por unhas condicións dun axente externo a este concello e a Deputación, un proxecto que se podía facer inicialmente, que se aprobou neste concello dun xeito, claro e conciso e sen ningún problema, e que esto pasa moitas veces en outros concellos, pero bueno, polo que se ve a falta de experiencia tamén é un detalle. Portavoz de Unidade Veciñal, por favor”*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“ Si, eu o que non me gusta é que diga que todas as propostas que traen vostedes aquí, son as razoables, é dicir, o que se vote a favor do goberno son razoables, todo o non se vote a favor do goberno, non é razoable, non o vexo normal, e quería que nos explicara a todos, que pasa se hoxe non se aproba esta renuncia? Si non se aprba a renuncia, imaxino que a obra haberá que facela”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís *“Que pasaría señora secretaria si non*

se aprobara a renuncia, a verdade é que non o sei, pois nada

[interveñen varios concelleiros/as á vez]

Secretaria: *Hai que modificar o proxecto, efectivamente, modificar o proxecto, envialo á Deputación para que de o seu visto bo e conseguir o crédito, ben sexa coa aprobación dos novos presupostos, si se aproban, ou unha modificación presupostaría que terá que vir ao Pleno e terán que aprobar, ou buscar a solución presupuestaria que corresponda.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís *“Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que faltaba por facer unha segunda intervención”.*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego:
“Escusado”.
“Moi ben, Agora vamos a proceder votacións”.

Secretaria: *“Tamén haberá que ter en conta os prazos da Deputación”.*

Procédese á votación

Votacións:

Votos a favor: 3

0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 7

1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

C) MOCIÓN:

C.1) MOCIÓN ORDINARIAS

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE DODRO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE DODRO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO

M^a Soledad Boga Grela, como voceira do Grupo Municipal Popular de Dodro conforme ao previsto no regulamento orgánico municipal e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración de 2024 das Nacións Unidas con motivo do Día Internacional da Muller ten como lema Investir nas mulleres, acelerar o progreso, centrándose en cinco áreas que requiren unha acción conxunta: acabar coa pobreza e coa desigualdade, poñer en marcha un financiamento transformador para a igualdade de xénero, pasar a un desenvolvemento sostible e a unha sociedade dos coidados e apoiar os feminismos e movementos que impulsan o cambio.

Levamos anos avanzando grazas ao traballo de milleiros de mulleres, asociacións e colectivos que conseguiron facer do feminismo un movemento sólido e acadar novos dereitos. Nos últimos tempos, estanse a vivir momentos de profundas transformacións sociais, económicas e culturais arredor de todo o mundo. Crises humanitarias, inxustizas e violencia que poñen en risco os dereitos conseguidos ata o de agora.

Este ano, o 8M quere conmemorar todos os avances conseguidos ata a actualidade, pero tamén promover a consciencia das desigualdades sociais que seguen existindo. Por isto, este día quere reivindicar a necesidade imperante de investir e de mobilizar recursos para garantir os dereitos das nenas e mulleres, de loitar contra a violencia de xénero e de crear sociedades inclusivas.

O Grupo Municipal Popular de Dodro quere sumarse ás reivindicacións e celebración do día internacional da muller para poñer de manifesto a importancia do investimento para acadar a igualdade real e efectiva nun eido vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e do noso Concello.

Un día coma este, cómpre lembrar e poñer en valor os pasos dados nos últimos tempos para alcanzar unha sociedade máis xusta e equitativa, como a aprobación da Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, que promove as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e garantindo os dereitos das mulleres nos eidos rural e marítimo pesqueiro.

Este último ano, Galicia deu un importante paso na regularización coa aprobación da Lei 07/2023, Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes na Comunidade Autónoma, aprobada o 30 de novembro. Unha medida que consagra o marco da Lei Orgánica

03/2007 para eliminar a discriminación das mulleres e atribuíndo o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre mulleres e homes no eido das competencias da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Popular de Dodro insta a acordar por parte do Pleno municipal:

- a) Que o Concello, no marco das súas competencias estude a viabilidade de:*
- 1. Fomentar os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico local.*
 - 2. Incrementar a colaboración coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promocionar a igualdade en todos os eidos.*
- b) Dirixirse á Xunta de Galicia para:*
- 1. Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.*
 - 2. Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.*
 - 3. Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuízos e estereotipos de xénero.*
 - 4. Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.*
 - 5. Fomentar a igualdade como base fundamental na elaboración e execución das políticas administrativas (convenios, plans de acción, protocolos etc.)*
- c) Dirixirse ao Goberno do Estado para:*
- 1. Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.*
 - 2. Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, así como que a repartición sexa igualitaria e en base a uns criterios xustos e equitativos.*

Dodro, 27 de febreiro de 2024

M^a Soledad Boga Grela "

Teñen lugar as seguintes intervencións:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moción do grupo municipal popular do Concello de Dodro co motivo do día Internacional da muller. Podes, por favor, lela".*

Procede a continuación a voceira do Partido Popular á lectura da moción

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Simplemente dicir que estamos de acordo co que solicita do Concello, da Xunta de Galicia e do Estado. Todo o que sexa a favor de sumarse as reivindicacións, e a celebración do día internacional da muller, para poñer de manifesto a importancia e o investimento para*

acadar a realidade efectiva, adiante”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“ Portavoz da agrupación Xente de Dodro”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“ Nada que dicir”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de...bueno agora si acaso, doulle un turno a Unidade Veciñal”.*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“ Nada, desde Unidade Veciñal, tamén pensamos que esta moción tiña que traela o grupo do goberno, como declaración institucional e consensuada por todos os partidos políticos, como se fai en case todos os ayuntamentos. Na Unidade Veciñal de Dodro, botamos tamén en falta, que xunto a achega da invitación do Concello de Padrón, para a asistir aos seus actos, non se non mandara a invitación para asistir aos de Dodro. En canto á moción, imos votar a favor”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do BNG”.*

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: *“Si, parece unha moción do Bloque é case tal cual, estamos todos de acordo, no que nos estamos de acordo, é que, están moi ben as declaracións e todo o corpo, todo no que é os acordos, está perfecto e ten que ser, facerse efectivo é con cartos. Esto faise tamén con cartos, sen cartos, como acabamos de ver antes , sen cartos non podemos chegar a fomentar desde calquera eido, desde a escola, desde as administracións públicas, polo tanto, como xa digo, que parece feita polo Bloque Nacionalista Galego, esta moción, non cabe duda que tamén vamos a apoiar e non veñan mais estas mocións aquí”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois moitas gracias, un turno mais ou non, portavoz”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“ Gracias a todos os grupos políticos, a moción é do Partido Popular , en resumen, trátase de unhas medidas destinadas ás mulleres en todos os ámbitos da igualdade, da violencia de xénero e do colectivo LGTBI, co cal, agradecemos de antemán , a votación a favor desta moción”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“ Agora , si me desculpan, vou a facer un receso porque estoume dando conta de que necesito dous folios que están arriba no despacho, e apúntase un receso de tres minutos, por favor”.*

Procédese a votación

Votacións:

Votos a favor: 10

1 BNG

2 PP

3 PSdeG-PSOE

1 Unidade Veciñal de Dodro

3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

Efectúase un receso, retomando a sesión ás 20:55.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDADE VECIÑAL DE DODRO SOBRE SOLICITUDE DE NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 8 de febreiro, a proposta do grupo de goberno do PSOE de Dodro propúxose a aprobación definitiva da modificación nº 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Dodro. Esta modificación foi rexeitada por maioría do pleno entre eles a Unidade Veciñal de Dodro por diversas causas xa defendidas naquel pleno.

Ante todo o anterior e para mellorar as condicións laborais, sobre de todo, das categorías inferiores propoñemos o seguinte

ACORDO:

- Instar ao alcalde a iniciar unha modificación da Relación de Postos de Traballo vixente na actualidade na que se contemplen as alegacións e reclamacións, na que se acorde con consenso e que se faga con total transparencia e sobre todo coa

participación activa dos traballadores.

- Instar ao alcalde a explorar outras opcións, como a universidade por exemplo, para a realización desta modificación."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" esculpade pola demora, bueno incorpórome no punto que é o punto 11, Moción de grupo municipal Unidade Veciñal de Dodro, solicitude de nova relación de postos de traballo, por favor, portavoz do grupo de Unidade Veciñal lea a moción".*

Procede a continuación o voceiro de Unidade Veciñal á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Moi ben, portavoz de Partido Socialista, por favor".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Sobre esta moción, dicir que a proposta da aprobación definitiva da modificación da RPT do Concello de Dodro, veu como consecuencia da aprobación inicial polos grupos políticos desta corporación VD, BNG e PSdeG-PSOE, modificación rexeitada polo Pleno, non sen certo grado de sorpresa. Logo da aprobación inicial polo grupo, entre outros, do grupo municipal da UVD, o que quer dicir que está de acordo ca aprobada do 2019, polo Partido Popular.*

Din aquí, que queren mellorar as condicións laborais , sobre todo, das categorías inferiores, cando en realidade, o problema estaba noutros grupos ou categorías, como quedou demostrado.

Teñen a RPT que querían e onde están reflectidas as desigualdades, sirvan como exemplos a categoría de auxiliar administrativo, onde hai unhas diferencias duns 200€ mensuais entre eles, todo como consecuencia da animadversión, do daquela alcalde, cara a unha persoa que lles fala, que non teñen por que pagar outras persoas os actos deste tipo. Funcionarios do grupo I e II, cobran menos ca outros do grupo III, pero isto xa llo explicará o alcalde a continuación, con esa actitude, a súa, perpetúanse as desigualdades gracias a vostedes, queren volver a someter a consideración a votación?, que se contemplan as alegacións?, que será? 'Transparencia tívoa toda, a diferenza da vixente, onde non veu ningún sindicato a negocia-la, en canto a explorar opcións como a Universidade, vai a resultar máis económica ou gratuíta? Gracias"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz da agrupación política Xente de Dodro".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" En relación con esta proposta, nos consideramos que realmente agora mesmo, non procede esto. As alegacións tiñan o seu fundamento nunhas propostas que resultaban desproporcionadas cara outros grupos. E a verdade, non entendemos que se pretenda iniciar unha modificación da Relación de Postos de Traballo, cando non se pagaron os atrasos dunha relación de postos de traballo aprobada. Creo que si hai que respectar os dereitos dos traballadores, o normal , tanto en administración, como na empresa privada é pagar os atrasos, cousa que aquí non se fixo. Por que? Bueno, pois vostedes saberán pero creo que cando menos, si de respectar os dereitos dos traballadores falamos, o primeiro que hai que empezar, é por pagar os atrasos. Realmente, creo que houbo varias reunións entre os empregados, creo que tratan de chegar a unhas eleccións para os empregados laborales, son eles os que deciden, e*

creo que unha vez está zanzada esta cuestión, creo que non procede”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Partido Popular”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“ Efectivamente, hai pouco veu unha modificación da RPT por parte do goberno e que non saeu adiante, e que foi votada en contra por todos os grupos da oposición , o lóxico sería facer, escoitar aos grupos políticos e facer unha modificación da relación dos postos de traballo. Fala o o señor Alfonsín dos atrasos, pero mire señor Alfonsín, vostede mirou si era legal pagar esos atrasos?, porque claro aquí falar é gratis, pero claro, axente ao mellor, non sabe se eso é legal ou non é legal, aínda que o diga vostede.*

Nos pensamos que se debe iniciar unha nova modificación e se debe de seguir adiante con esto, independentemente de que o persoal laboral vaia a facer unha representación agora e intente negociar e demais, por moito que negocie, a RPT, si non ven ao Pleno, non vai a saír adiante, nos imos a apoiar a proposta de Unidade Veciñal que é bastante lóxica”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*“Portavoz do Bloque Nacionalista Galego”.*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *“ Nós, desde o BNG, parécenos que a proposta da RPT, ou a Relación de postos de traballo do Concello de Dodro, debe de ser axeitada realmente a realidade actual. Tense que tratar todas as dimensións de traballo que realiza todo o persoal municipal. Ao igual que no punto anterior que falabamos dunha ordenanza nova para o tema dixital, eu creo que temos que avanzar e realizar outra proposta, xa que a última xustamente saíu adiante, creo que non podemos quedarnos, no Concello de Dodro, con relacións de postos de traballo que xa non so acaidas para o tempo, entón haberá que poñerse as pilas para que todo o realmente persoal, que é o que realmente está levando todo adiante, todo o que ao mellor sae deste Pleno e da Xunta de Goberno Local, haberá que sentarse, falar, tamén cos grupos políticos, pero desde logo hai que escoitar as persoas implicadas, no que significa a RPT, que entendemos que foi por eso que non saíu adiante como se pensaba”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Vamos a ver, eu sobre a moción de Unidade Veciñal, presentada sobre a actualidade do concello de Dodro, que temos unha RPT que se intentou modificar no Pleno do día 8, dunha RPT que é a actual gracias ao voto en contra, repito, gracias ao voto en contra de tres grupos políticos dos cinco que estamos aquí no Concello, unha RPT que deixa fora a dous postos estruturales, un grupo I, un Grupo II, deixa fora a unha persoa que estaba traballando no Concello por sentenza e está fora da RPT, deixa fora a posibilidade de contratación de un arquitecto e unha RPT que está actualmente, onde tres limpadoras, dous conserxes están cobrando o salario mínimo interprofesional porque na RPT, que vostedes conseguiron manter en funcionamento, non chegaba nin ao salario mínimo interprofesional, obra do señor, do anterior alcalde que recordemos, é de febreiro do 19, unha RPT que consta donde un grupo V, un peón, cobra 1.359 euros, e un grupo II, unha licenciada, cobra 1.400€, e encima non está na RPT , es RPT que vostedes teñen o dudoso honor de deixar a esta Concello. Unha RPT en donde, un grupo III cobra 1.663€, un grupo III é unha cotización, para que se entenda, na Seguridade Social, cobra 1.626 € e un grupo I, unha licenciada con responsabilidade, cobra 1.663 mensuales, esa é a RPT que vostedes, os grupos da*

oposición agora mesmo, sumiron a este Concello, unha RPT, que repito, deixou sen a posibilidade de contratar un arquitecto a tempo parcial, para o cal había bastantes arquitectos interesados. Unha RPT en donde un auxiliar administrativo funcionario, cobra 1.373€ e un auxiliar administrativo laboral, cobra 1.526. Esta é a RPT que desfrutamos, ou desfrutan os traballadores do concello de Dodro, gracias ao que pasou o día 8 de febreiro, nun Pleno en donde, por certo, sabían, xa que tanto vostede fale de negociacións, habían transcorrido unhas negociacións, que teño aquí diante, correo para arriba, correo para abaixo, entre o día 2 e o día 4 de febreiro, corríxeme se me equivoco, señor portavoz da Unidade Veciñal, digo vostede, porque vostede é o que presenta esta RPT, en donde, por parte do grupo socialista e deste alcalde, se accedía a practicamente todo o que vostede solicitaba e entre elo, solicitaba o de iniciar unha modificación da RPT, eso propoñíase aprobala ao día seguinte de ser publicado, e iniciar o proceso de promoción interno de haber rematado a modificación e facilitar o proceso de negociación dun convenio colectivo. Isto que era unha posibilidade que estaba na man, na mesa de todos os traballadores o día 8 de febreiro quedou en nada. Entón, agora vostede trae unha moción en donde dice literalmente:

Instar ao alcalde a iniciar unha modificación da Relación de Postos de Traballo vixente na actualidade na que se contemplen as alegacións e reclamacións, na que se acorde con consenso e que se faga con total transparencia e sobre todo coa participación activa dos traballadores.

Quer dicir vostede que eu, ou que nós, temos que encargar unha nova RPT a unha empresa, vostede xa di aquí abaixo a Universidade, non sei si seo sería posible así directamente, haberá que facer un informe, unha contratación e quen o colla, a Universidade ou unha empresa, en donde, xa de entrada se teña en conta as 5 alegacións que había?, entón, por que non se teñen en conta as alegacións que van a xurdir na seguinte RPT?, ou vostede dice que xa non vai a haber mais alegacións?.

E segundo, que se faga con total transparencia, como se fixo a anterior, con total e absoluta transparencia, tanta transparencia que chegou aquí e a maior parte dos concelleiros non lle gustou e quedouse en nada.

E sobretudo, coa participación activa dos traballadores, e recalco un argumento que dixo o portavoz do Partido Socialista, foi a modificación da RPT que tubo participación sindical, tubo participación sindical a anterior, a que temos agora, gracias aos votos en contra dos grupos, é a que está feita sen participación de ningunha representación sindical.

E segundo, bueno, a segunda parte da... Instar ao alcalde a explorar outras opcións, vostedes poden instar ao que sexa, eu podo explorar as opcións que vostedes queiran, pero si chegado o caso, sae adiante a contratación ou a petición de iniciar unha nova RPT, unha nova modificación da actual RPT, pois evidentemente, non sei cal será a empresa que a colla ou a empresa adxudicataria, pero bueno, dito isto, eu creo que debemos volver a votar esta moción e que sexa o que Dios queira”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz, ten un último turno, portavoz de Unidade Veciñal”.*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Bueno, non quero repetirme pero vam, os a ver, nós nunca estivemos de acordo coa RPT do Partido Popular, recordarlle ao voceiro do Partido Socialista, nunca estivemos de acordo. E aprobámola inicialmente, eso xa o dixemos, pero aprobámola inicialmente coa condición de atender as reclamacións de todos os traballadores, que non íamos a*

votar a favor se os traballadores non estaban de acordo, basicamente.

Sobretudo, as categorías mis baixas.

E votamos en contra para mellorar todo eso, e parece ser que agora, según a intervención do alcalde estame dando a razón. Osea, eu estaba disposto a facer unha modificación da RPT inmediatamente se a aprobara, pois é o que pedimos nós, que agora mesmo se faga unha modificación da RPT, o que leu vostede nese correo vostedes é o mesmo que pedimos agora, que se faga unha modificación da RPT, o mesmo que nos dixo agora mesmo, estame dando a razón, e pensamos que a modificación da RPT, precisamente que é para eso, para incluír un arquitecto, para non deixar fora xente que agora parece ser que queda fora, non sei de que maneira quedan fora, pero bueno, e basicamente é o que pedimos, o que nos dixo vostede nese correo que ao día de aprobarse modificabámola outra vez, non se aprobou, pois modificámola e xa está, non é, única e exclusivamente, modificámola outra vez”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moi ben, pois voulle a decir para que quede claro que postos queda fora, quedan dous postos estruturais que non se recollían na RPT, que si que son postos fixos porque están no proceso de consolidación, non están recollidos na RPT, non son, según a RPT que está funcionando, a xente, xa está, había unha modificación que as incluía, e hai unha persoa que está por sentenza, que tamén se incluía e que tampouco se incluía. Simplemente, eu quero dicirlle o que lle estou dicindo, parece que algunha xente o entende, outra xente menos. Vamos a proceder a votar a moción”.*

Procédese a votación.

Votacións:

Votos a favor: 4

1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3

0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 3

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE APOIO A GANDEIROS E AGRICULTORES.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“D^a. M.^a Soledad Boga Grela, como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Dodro, e ao amparo do disposto no regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O campo español está a atravesar unha situación de dificultade que vén provocada por múltiples factores, como o incremento dos custos de produción; as asfixiantes esixencias burocráticas e reguladoras; a aplicación da nova PAC con máis esixencias ambientais que se fan recaer sobre os agricultores e gandeiros; e a seca.

Iso motivou que miles .de agricultores e gandeiros maniféstense para reclamar ao Goberno de España e á Unión Europea un cambio no Plan Estratéxico da PAC, unha modificación das medidas ambientais e os ecorrexímenes, unha revisión da Lei da Cadea Alimentaria ou a derogación da Lei de Benestar Animal.

Son reivindicacións que o Partido Popular comparte, porque as políticas ambientais da Unión Europea, que foron amparadas e aínda intensificadas polo Goberno de España, levaron ao sector a unha situación insostible.

As peticións do campo español son as mesmas que o PP veu facendo en distintos foros ao Goberno de España. Con todo, o Goberno socialista foi o maior defensor desas políticas ambientais, sen atender ao compoñente económico e social, obviando o impacto que teñen no medio rural.

Da mesma maneira o Goberno fixo caso omiso ao sector, sen diálogo algún nin consenso nas decisións, o que levou aos profesionais e organizacións do sector primario á mobilización.

Os conselleiros competentes en materia de agricultura e gandería do Partido Popular han pedido ao ministro de agricultura en numerosas ocasións que se reúna a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural de forma extraordinaria, para tratar precisamente os asuntos que o sector está a pedir, pero non se atendeu esta proposta e negouse a sentar a falar dos problemas reais do campo.

O Goberno, coas súas accións, agravou a situación do campo. Negociou unha PAC que supuxo menos ingresos e má is esixencias ambientais; non deu resposta á

situación de seca; disparou os custos de produción; non adaptou o sistema de seguros ag rarios; adiantou prazos por encima do esixido pola UE; estableceu o imposto ao plástico e ameazou cun novo imposto á produción e distribución.

Os agricultores e gandeiros españois están a soportar unhas cargas inasumibles, cuns requisitos e custos que afogan os seus beneficios, que non permiten garantir a súa rendibilidade e poñen en risco a sustentabilidade das súas explotacións. A acción do Goberno levou ao campo a unha perda de competitividade, diminuindo a produción en España e incrementando as importacións, cando asegurar alimentos de calidade a prezos razoables para a cidadanía debe ser unha prioridade.

O Partido Popular é o partido do campo e do medio rural. Defendernos aos nosos agricultores e gandeiros e "solicitamos ao Goberno un plan de choque con quince medidas de aplicación inmediata, para dar resposta á crise do sector agrario. En particular, esiximos:

- **Reivindicar o carácter estratéxico do sistema agroalimentario español**, a súa achega á economía e a vida no ámbito rural.

- **Reforzar a imaxe de España** como un país atractivo pola calidade dos seus produtos alimentarios, a seguridade dos seus alimentos e o alto valor da nosa gastronomía.

- **Garantir a produción de alimentos en Europa** e non incrementar a nosa dependencia de terceiros países.

- **Esixir un informe previo de impacto na economía rural** aparelado a calquera norma que se aprobe.

- **Esixir a flexibilización do Plan Estratéxico da Política Agra ria Común (PAC)**, a efectos de reducir os trámites e revisar os ecorrégemenes.

- **Promover un Pacto Nacional da Auga** que asegure a dispoñibilidade de auga para cultivos e industrias, como garantía de seguridade alimentaria. Para iso, é necesario comprometer un investimento en infraestruturas para facer fronte a secas, altas temperaturas e control de inundacións, así como modernizar regadíos.

- **Esixir a revisión da Lei da Cadea Alimentaria** co obxectivo de garantir o equilibrio entre os axentes da cadea e evitar a inseguridade xurídica.

- **Revisar o Plan de Seguros Agrarios** combinados para actualizar rendementos por hectárea e ampliar coberturas ante problemas de mercados.

- **Reformar o PERTE agroalimentario**, a fin de axustalo ás características do tecido agroindustrial español.

- **Creación dun equipo de expertos para revisar as políticas de sanidade animal**, que, ademais, analice a situación da cabana gandeira e estableza criterios técnicos de prevención e atención ante enfermidades.

- **Revisar todos aqueles elementos que lastran a nosa competitividade**, e que non son esixencia de Europa.

- Esixir ao Goberno o **compromiso de non crear novos impostos**, nin aplicar cargas adicionais a ningún dos axentes da cadea alimentaria.

- **Suspender o imposto ao plástico**, que leva recadado máis do previsto.

- **Rebaixar o IVE dos produtos esenciais**, incluíndo carne, peixe, conservas e todos os produtos lácteos ou os seus derivados.

- **Esixir o pago inmediato das indemnizacións** correspondentes polos danos causados en Francia aos produtos españois.

É por iso polo que desde o Grupo Popular do Concello de Dodro sometemos ao Pleno

Corporativo o seguinte:

ACORDO A ADOPTAR

1.- *Mostra o apoio ao sector primario en Galicia, aos seus agricultores e gandeiros. Reivindicamos a súa importancia no desenvolvemento da nosa localidade e Comunidade Autónoma, tanto desde o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.*

2.- *Apoiar o plan de choque de 15 medidas que reivindicou o Partido Popular ao que se- refire esta iniciativa, para facer fronte á crise do sistema agrario e agroalimentario español.*

3.- *Solicitar ao Goberno de Dodro para que inste, á súa vez, ao Goberno de España a que adopte estas medidas con moita brevidade.*

En Dodro a 7 de marzo de 2024.

Mª Soledad Boga Grela"

Procede a continuación a voceira do Partido Popular á lectura da moción.

Teñen lugar as seguintes intervencións:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Portavoz do partido socialista, o seu turno*".

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: "*Consideramos que a moción non é moi acaída para Dodro, pero vou darlle resposta ao manifesto en defensa do campo que presentan, é un tostón pero ...:*

1. *Reivindicar o carácter estratéxico do sistema agroalimentario español: O Goberno liderado por Pedro Sánchez xa recoñeceu o carácter estratéxico e esencial do sistema agroalimentario, máis de 4.000 M€ en apoios extraordinarios entre 2022 e 2023.*

2. *Reforzar a imaxe de España nos mercados: A estratexia de promoción de Alimentos de España ten desde 2018 máis apoio ca nunca.*

3. *Garantir a produción de alimentos en Europa e non incrementar a nosa dependencia de terceiros países: Para iso é necesario manter o tecido agrario e a rendibilidade das nosas explotacións. Non aprobar ningunha norma que supoña restricións á produción, sen antes ter regulado as alternativas que permitan manter a competitividade aos produtos españois. E é necesario a revisión dos acordos comerciais con terceiros países.*

A folla de ruta levada a cabo desde 2019 polo Goberno de España deu resposta a demandas do sector. O sector tamén conta con máis fondos europeos ca nunca. Todo iso a pesar do boicot constante do PP en Bruxelas, que trataba de impedir a toda costa que chegaran eses fondos para España. E tamén este Goberno liderou en Europa e en todos os foros internacionais a necesidade de incluír cláusulas espellos nos acordos comerciais.

4. *Impacto de ruralidade: Xa se está facendo coa política para o Reto Demográfico. O impacto de ruralidade xa quedou recollidos no documento aprobado no Consejo de Ministros de Agricultura, liderado pola Presidencia española, para que todas as políticas incorporen o elemento de "verificación do rural". O desenvolvemento desta*

política implicou a creación dunha estrutura organizativa que permitira o impulso deste a Administración do Estado. Trabállase para que a avaliación do impacto demográfico se incorpore na aprobación das normas, leis e no deseño do conxunto das políticas públicas. E, por outro lado, o "Plan de recuperación: 130 medidas fronte ao Reto Demográfico", cun orzamento de máis de 13 M€, xa no ano 2022 acadou unha porcentaxe de execución das medidas de en torno ao 92%.

5. Esixir a flexibilización da Política Agraria Común: A actual PAC elaborouse en colaboración coas CCAA e o sector, dentro dos regulamentos europeos e as recomendacións da Comisión Europea. Non é unha decisión unilateral do Ministerio. As CCAA, dentro das súas competencias poden flexibilizar aspectos da PAC que piden os agricultores e gandeiros. E xa se iniciaron as reunións coas CCAA e o sector, para a modificación do PEPAC (Plan Estratéxico da PAC)

6. Pacto Nacional da Auga: Cando o PP fala do Pacto Nacional quere volver á guerra da auga, como a que provocou Aznar co Plan Hidrolóxico Nacional. Obvia que recentemente se aprobaron os Plans Hidrolóxicos de terceiro ciclo das demarcacións hidrográficas, con máis de 22.800 M€ de investimentos. E o PP tampouco quere recoñecer que este Goberno é o que está impulsando o maior investimento en modernización de regadíos das últimas décadas. O triple do que se viña investindo.

7. Revisión da Lei da cadea alimentaria: O PP non apoiou a modificación da Lei da Cadea, que mellora o poder de negociación dos produtores e evitando prácticas comerciais desleais. É unha lei que está servindo de exemplo a outros países europeos. Nas comunidades que goberna non exerce as súas competencias como debería. E trátase dunha boa lei, pero debemos esforzarnos entre todos para mellorar a súa aplicación.

8. Revisar o Plan de seguros agrarios: Este Goberno incrementou o apoio estatal á contratación de seguros agrarios ata niveis récord (pasando de 200 M€ entre 2013 e 2020 aos 317,73 M€ de 2023, ademais dos 40 M€ adicionais pola seca). O Goberno seguirá traballando para mellorar o seguro agrario.

9. Reformar o PERTE agroalimentario: Se se refire ao Eixo 1 do PERTE (que lidera o M. de Industria) xa se está facendo, pero resulta rechamante que o PP pida isto cando intentou boicotear en Bruxelas a chegada dos fondos do Plan de Recuperación ao noso país.

10. Crear un grupo de expertos que revise as actuais políticas de sanidade animal: As políticas e medidas de sanidade animal revísanse e actualízanse de xeito permanente no Comité Nacional da Rede de Alerta de Sanidade Veterinaria, integrado por expertos das CCAA e do Ministerio. Ademais, esa é precisamente unha das cuestións que analizará o Foro da Gandería Extensiva que anunciou o ministro de Agricultura.

11. Revisar todos aqueles elementos que lastran a nosa competitividade: É unha das cuestións que analizará o grupo de traballo de simplificación administrativa, que anunciou o ministro de Agricultura, sen embargo é un labor que se deber facer en colaboracións coas CCAA, que son as competentes na maioría destes aspectos.

12. Esixir ao Goberno o compromiso de non crear novos impostos: É curioso que pida isto o PP, que é quen máis subiu os impostos durante as lexislaturas de Rajoy. Especialmente os que afectan á inmensa clase media, como o IVE.

13. Suspende o imposto ao plástico: Isto responde ao principio de quen contamina paga. O sector coñéceo desde hai anos e está realizando importantes esforzos para reducir o uso do plástico, e por conseguinte o custo do imposto.

14. Rebaixar o IVE dos produtos esenciais: Foi o goberno de Rajoy quen subiu o IVE para todos os produtos, tamén para a carne e o pescado. O IVE do leite e os queixos xa se baixaron de forma temporal do 4 ao 0%.

15. Pago inmediato das indemnizacións polos ataques en territorio francés:

Corresponde ás empresas afectadas efectuar as correspondentes denuncias. Desde o Goberno de España apoíarase naquelas cuestións que se necesiten".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz de Xente de Dodro".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non vou a dicir nada".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís *"Portavoz de Unidade Veciñal".*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Vale, non simplemente unha cuestión de orden, aquí o tempo de intervención é soamente para a oposición? , porque, en fin, toda esta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A portavoz do Partido Popular, leu, tardou".*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Pero é na exposición de motivos, non na resposta, na exposición de motivos pode lelo, pero na resposta, en fin. Bueno , vamos á moción. A moción é bueno, xa se ve como funciona , a moción preséntana aquí o Partido Popular, unha moción que lle ben de arriba e o PSOE, igual que leu o argumentario que tamén lle ven de arriba, osea que, practicamente é así. Bueno, o tema da moción, dicirlle á Portavoz do Partido Popular que en galego non existen os tempos compostos, creo que fôiselle aí un tema na tradución que lle mandaron. Volvendo á moción, a verdade, que vostede e mais os seus socios da extrema dereita , non desperdician ningunha oportunidade para aproveitarse do descontento dos gandeiros e agricultores, vostedes piden na moción que se revise a Política agraria Común , que os gandeiros reclamen si lle rebaixen as existencias para a produción , pero esta foi aprobada polo PP europeo xunto cos eurodiputados da extrema dereita no ano 2021.*

E tamén reclaman os gandeiros, que se aplique definitivamente a lei de Cadea Alimentaria, e que é incumplida sistematicamente polas grandes cadeas, eso sábeno vostedes, de alimentación, que é que o Partido Popular e o seu socio de Vox, fai tres anos votaron contra no Parlamento español, co argumento de que era un fraude, que poñía trabas ao sector e que levaría a este, á ruína e que agora esixen ao goberno nesta moción que se revise, esperemos que non sexa para peor, ao mellor é para que vaia a peor, en contra dos gandeiros .

O Tratado de libre comercio da Unión Europea con terceiros países que tren a consecuencia de competencias desleal, cos prezos produtos locais dos gandeiros, son a proposta do Partido Popular, que incluso, levou no seu programa de Feijoo e que se nega sistematicamente a rexeitar ou mesmo a negociar.

O que queren os gandeiros e agricultores é regular o mercado dos alimentos, de conseguir un prezo mínimo de venta no primeiro paso da cadea, pero xa sabemos que todas estas medidas, son medidas comunistas, segundo o Partido Popular e o seu socio da extrema dereita.

Asuman as súas responsabilidades en Europa, en España, onde tamén gobernan na maioría das comunidades autónomas e en Galicia, que levan mais de 40 anos e xa teñen as competencias en agricultura. Non sabemos que o Partido Popular, onde as políticas agrarias son inexistentes e unn dos seus líderes políticos , Nuñez Feijoo pregunta nunha visita a unha granxa , por que ´´as vacas lle poñen nome de muller. Non teño mais que dicir".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego".*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *"Desde o Bloque tamén temos desde arriba xente que nos informe, que nos da argumentos, pero vouno intentar resumir, que tamén podemos : o BNG compartimos as xustas reivindicacións que fan os nosos labregos e labregas nestas mobilizacións que percorren o País de norte a sur, o estado español e varios estados máis da UE.*

O campo galego, sabemos que leva anos asediado pola desconsideración das políticas das diferentes administracións.

Por todo isto ó acordo que nos propoñen, desde o BNG queremoslle facer estas achega, si queren que realmente o BNG aprobe a moción, é dicir, engadiriámoslle a esixencia de corresponsabilidade e adopción de medidas á Consellería de Medio Rural nas competencias que lle son propias, si realmente consideran esto, vamos a votar a favor desa moción. Explícolle rapidamente o porqué desa, da corresponsabilidade da Xunta de Galicia.

Desde o ano 2009 , cando entrou o Partido Popular no goberno, a lei do Bantegal e eliminaron as UXFOR (Unidades de Xestión Forestal) que estaban dirixidas á ordenación e posta en valor do monte privado mediante a colaboración das persoas propietarias. No 2009 o PP cando accede ó goberno da Xunta eliminou as figuras de mediación para regular os prezos como a Mesa do Leite, Mesa da Carne, Observatorio Lácteo, Observatorio da Carne... dicindo que non se podía condicionar nin mediar o libre mercado e agora pretende facer este "paripé" de defensa do sector primario cando en realidade eliminou os contratos homologados e os mecanismos de cálculo de custos de produción.

Desde o BNG levamos ao Congreso nas últimas modificacións que sufriu a lei, a última creo que foi no 2021, para un mecanismo público de cálculo dos custos de produción. O PP votou en contra e o PSOE non incluíu estas emendas no proxecto. Acabo simplemente cun recordatorio. Cando empezaron estas grande mobilizacións por todo o país e sobretudo, mais preto de Bruxelas, votábase a A Lei de Restauración da Natureza, que parece unha cousa moi pomposa, pero, nin mais nin menos que a Dodro si que lle interesa buscar e rexenerar ecosistemas degradados, no territorio comunitario, contribuír a a alcanzar os obxectivos climáticos e de biodiversidade e mellorar a seguridade alimentaria.

Aprobouse con 329 votos a favor, mentres que o Partido Popular europeo, cando estamos protestando na calle, o Partido popular europeo, votou en contra, creo que eso é bastante significativo, de tódolos xeitos, insistimos dende o Bloque Nacionalista Galego, que estamos dispostos a apoiar si acepta esa matización que lle dicía ao principio, que é, repítolle, se a quere ter en conta para que o BNG aprobes esa proposta, que é a esixencia da corresponsabilidade e adopción de medidas a Consellería de medio rural, nas competencias que, evidentemente, lle son propias".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, o seu último turno".*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non vamos a admitir a emenda e si vamos a pechar a moción, respostando por exemplo, o do portavoz do*

PSOE, que di que esta moción non atañe a Dodro, home, aquí en Dodro, temos gandeiros e temos agricultores, por si non o sabía, estráñame que non o sabía. A unidade veciñal, home faime moita gracia que vostede diga que o Partido Popular trae unha moción que lle mandan de arriba, o Partido Socialista contesta o que lle din de arriba, e home, a resposta que vostede dou, sóanme lixeiramente a dun partido político, non lle voou a dicir a cal.

Falan todos de que están descontentos co Partido Popular, que o partido popular o fai moi mal, écheselles boca dicindo que a culpa de todo isto é do Partido Popular, pero deben de ser vostedes solos, porque o pasado mes de febreiro a veciñanza de Galicia, moi maioritariamente, non pensou o mesmo, así que nós vamos a seguir coa nos idea, porque os veciños e as veciñas de Galicia, respaldan ao partido popular, como se veu fai uns días.

Nada mais que decir”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moitas gracias, bueno, polo que respecta á introdución do portavoz do Partido Socialista, o que dixo é que esta moción, non era moi acaída para Dodro, pero si vostede non entendeu, e a parte o que fixo, foi dicir, un, dous, tres, catro cinco, seis, sete, oito, nove... quince puntos en función dos seus, quince puntos que presentou na moción, non é que veña de arriba, ou que deixe de vir de arriba, se non que contestamos a pregunta e á moción que se nos propón, portavoz de Unidade Veciñal. Agora vamos a proceder á votación da moción”.*

Procédese a primeira votación.

Votacións:

Votos a favor: 5

0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra:5

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións:0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Producido un empate, de acordo co artigo 100 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectúase unha nova votación, cuxo resultado

é o seguinte:

Votacións:

Votos a favor: 5

0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra:5

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións:0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Persistindo o empate, decide o voto de calidade do alcalde polo que o resultado é:

Estado Proposta: Non Aprobada

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XENTE DE DODRO SOBRE INSPECCIÓN FUNCIONAMENTO SERVIZOS SOCIAIS.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“Valentín Alfonsín Somoza, concelleiro de Xente de Dodro, de acordo co artigo 45 do regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta para a súa inclusión na orde do día do pleno da Corporación Municipal a celebrar o vindeiro 14 de marzo de 2024 a seguinte:

MOCIÓN:

Durante a pasada lexislatura os Servizos Sociais que viña proporcionando o Concello de Dodro a súa veciñanza acadaron un nivel absolutamente deplorable, impropio do que deben ser os servizos públicos.

Elimináronse servizos que viñan sendo prestados con moi boa acollida por parte dos veciños como o servizo de apoio psicolóxico, reducíronse outros prexudicando gravemente ás familias, como o reparto de alimentos e as axudas á escolaridade, deixaron de cubrirse as baixas laborais deixando de prestar o servizo aos veciños, a atención ao público practicamente converteuse en inexistente, e as visitas ás familias desapareceron.

E xa para rematar, xurde un conflito laboral que desemboca nunha denuncia por

acoso laboral que ao final a xustiza en primeira instancia dictaminou que non existeu. Mentras tanto, o departamento de servizos sociais era abandonado a súa sorte, sen ninguén que puxera un pouco de orden e sentido.

Dende fai tres meses carecemos de educadora familiar pero ningún dos partidos políticos eiquí presentes manifestou o máis mínimo sobre a falla deste servizo tan importante. Así amosan o que lle importa as familias vulnerables e en situación de risco.

Unha familia debe ingresar a un membro da unidade familiar nunha residencia privada pagando 2.700 euros ao mes por non ser atendida en tres meses, por non haber traballadora social, porque a ninguén lle importa o máis mínimo, e porque ninguén fixo nada por que esa persoa tivese unha praza nunha residencia de xeito gratuito nun prazo de 2 semanas. Pero tampouco importa.

Un matrimonio, maiores de 80 anos, unha das persoas cunha enfermidade moi grave, pero nin siquera teñen o servizo de asistencia no fogar básico. Ninguén se molestou en interesarse por eles.

Non se molestaron en cubrir a baixa dunha das tres traballadoras, nin buscar substitutos para os periodos vacacionais.

Xa non se tramitan altas no saf básico e moito menos en Dependencia.

Non hai respecto polos nosos maiores, polos xóvenes vulnerables. Nin a máis mínima sensibilidade

Por todo isto, Xente de Dodro propón o seguinte acordo:

Único.- Solicitar da Consellería de Política Social e Xuventude que se faga unha inspección do funcionamento dos servizos sociais no Concello de Dodro dende a última inspección e impoña as medidas que sexan necesarias para recuperar a realización dos servizos sociais municipais.

Procede á lectura da moción Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Portavoz do partido socialista”.

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: “Que dicir desta moción? Fala da pasada lexislatura. Mire, un concello non lexisla, non está dentro das súas competencias, todo máis pode elaborar ordenanzas e regulamentos. Non se pense que está no Congreso de Deputados, nin tampouco na Deputación, onde estivo só para levantar a man ou para apertar un botón cando llo indicaban.

Polo que respecta á eliminación de servizos que vostede di, indicarlle que o servizo de psicoloxía non é competencia dun concello, senón do Sergas. Teríamos que solicitar permiso ao Servizo Galego de Saúde. A contratación do servizo do profesional que vostede facía era ilegal, ou competencia desleal, cara a outros profesionais. Pero mire, a vostede o que lle fai falta máis ben é un psiquiatra.

En canto ao servizo de reparto de alimentos está dentro do Programa de Axudas de Alimentos, conta coa valoración da traballadora social municipal e este véñse facendo segundo o convenio con Banrial. Cando hai dispoñibilidade de alimentos e produtos de hixiene, desde Banrial comunícanllo aos Servizos Sociais e un operario municipal encárgase de ir recollelos (non cando queremos), para unha posterior distribución entre as familias necesitadas do concello. Xa lle dará máis información o alcalde.

As axudas á escolaridade foron convocadas logo do comezo do curso escolar, abriuse un prazo para presentar as solicitudes e, polo tanto, non se reduciu.

As baixas laborais son imprevisibles, pero non se deixaron de prestar os respectivos servizos, buscáronse as substitución de conformidade á normativa vixente.

A atención ao público, a cita previa consideramos que vai en beneficio dos usuarios, pero igualmente se atenderon as consultas diarias, non se pechou o servizo, agás en datas moi puntuais.

Respecto do conflito laboral do que vostede fala, non sei como está tan informado das denuncias ... Claro, vostede tan afeito a presentar denuncias e demandas, non estará detrás dalgunha delas?

O departamento nunca estivo abandonado, e sempre baixo a dirección do/da concelleiro/a delegado da área.

O servizo de educador/a familiar foi cuberto, como lle corresponde coa traballadora social, logo de baixa da titular. Moitos concellos de Galicia non contan con este servizo e é a traballadora social quen se encarga. Vostede non faga demagogia co Centro de Saúde (vostede acode á privada ou ao PAC de Padrón).

Esa familia que menciona e que tivo que ingresar nunha residencia a un membro da súa unidade, se contase coa visita da traballadora social con tería que ingresar e aforraría os 2.700 euros? A consecución de prazas nunha residencia de xeito gratuíto non depende do concello, senón da Xunta de Galicia.

As queixas da persoas maiores vanllas da a vostede? Ou os seus amigos non presentan a correspondente solicitude para a pertinente valoración pola traballadora social?

Para cubrir as baixas das traballadoras, cóbrense mediante bolsas de emprego, que vostede non chegou a crear. Como lle dicía antes, xa queda informado sobre a tramitación das altas do SAF básico, pero nin que formase parte do cadro de persoal!

Respecto da atención ás persoas maiores, o goberno, o pasado e este, estivo e está moi sensibilizado, como debe ser, cos nosos maiores e cos mozos vulnerables.

En todo caso, poderíamos apoiar a moción, xa que hai tras días que tivemos unha inspección."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz do Partido Popular".*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Gracias. Se ben é certo que no fondo da moción que plantexa, estamos de acordo, queremos puntualizar varias cousas que consideramos que é preciso aclarar. Descoñecen, os se as informacións que a vostede lle chegan son erróneas ou as terxiversa deliberadamente, debemos ser máis rigorosos a atermos a verdade á hora de redactar unha moción, sobre todo cando se trata dun tema tan delicado como servizos sociais. Non debemos utilizar temas tan sensibles como este, ni a persoas vulnerables para secar un rédito político, o que pasa é que eso entra dentro da ética de cada un.*

Afirma na moción de que ningún dos partidos políticos aquí presentes, manifestou o mais mínimo sobre a falta de servizo de educación familiar, algo que é totalmente falso, xa que practicamente case todos os grupos políticos de esta Pleno, manifestamos as nosa queixas e a nosa desconformidade de como estaban sendo prestados os servizos sociais en xeral,. Parece que quer erixirse vostede com único salvador e que vela polos interese da veciñanza e a súa e a mais importante que a dos demais.

Tamén afirman na súa moción, que non se cubriu a baixa dunha das traballadoras do SAF municipal, a nós, cóstanos que esta afirmación é falsa, non se axusta á realidade, é verdade que nos se cubreu á xornada completa, pero si se cubreu.

En canto ao sistema das residencias públicas, que bueno, alégreme que aquí o portavoz do PSOE, polo menos no caso, vese que algo, algún concelleiro sabe, as

residencias públicas, non son públicas, son, non so gratuítas como vostede dí na moción, son residencias públicas, non gratuítas. E non funciona, ademais, como vostede quer facer ver, non se adxudica unha praza nunha residencia pública en dúas semanas, eu non sei de onde sacou eso. Eu non sei si eso o di, lánzase a información, a ver quen a cre, ou si de verdade está informando mal as familias, e ademais se é a sabendas, e bastante mais grave.

Chama asombrosamente ademais a atención, que si vostede era coñecedor, de que nese caso, que ademais según di, é un caso grave, por que vostede non realizou as xestións necesarias para tramitarlle unha residencia? Eso, si que non o entendemos, porque b;vostede sabe que a residencia pública, non a ten que tramitar necesariamente unha traballadora social, verdade? Supoñemos que eso o coñece, porque foi alcalde 8 anos, entón, a vostede impórtanlle os veciños, impórtalle solucionar os problemas dos veciños, ou lle importa vender que? Porque, si eu sei dunha familia que ten ese problema e ademais que en servizos sociais de Dodro, non lle atenden, eu fágolle as xestións para que teña unha residencia pública, o que non entendemos, e por que b;vostede, ven aquí dicindo eso que sabe dende fai dous meses, pero no o fixo, pódenos explicar por que non lle fixo os trámites necesarios a esa familia?

A verdade, é que di que lle importa a xestión de servizos sociais, pero logo, coma no Pleno pasado, vota en contra de contratar unha traballadora social, ou vota en contra de contratar a alguén para a asistencia o fogar, que por certo, di vostede na moción que o servizo de asistencia no fogar desapareceu, pero mira o servizo de asistencia no fogar non existe, chámase servizo de axuda a domicilio e a estas alturas, vostede debería de sabelo.

E deixando estas puntualizacións a parte, o que si temos claro, é que os servizos sociais en Dodro, funcionan mal, e o que é mais grave, que o alcalde a a concelleira, non parece que non pon moito interese en solucionar este problema.

Pide vostede na moción, que se denuncie a consellería de política social, para que faga unha excepción de funcionamento, xa dixo o portavoz que fai tres días tiveron unha inspección, pero que desde fai, desde o 2022, tiveron varias, e supoño que vostede xa é coñecedor deso, verdade?

Dende logo, a Consellería de política social, como dende o departamento de inspección, faise un seguimento continuo e, xa remato alcalde, faise un seguimento continuo ás entidades prestadoras do servizo sociais a través de inspeccións co obxecto de controlar o cumprimento dos requisitos legalmente esixibles e a calidade asistencial, buscamos sempre a mellora continua das prestacións do servizo.

Pero esta frase que eu lle acabo de ler, vostede xa a coñece de sobra e media. Aínda así, se queda mais tranquilo pedindo e denunciando, outra vez a política social e, desta vez a través do Concello, que igual pensa que lle van a facer o que vostede quere, nós non temos ningún problema, vamos a apoialo, o que si é importante é que os servizos sociais funcionen ben dunha vez, e polo tanto, requirímoslle ao equipo de goberno que xa poña as solucións para eliminar todos os problemas que haxa e que os servizos sociais funcionen, naa mais”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moitas grazas, portavoz de Unidade Veciñal”.*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Si, eu vou ser mais breve, xa volo digo. Aquí ven esta moción de onde se pretende un sistema de inspección continua por parte da Consellería, ata que se impoñan as medidas que o señor Alfonsín crea oportunas, se por votedes fora, estarían aquí os servizos de*

inspección de forma residencial, practicamente. Tería que estar vivindo aquí o servizo de inspección. Hasta que vostede estivera de acordo coas súas resolucións, claro. Xa sabendo que se fixeron varias inspeccións por parte da Consellería e non se denunciou nada relevante, tamén sabemos que o servizo non funciona como ten que facelo, e pode haber problemas puntuais posiblemente como en moitos concellos, debido á falta de apoio por parte da Xunta de Galicia, nuns servizos que están asumindo os concellos, sen ser da súa competencia, per tamén se podería facer algo mais por parte do Concello.

A Unidade Veciñal de Dodro, sempre fixo saber que esta concellería de servizos sociais, tiña que ser dirixida por unha persoa a tempo completo, cunha dedicación resolutiva que sen dúbida contribuiría a unha mellor xestión, o que non sabemos e si se que a dar altas no servizo de axuda a domicilio dende o 26 de xaneiro que houbo unha, porque temos a Acta dese día, posto que foi a última Acta que recibimos e que posiblemente non houbera Xunta de Goberno sobre o motivo, son case dous meses sen Xunta de Goberno, ou polo menos nós non temos constancia de Actas nin de Ordes do día das Xuntas de Goberno.

Volvendo á moción, seguimos a esperar do señor Alfonsín que no Pleno de aprobación do POS social do ano 2024, votou en contra do reforzo e a ampliación do persoal técnico e administrativo, e votou en contra do mantemento do persoal contratado e tamén en contra da ampliación do servizo de axuda no fogar, vota en contra da mellora do servizo e propón unha inspección continua porque empeora o servizo, ten que acalorarse señor Alfonsín.

Remata vostede cunha mala cita de Sócrates de fai dous mil quinientos anos, sin vostede saber que o fixera antes o pensador grego, non hai respecto polos nosos maiores, polos xóvenes vulnerables nin a mais mínima sensibilidade é o que pon vostede no corpo da moción. A cita era, os mozos de hoxe adoran o lux, teñen manías e desprezan á autoridade, responden aos seus pais, cruzan as pernas e tiranizan aos seus profesores e foi fai 2.500 anos e vostede ten que avanzar señor Alfonsín, ten que avanzar. Nos imos a votar en contra, evidentemente”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Bloque Nacionalista Galego”.*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *“Moción de Xente de Dodro, que non están en Dodro, empezando polo seu voceiro, está instalado no enxurro da mentira como di ao principio da moción. É o que lle ensinaron no PP.*

Xa lle dixen que a mentira pode correr anos que o BNG desmóntalla nunha intervención como esta. Isto é ruído. Vostede aínda non se decatou de que a veciñanza maioritariamente díxolle que non quería a súa xestión por ir contra os intereses de traballadores, de propietarios de fincas, das comunidades educativas,... e agora como antes contra os servizos sociais.

Vostede non vén con esta moción falar aquí para mellorar servizos sociais, non. Vostede vén parece que a falar de servizos fiscais. Prepare unha oposición para fiscal que no medio dos súas lustrosas 18 cabinas azuis de camiós e entre excursión e excursión ten tempo. Non ten nin idea de como funciona un concello, só lle interesan os seus intereses persoais e para os seus que o van deixando só. Quere ruído e foto, iso si co escudo do marquesado dos Bendaña que vostede emprega ilegalmente. As súas mentiras que nin os seus lle cren xa porque ven o engano, o desprezo polas

institucións tápanse así:

Praza de psicoloxía, que xa se falou a aquí dela -a dedo- polo PP que non tiña continuidade e sabía que non era unha competencia municipal se non do SERGAS onde si hai e ten continuidade e todo Dodro descubriuno pese aos recortes que padecemos do PP desde a época de Feijoo.

É mentira tamén que se eliminou... AUMENTOUSE os servizos básicos no mandato pasado

O BNG, sen ter responsabilidades en persoal, esa é a verdade fronte ás súas mentiras, mellora os servizos sociais:

Aumenta as horas de dependencia ata o máximo que pode asumir o persoal de oficina ata unhas 2300 horas,

Contrata outra traballadora social , que vostede se empeña en votar sempre en contra de que se contrate mais persoal, unha traballadora social con cargo á deputación, que nunca antes houbo

Logo de facer 3 listas de substitución para que todo quisque coa titulación requirida se puidera presentar e non contratar a dedo,

Auméntanse as axudas sociais e

Hai máis reparto de alimentos,

Crease un programa novo de atención á xente maior DODRO ESCOITA, que agora non sabemos o que é del, copiado por outros concellos.

Iniciase a necesaria información sobre Internet e os seus perigos. E todo con luz e taquígrafo no mandato pasado.

Formule ben as mocións ou vaiase porque segue abusando dos recursos municipais para que lle fagan caso; que á verdadeira xente de Dodro non lle gusta que o concello perda cartos investíndoos en xuízos nos que nos mete para facer gastar diñeiro e recursos en lugar de facer propostas: o equivalente a 2 anos, recórdolle, de telefonía en Servizos Sociais é o que tivo que indemnizar -de momento- o concello de Dodro pola súa negligencia.

Afortunadamente Dodro recupérase da verdadeira pandemia que foron os máis de 30 anos , no que estivo sumido coa dereita que mirou só para uns -para min prevaricación- e, mentres nunca viu ao BNG denunciando no xulgado se non aquí, no plenario á vez que, como sempre achega propostas ou esqueceu que foi o BNG quen advertiu ao PP, no goberno daquela, do estado do agro?, ou da non viabilidade da empresa que querían contratar para coidar aos maiores? Ninguén civilizado lle cre despois de ir un Valentín Alfonsín Somoza, daquela do PP, a increpar a traballadoras municipais ao seu posto de traballo en Servizos Sociais. E por encima pide unha inspección , cando realmente xa se fan, e por certo, podo asegurarlle unha vez máis que no mandato pasado non houbo ningún escrito no libro de reclamacións e seguiuuse coa máxima colaboración, as pertinentes e rutineiras inspeccións.

Só lle queda este plenario, desde a oposición, con quen non pode contar, nin xa os seus seareiros, outrora beneficiados polo seu escandaloso goberno que estamos pagando aínda e agora, pasoulle o sol pola porta e está cara al sol!

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "Portavoz do agrupación política Xente de Dodro, o último turno".

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "Comenzando pola intervención do señor Mariño do BNG, decirlle que un dirixente de servizos sociais, que tiña na oficina 3 personas e resulta que se produce unha relación de acoso laboral entre dúas, eso como dirixente é para enmarcar, é para enmarcar.

Referente ao SAF, resulta qe das horas subvencionadas, ao redor de 5.000, o ano pasado se fixo o 75%. No o digo eu, dio a traballadora social, na xustificación das horas., menos o 74%, e a voceira do Partido Popular di que se cubreu a baixa.

In 25% menos das horas, case de 5.000 o 25%, a proporción é, as persoas ás que lle tiñan que prestas esas horas, quen llas prestou?, quen lle prestou esas horas? Din vostedes que eso, o servizo psicolóxico non é competencia, tampouco é o axente de desenvolvemento local, nin o orientador laboral, tampouco son competencias exclusivas do Concello.

Dí o señor Abuín, que a función da educadora familiar a fai a traballadora social, é dicir, que unha educadora familiar é igual a unha traballadora social, da igual Xan que Pericán, non pasa nada, non distingue as funcións, da igual ter unha que outra, claro que votamos en contra do POS social, porque é claramente insuficiente, si vostede, si vostede, se molestara en recabar os datos das Actas dos SAF e de dependencia, vería que apenas se dan altas en ambos os dous servizos.

Non se cubren as baixas, a Xente de Dodro, come cada tres meses

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Será a xente da súa agrupación política que se chama, por certo, Xente de Dodro, a xente de Dodro, come todos os días. Por favor señor Alfonsín, continúe ou vou a retirarlle a palabra”.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: “Claro que continuo, en Navidad, non poden comer, porque en Navidad non teñen que repartir alimentos.

Crearon as bolsas de emprego, e fai 5 meses que estamos sen educadora familiar, subvencionada e agora hai que devolver os cartos, e eso é funcionar ben. Durante eses 5 meses, que atendeu ás familias e aos cativos desas familias? Quen se preocupou por eles? Ninguén [o alcalde recórdalle que lle queda un minuto]

Á voceira do Partido Popular, dille que si fixo as xestións necesarias ou non, direi que fixen a xestión que estou facendo as xestións, dende o memento en que teño coñecemento, loxicamente, eu si que estou facendo as xestións, loxicamente. O problema é que non son eu quen tiña que estar facendo esas xestións, ese é o problema. E facer informes ad hoc cando esa situación xa se produxo e non hai remedio, eso non é de recibo, non é de recibo, e para ingresar nunha residencia hai a situación de emerxencia, a situación de urxencia, e no prazo de dúas semanas pode entrar unha persoa, eso é así. O protocolo todo de servizos sociais que ten o Concello, teno vostede na páxina web de Política Social, e se le o protocolo, verá que non se cumpre nada, pero é que non se cumpre nada agora, é que leva anos incumprindo”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Rematou? Moi ben, pois mire iba a quedar calado por que xa se falou bastante deste asunto, demasiado ao meu entender. Mire, vostede, o que pasa é que é un mentireiro, vostede minte pero mais que fala, e no tema de servizos sociais non fai mais que verter mentiras, mire, cando se refire a unha familia que ten que pagar mais de tres mil euros ao mes por unha residencia, dicirlle dúas cousas:

Unha, dicirlle que hai residencias mais baratas e dúas, non é cuestión, sabe que non é cuestión de que sse solicite, é cuestión de que hai uns procedementos para conseguir praza en residencias públicas, parece mentira, cando di, como moi ben dixo, a portavoz do Partido Popular, case o subscribo todo, excepto da educadora familiar, que agora direi, que vostede que foi alcalde 8 anos, non asuma que non sabe do que está falando, e que ao mellor, o que ten que pasar é eso, que a xente por fin se dea conta que está contando unha historia que non ten ningunha

realidade, non ten os pés na terra.

Segundo, o tema da educadora familiar, non sei opor que a xente non entende, a educadora familiar deste concello, creouse unha lista, unha bolsa de traballo por primeira vez, efectivamente, na anterior lexislatura, coa intención de cubrir todos os postos de traballo de servizos sociais, traballadoras sociais, educadora familiar e auxiliares administrativos, é o que se fixo, para tratar de que calquera situación fose cuberta polas bolsas de traballo temporal. Cal é o Problema? Si, foi cuberta a educadora familiar cando estivo de baixa, per a educadora familiar, agora mesmo está en situación de excedencia, que non permite ser cuberta, a lai, desta maneira, entón estamos rematando a toda presa a situación e o seu traballo estao facendo unha das dúas traballadoras sociais que hai destinadas gracias a aprobación do POS social, recórdoo, tamén hai que recordalo, e estase facendo cargo dese traballo, pero bueno, non quero insistir mais nun tema que está bastante baqueteado. Vamos a votar á moción”.

Procédese a votación

Votacións:

Votos a favor: 3

0 BNG

0 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Unidade Veciñal de Dodro

3 Xente de Dodro

Votos en contra: 5

1 BNG

0 PP

3 PSdeG-PSOE

1 Unidade Veciñal de Dodro

0 Xente de Dodro

Abstencións: 2

0 BNG

2 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Unidade Veciñal de Dodro

0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XENTE DE DODRO SOBRE BATIDAS NOCTURNAS ILEGAIS

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“Valentín Alfonsín Somoza, concelleiro de Xente de Dodro, de acordo co artigo 45 do regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta para a súa

inclusión na orde do día do pleno da Corporación Municipal a celebrar o vindeiro 14 de marzo de 2024 a seguinte:

MOCIÓN:

Dende a lexislatura pasada véñense realizando para a caza de xavaríl auténticas batidas nocturnas no Concello de Dodro con total impunidad. Tanto o goberno anterior como o actual, amosou un escaso interés por evitar este tipo de actuacións, absolutamente ilegais.

Semanalmente véñense sucedendo estes feitos, sin que por parte do goberno municipal mostre a máis mínima preocupación por unha actuación absolutamente ilegal e que vai claramente en contra da seguridade das persoas.

Ao parecer, eses cazadores furtivos ata poderían contar ca complicidade dalgunhas persoas que lle axudarían a gardar os turismos para evitar ser descubertos.

Esas batidas nocturnas realízanse sen ningún tipo de medida de seguridade. Ao contrario, realízanse á beira das vivendas dos veciños sin importar o máis mínimo as consecuencias que poden ter. A aparición dunha bala que impactou contra unha vivenda na aldea de Eiró, foi unha clara mostra do absoluto descontrol e falla de responsabilidade das persoas que participan nesas batidas nocturnas.

É esta unha situación que a veciñanza de Dodro non pode permitir baixo ningún concepto, aínda que por parte do goberno municipal, tanto o actual como o anterior, adopte unha postura de absoluta condescendencia cas persoas que están participando nesas batidas ilegais, que casualmente veñen a coincidir con datas nas que a Consellería de Medio Ambiente ten autorizado esperas nocturnas que impiden ao cazador desplazarse da ubicación sinalada.

Por todo isto, Xente de Dodro propón o seguinte acordo:

Primeiro.- Denunciar ante a Consellería de Medio Ambiente a realización de batidas nocturnas ilegais no Concello de Dodro, sobre todo, en datas que coinciden cas datas autorizadas para a realización de esperas nocturnas e suspender esas esperas nocturnas.

Segundo.- Denunciar ante a Consellería de Presidencia a realización de batidas nocturnas ilegais no Concello de Dodro, sobre todo, en datas que coinciden cas datas autorizadas para a realización de esperas nocturnas e a adopción de medidas que permitan unha maior vixilancia.

Terceiro.- Requerir da Consellería de Medio Ambiente medidas efectivas que permitan unha redución da poboación do xavaríl nas Brañas de Dodro que permita reducir o risco dos condutores nas estradas de Dodro e un mellor aproveitamento das parcelas agrícolas por parte da veciñanza, e que ante o crecemento descontrolado da poboación do xavaríl fai practicamente inútil calquer esforzo para o cultivo das terras."

Procede á lectura da moción Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "Portavoz do partido socialista de Galicia".

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: "Está moi susceptible o Sr. Alfonsín, mire primeiramente darlle unha pincelada, indicarlle que se se refire á palabra "jabalí" en castelán, en galego se di "xabaríl", con "b" de burro. Pero mire, as batidas ilegais ou irregulares corresponde inspeccionalas á Consellería

de Medio Ambiente. Que sucede, agora non está cos cazadores? Claro, agora xa non vai as “cuchipandas”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “ Portavoz do Partido Popular, por favor”.

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: “ Bueno, outra denuncia mais, outra de tantas, e xa o digo así, e o señor Alfonsín, enténdeme perfectamente e algunhas persoas do público tamén. Mire, fai vostede aquí unhas acusacións moi, moi graves, pero moi graves, eh!.

Supoñemos que terá vostede probas de todas estas acusacións que es´ta facendo, porque realmente algunhas son serias e non creo que faga este tipo de acusacións sen ter probas, verdade?

Realmente aquí na moción, non da absolutamente ningún dato probatorio todo esto que está dicindo e supoñemos ademais que, xa vostede haberá denunciado reiteradamente, na Consellería, supoñemos e tamén supoñemos que a Consellería haberá actuado, supoñemos, e tamén supoñemos que a Consellería lle haberá contestado, entón, dende logo nós non temos probas de todo esto que vostede está dicindo aquí e nós, niojon imos a denunciar a ninguén, nós non imos a denunciar a ningún veciño nin ningunha veciña, nunca, señor Alfonsín, aínda que sabemos , dende fai 16 anos , que eu, concretamente estou con vostede, sei perfectamente que é unha práctica habitual en vostede, pero nós, o Partido Popular, non o vai a facer, o novo Partido Popular, que di vostede, non vai a denunciar nunca, nin aos veciños nin ás veciñas de Dodro, por este tipo de motivos que a maioría os está inventando.

E certas cousas, porque por un lado, descoñecemos se esto todo que está dicindo é verdade.

En segundo lugar, porque non temos proba do que está dicindo.

E en terceiro lugar, porque nós nunca imos a acusar en falso a ninguén”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:“Gracias, portavoz de Unidade Veciñal”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:“Eu quero dicir que aquí na moción non se pretende denunciar a ningún veciño, o que se pretende é denunciar as batidas ilegais, basicamente, nós sufrimos en carne propia os efectos destas batidas, e sabemos que hai xene que va as batidas de noite, escoita os tiros de noite e cando hai tiros e hai coches correndo e tal, normalmente so batidas ilegais, ou sea, que veo a xente, a maioría da xente, eso veo, tanto de noite á veira das casa, eso vímolos todos, e aquí nesta moción, non se pretende denunciar aos veciños, aquí non hai , aquí, o que se entende é unha denuncia das batidas ilegais, basicamente.

Nós imos a votar, que tamén queremos recordar ao señor Alfonsín, que quen meteu ao raposo no galiñeiro, foi vostede quen meteu, dándolle cobertura a toda as batidas polo concello durante os 8 anos que estivo no seu mandato. Foi vostede quen lle dou cobertura ás batidas, ás batidas legais, a todo , empezamos por aí e despois envalentonámonos claro, estamos acostumados a ter cazadores a todas horas, e agora pasa esto”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:” Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, por favor”.

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: “ Vou a intentar ser breve., porque é mais do mesmo o que estamos a comprobar é que o que quere o señor Alfonsín é converter a Dodro nun Estado policial, porque aquí eu, acabo de soletrear outra vez o que di: denunciar ante a Consellería, denunciar ante a Consellería requirir á Consellería..., pois vaia ao Xulgado que sabe onde está, vaia ao xulgado se ve que hai algo ilegal, pero realmente traia a este Pleno, medidas que apoiem a todo o rural de Dodro, non vaia en contra da xente, é o único que ten que facer”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Moi ben, portavoz do grupo político Xente de Dodro, unha última intervención por favor”

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: “Imos ver. Durante os 8 anos que fun alcalde de Dodro, que apoiei sempre as batidas e as esperas e calquera medida que apuntara aos cazadores, porque , todo o mundo sabe, calquera que escoite aos cazadores e calquera que escoite a alguén que sepa da poboación do xabarín, que sin o apoio dos cazadores é imposible, a do xabarín, controlar a poboación do xabarín, é absolutamente imposible . Ca protección que se fixo das brañas o que único que se fixo foi meter aos animais aí, meter aos animais aí, protexelos e que despois, eses mesmos animais saian e acaben con todas as colleitas, é imposible cultivar algo aquí en Dodro, é imposible. O que non pode ser, e eu apoiei todas as batidas cantas se solicitaron, incluso aboando os costes dos seguros, porque é algo imprescindible para o concello de Dodro, o que o queira ver, verao e o que non o queira ver, non o verá, pero sen cazadores, esto é imposible, imposible, hai que poñerse de acordo cos cazadores, pero cos cazadores de xeito legal, o que non pode ser é que aproveiten algúns para campar as súas anchas. As esperas pódense facer e as batidas pódense facer, o que pasou é que a Xunta decidiu poñer por diante aos xabari, antes que a seguridade das persoas, e eso non pode ser, aquí o único que está protexendo o xabari son as medidas da Xunta de Galicia.

Cando eu fun alcalde, facíanse batidas, desde que entraron vós, non se deixaron facer batidas, vostede sabrá por que, pero tanto as esperas como as batidas, facíanse controladas, con personal do servizo da natureza e ca policía autonómica, perfectamente controladas e nunca houbo un desmadre, e xa lles digo, se aparece unha bala que impacta nunha vivenda e que ninguén se preocupe, esto soamente pode pasar cun goberno como o que temos en Dodro. En ningún outro concello pode aparecer unha bala que impacta na parede dunha casa e todos poñerse a mirar para outro lado, eso non pasa en ningún concello”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Señor Alfonsín, mire, agora, vamos a ver, volvo a dicir o de antes, mentir non pode saír gratis, vale? Mentir non pode saír gratis, vostede fala, mire desde que son eu alcalde, no ano 2019, tiveron 5 reunións ca directora xeral de medio ambiente polo tema do xabari, vale? Estiben pendente deso e chamouse, hai aquí numerosos escritos para que un técnico da Consellería, viñese falar cos cazadores, organizáronse, pedíronse reunións para que a conselleira viñera aquí a explicarnos que facer cos xabaris para poder evitar a súa superpoboación, non me interrompa por favor, primeiro aviso, non interrompa vostede ao alcalde, teña certo respecto. Segundo, desde que eu son alcalde, concédense as batidas que hai que conceder, non é potestade do Concello, tramítanse todas diante consellería, as que son necesarias, e a Consellería é a que valora a concesión ou non, das batidas do xabari e do tipo que son, non é cuestión do Concello.

Primeiro, o tema da bala nunha casa, vostede sabe o que se fixo, o que pasou desde

que a bala apareceu nunha casa? Houbo unha denuncia na Garda Civil, e estase investigando, exactamente o mesmo que pasou cando eu vin encima da miña mesa esta moción, trasladei a Comandancia do posto da Garda Civil, de Padrón, porque entendo que aquí hai, vostede pon no meu coñecemento, algunhas cousas que poden ser constitutivas de delito e eu non son como vostede, non veño aquí a mentir nin a falar en balde, collo a denuncia, o se escrito, a súa moción e trasládolla a Garda Civil, que me imaxino que se porá en contacto con vostede, a ver que datos ten vostede para isto e que lle preguntará, entón vostede, fale por vostede, non fale por min, por favor, dito isto, eu creo que a moción xa a deixou bastante clara, bastante patente quen é quen nesta historia e moitas máis. Vamos a proceder á votación da moción”.

Procédese a votación

Votacións:

Votos a favor: 3

- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 3 Xente de Dodro

Votos en contra: 7

- 1 BNG
- 2 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 1 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

15. MOCIÓN DO BNG SOBRE REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS PARA AUTOCONSUMO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“Moción sobre o rexistro de explotacións avícolas para autoconsumo

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Dodro presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos

Ante o último Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluídas aquelas destinadas ao autoconsumo, a Xunta de Galiza vén de abrir un sistema de rexistro gratuíto para galiñas, pavos, patos, gansos, paspallás, perdices, faisáns e pombas.

Segundo establecen as normas a idea é para mellor control da saúde no caso, por exemplo, de que se teña que actuar por causas de alertas sanitarias.

Debido á continua burocracia e rexistros telemáticos que padecemos toda a cidadanía, coma esta última norma diante da Consellería do Medio Rural, cremos desde o BNG que as administracións públicas deben simplificar e facilitar os trámites. Por iso, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- *Informar á cidadanía de todo Dodro ante este novo trámite da forma que mellor considere o goberno de Dodro.*

2.- *Axudar e tramitar os formularios deste novo rexistro ás persoas que así o requiran nas oficinas municipais."*

Procede á lectura da moción Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Portavoz do Partido Socialista, por favor*".

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: " *Estamos de acordo en informar á cidadanía sobre este novo trámite, pero non podemos obrigarlle aos funcionarios a realizar máis funcións das que teñen encomendadas. Xa están rexistrando os formularios que lles presentan*".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Portavoz de Xente de Dodro*".

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: " *Bueno, pois , é moi propio do señor Mariño, fai 5 minutos, decía que os servizos de apoio psicolóxico, non era competencia do concello, pero o que si é competencia do concello é poñerse agora a contar as galiñas, non?, e quen, a traballadora social, o arquitecto, o axente de desenvolvemento local, non? Agora hai que mandar a un funcionario ir a contando por aí ás galiñas e aos paspallás e a que mais? Hai que revisar os galiñeiros, non temos tempo para atender aos veciños e agora vamos a contar as galiñas que ten cada un, ten 7 galiñas, ou ten 24, esa é a función dos funcionarios de concello de Dodro, contar galiñas, ben. É propio do BNG, o dicir unha cousa mais a contraria*".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Rematou?*".

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Polo momento”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Partido Popular”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“ Bueno, nos presentamos unha moción urxente, que se votará despois, co tema dos galiñeiros, a ver, aínda que é verdade que esto vai preto de tres meses, que a xente ten que facer os rexistros, e bueno, a veciñanza empezouse a preocupar agora e a nós si que nos chegaron varios veciños ca preocupación, non é contar galiñas, bueno, se ve que marcha o público e empezamos co circo, porque se non, non entendo, de verdade, aquí nadie di que vaian os funcionarios a contar galiñas eh,eu non sei si leu ao revés ou si o fai a propósito, pero a min, concretamente, si que veu moita xente a preguntarme como tiñan que facer, porque hai moita xente que descoñece como ten que rexistrar esto ou a donde ten que acudir, e ademais escoitaron que van a multar e non sei que , e a xente maior en ese sentido, ten unha problemática, non lle vemos inconveniente ningún, a bueno, asesorar á xente desde o Concello, os funcionarios están para servir á veciñanza, non están para traballar para un político concreto. Nada mais que decir”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“ Moitas gracias, portavoz da Unidade Veciñal”.*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“ Si, eu xa sei que fixo bastante, seguramente se estivera agora o señor Alfonsín, mandaríaa un funcionario a contar ás galiñas, seguramente, estou totalmente convencido que o mandaríaa, pero o tema é soamente darlle o impreso, facilitarlle o impreso a xente e metelo por rexistro, e simplemente darlle a cubrir o impreso, tampouco é unha cousa. O señor Abuín, non creo que poña a traballar a unha funcionaria, por darlle un impreso á xente e rexistralo. Nos imos a apoiar a moción”,*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Bloque Nacionalista Galego”.*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *“ Si , para acabar, dar xa as gracias a quen apoia esta moción, Desgraciadamente, non hai moitas galiñas que contar xa en Dodro, debido ao que acabamos de ver, as lexislacións que temos e como está o rural de Dodro, e eu, simplemente decirlle ao señor Alfonsín que esto non é un circo nin o señor Alfonsín é un pallaso, eu creo que realmente hai que escoitar, ler e pensar que ao igual que o señor Abuín, o portavoz do partido socialista, o funcionariado tramita moitas cousas porque ten unha valixa, ou como se chame de maneira que podemos coller e que como se acaba de decir por parte do portavoz da Unidade Veciñal, é un impreso, que desde a nosa organización, tamén lle facilitamos o impreso, que non é nada mais que cubrir un impreso, e aquí, como se fan outros trámites, telo escaneado e mandalo para a Concellería de Medio rural, creo que non é un traballo de contar pitos, nin de contar contos, eso deixámolo para os humoristas”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Unha cousa mais, mirade, eu como alcalde, dicir que faime, chámame a atención a moción presentada por parte do BNG o 11 do 03, no concello de Dodro, levamos tramitando peticións de alta deste tema, deste procedemento, desde o primeiro día que veu o primeiro, se lles facilita, temos*

o e se lles di a xente que ten certificado dixital, ou chave 365 que pode facelo de xeito inmediato, no seu teléfono móbil e en todo caso, a xente que o trae aquí, que trae tamén o documento, tamén se tramita polo SIR que é algo mais que escanealo e mandar, pero bueno, dito esto, tamén decirlle que os funcionarios tamén teñen que saber as coordenadas do galiñeiro, as coordenadas UTM, non sei se o portavoz do BNG, sabía esto ou non, e esto, lamentablemente, da un pouquiño de choio, coñecer as coordenadas dun galiñeiro dunha persona que se presenta no Concello, que bueno, non sabe, non é fácil, entoces, dito esto, aínda así estase facendo, desde hai mais tempo que o 11 do tres. Nada, vamos a proceder a votar a moción e que quede claro, que aquí lévase facendo moito tempo".

Procédese a votación

Votacións:

Votos a favor: 4

1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 6

0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

C.2) MOCIÓN URXENTES

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agora hai tres mocións urxentes, que por orde de entrada no Concello, hai que discutir a súa urxencia primeiro, unha é a do Partido Popular sobre os galiñeiros e primeiro antes de lela, hai que votar a urxencia; terá que xustificala o partido Popular".*

1. Procédese a continuación a votar a urxencia e a inclusión da seguinte moción na Orde do día:

Asunto: MOCIÓN URGENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A NORMATIVA RESPECTO DOS GALIÑEIRO DE AUTOCONSUMO

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Si, gracias. A urxencia xustifícase porque, ultimamente como dixen antes, si ben é certo, que xa se teñen que rexistrar dende fai dous meses e medio e a este grupo municipal chegan numerosos veciños, porque claro, ven un ven outro e entónce empezan todos detrás a que non saben que facer, non saben a donde acudir, ata agora estiveron tranquilos ou non porque non lle chegou o recado e agora, pois empezan un pouco as presas. Nós concretamente esta semana, eu atendín a catro veciños por esta problemática, a semana pasada igual, pero bueno, é un tema que está candente e que é moi, consideramos que é urxente debater agora”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Partido Socialista de Galicia, a bueno, votamos a urxencia, perdón”.*

Ratificación da urxencia:

Votacións:

Votos a favor: 5

0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 5

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Empate

Producido un empate, de acordo co artigo 100 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectúase unha nova votación, cuxo resultado é o seguinte:

Votacións:

Votos a favor: 5

0 BNG
2 PP

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 5

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Persistindo o empate, decide o voto de calidade do alcalde polo que se entende rexeitada a inclusión da moción na Orde do día.

2. Procédese a continuación a votar a urxencia e inclusión da seguinte proposta na orde do día

**Asunto: MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL XENTE DE DODRO SOBRE
A GARDA CIVIL DE BARBATE**

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte moción de urxencia da partido , da agrupación política Xente de Dodro".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Esta moción ven aquí a Pleno, unha proposta es resposta ao asasinato de dous garda civiles en, na localidade de Barbate, unha narco lancha e que cometeu un asasinato practicamente en directo. Vemos que, tanto as políticas que está levando o Goberno central, non son as mais axeitadas e esto tampouco debemos de pasar por alto, porque se publican xa o asasinato en directo de dous garda civiles, pois de aquí a pouco, calqueira cousa pode pasar, e o que estamos facendo é un flaco favor á nosa sociedade".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vamos a votar entón a urxencia da moción".*

Ratificación da urxencia:

Votacións:

Votos a favor: 5

0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 5

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Empate

Producido un empate, de acordo co artigo 100 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectúase unha nova votación, cuxo resultado é o seguinte:

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Persistindo o empate, decide o voto de calidade do alcalde polo que se entende rexeitada a inclusión da moción na Orde do día.

3. Procédese a continuación a votar a urxencia e a inclusión desta Moción na Orde do día:

Asunto: MOCIÓN URGENTE DO GRUPO MUNICIPAL XENTE DE DODRO SOBRE RECHEOS NOS MONTES COMUNAIS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Unha moción urxencia que ven presentada pola agrupación política Xente de Dodro, que tamén ten que xustificar a urxencia o señor Alfonsín”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Si. No mes de maio do ano pasado realizouse un recheo na comunidade de montes Cruz de Avelán , un recheo con residuos á vista de todo o mundo, que procedía dun lugar onde hoxe van facer un parque infantil, é dicir, a nós tráennos os residuos e alí fan un parque infantil. Agora nas últimas semanas de produxo, se realizou outro recheo na comunidade de montes Balouta Fontecova, cunha licencia expedida por unha entidade privada, e nin sequera é a comunidade de montes a que solicita a licencia, se non , unha entidade privada e que por 650 euros, botou toda a terra que quixo. Nós cremos que esto transcende ao que son as comunidades do montes, que é un tema que xa afecta a toda a veciñanza e polo tanto, traemos unha proposta, para que a corporación de Dodro, adopte a decisión de trasladar e denunciar, ante a Consellería de Medo Ambiente e ante a Fiscalía de Medio Ambiente, ese tipo de obras que non teñen fundamento”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moitas gracias, vamos a proceder á votación da urxencia”.*

Ratificación da urxencia:

Votacións:

Votos a favor: 3

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 7

1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Rexeitada a a inclusión da moción na Orde do día.

D) CONTROL DO GOBERNO:

19. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escritos:

Ningún

Rogos orais

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Si, eu rogaría que se publicaran as Actas aprobadas, das Xuntas de Goberno, como dos Plenos, na páxina web do Concello, porque levan sen publicarse desde setembro ou agosto de 2023”.*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *“Dado que o concello de Dodro aprobou no pasado mandato a 1ª ordenanza para regular a conservación dos camiños e vías públicas municipais na execución de plantacións, cortas, depósito, carga e transporte de madeira rogamus desde o BNG que o goberno lle faga un seguimento con esta ordenanza na man a quen deteriora os múltiples camiños municipais especialmente, así como as cunetas e tubos de drenaxe, pois en moitos casos atópanse taponados e auga e lama van ás veces pola calzada e poden, neses casos, seren un perigo para circulación”.*

Preguntas escritas:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Temos que contestar primeiro ás do Pleno anterior, había tres, unha era sobre o tema dos badéns do piñón feita polo voceiro da agrupación Xente de Dodro e contestarlle que falamos cos veciños da zona, tal e como se acordou na moción e hai aproximadamente un 60% de veciños de mantelo e un 40% a favor de retiralo, o lombo de asno de piñón, polo que de acordo ao que inicialmente motivou a súa colocación que é a seguridade viaria dos veciños e usuarios de esa área de comunicación, vaise a manter,*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“E cal era a pregunta?”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Sobre o lombo de asno”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“O alcalde iba retirar a moción que foi aprobada aquí”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Vai a quedar. Dito esto, polo que de acordo ao que inicialmente motivou a súa colocación, que é a seguridade vial dos veciños entorno a esa área de comunicación, vaise manter. Se ven, estamos falando de outras solucións que cumprirían a mesma función de reducir a velocidade, pero con outros métodos lamentablemente, polo inverno que levamos acumulado e por problemas cos subministradores, aínda non se puido proceder a este cambio, agardo que sexa en breve.*

A outra pregunta mais, do señor Somoza que dice que técnicos se encargou de celebrar a Semana de Violencia de Xénero e Fin de Semana da Mulleres, tendo en conta que antes era a educadora familiar quen o facía, contestarlle que a

organización da Semana de Violencia de Xénero e Fin de Semana da Mulleres, correspondeu á concelleira de Servizos Sociais, coa colaboración das traballadoras sociais do departamento.

E había outra pregunta do señor Xoán Vicente Franco que era, que tiña dúas, unha que era o Concilia de Nadal, para nenos de tres a doce anos, que a actividade, non tivo a practicamente difusión e se coñeceu practicamente un día antes do remate do prazo de inscrición nas redes sociais do Concello e no mesmo día 21 a difusión por whatsapp do Concello. Por que non se lles deu difusión a esta actividade con tempo suficiente para que os pais tiveran un tempo adecuado para a inscrición?, e cantos nenos acudiron á mesma?

Pois os pais, con nenos en idade de ser usuarios do Concilia Nadal, puxéronse durante o mes de decembro con varios departamentos do Concello, Servizos Sociais, Cultura e fóselles informando da intención do Concello de realizar esta servizo para o Nadal, ademais de comentalo nos centros educativos que a intención do Concello era sacalo para estas datas. Para esas datas e lugar, ademais da reunión ca directiva da ANPA. A publicidade douse tan pronto foi posible dispor todos os datos para elo e acudiron todos os que o solicitaron, 12 nenos e nenas, ademais, abriuse o prazo para que durante a celebración obradoiro, do Plan do Concilia, que se incorporaran durante o inicio, non se pechou, e antes de que mo pregunten, direi que no Concilia do Entroido, foron 8 as solicitudes e anunciouse case un mes antes e en principio, nada mais, a ver , si había unha mais que era a de Xoán Bautista Mariño, que dicía, queremos saber no BNG, que a situación administrativa ou outra, está o recheo da Estivada Verde, donde o miradoiro natural de Bexo?.

A obra a que vostede fai mención, non dispón de título habilitante por parte do concello de Dodro, e esta baixo a investigación da policía autonómica e mais do Servizo de Protección da Naturaleza, o SEPRONA que se persooou neste Concello para requirir información, a colaboración pola nosa parte foi total, como non pode ser de outra maneira, ademais o Concello pasou este expediente á APLU, como consecuencia do Convenio que Dodro ten asinado coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

E agora hai preguntas escritas presentadas por a señora Rebeca Rial Diz, o señor Xoán Xosé Vicente Franco de Unidade Veciñal, que vostede lea, por favor”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“Na Asemblea Xeral Ordinaria de veciños comuneiros da Comunidade de Montes en Man Común “Cruz do Avelán” que tivo lugar o pasado domingo 10 de marzo no local social do Montinho no seu punto nº 8 da orde do día foi informada da “Solicitud de cesión do camiño que vai cara a porqueira de lmo coa condición de que o asfalto o Concello de Dodro antes de 12 meses”. Sabendo que dita pista solo beneficia a unha empresa privada, que non sabemos se ten todos os permisos de apertura, permisos de medio ambiente etc. e que non sabemos con que orzamento se vai facer o asfaltado, lembramos que non están aprobados os orzamentos, nin sinais de que se estean negociando cos partidos políticos e sabendo das necesidades de asfaltado de pistas de acceso ás aldeas como a de Bustelo do Monte, por exemplo, - Que tipo de compromiso ten o goberno coa Comunidade de Montes para asfaltar antes de 12 meses e con que orzamento ou subvención se conta para esta actuación?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A seguinte pregunta, tal como aquí consta é a do señor Xoán Bautista Mariño Abuín, que ten unha pregunta".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero será mellor que cada grupo faga a súa".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Van por orde de entrada, decídoos eu, van por orde de entrada, señor Mariño".*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG:" *Dado que o BNG, no mandato pasado, deixou elaborada a documentación técnica traballada co persoal de Servizos Sociais para a contratación dunha empresa de atención no fogar, desexamos saber cando se porá en marcha ou se pola contra, como nos informan ao BNG de Dodro , o actual goberno do PSOE en minoría, está a facer algunha xestión para mancomunar este servizo transferido da Xunta aos concello con insuficiente dotación".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Xa nos queda claro que estamos en minoría coa votación que pasa neste concello, neste Pleno, non ñe necesario que nolo recorde n a pregunta, pero si, estamos en minoría , dito esto, este alcalde, que evidentemente mantivo unha entrevista con outros dous alcaldes para ver a posibilidade, pero sin contestación algunha, intentaremos sacar o contrato da empresa, o antes posible, contando que é un gasto importante, pero si, intentaremos sacalo pronto e non estamos facendo mais xestións que a que é unha conversa entre alcaldes".*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Non vai a ser mancomunado?"*.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" A data de hoxe non, Pregunta escrita , que tamén está presentada polo señor Mariño".*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *" Xa o BNG no 2018, reclamaba un posto de arquitectura para o día a día do urbanismo municipal, tan necesario para desenvolver o PXOM, gracias ao pulo que lle dou daquela o BNG. Visto que no pasado goberno, o empeño e apoio lóxico do BNG, funcionou un servizo técnico para a cidadanía que nas últimas semanas, varias persoas, nos trasladaron a súa inqueda, mais tamén queixas por problemas de permiso a obras novas e reformas, entre outras, desde o BNG preguntamos de que maneira solucionará o actual goberno de Dodro do PSOE en minoría o problema que padecemos de falta de persoal técnico cualificado en urbanismo?"*.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Bueno, o de minoría xa de digo que xa nos consta. En todo caso, en breves semana e produto de non haberse aprobado a modificación da RPT que este goberno do PSOE traía este Pleno, con unha aprobación previa que incluía as contratación dun arquitecto, tivemos que cambiar os plans, evidentemente esperamos que nas próximas semanas haia unha solución legal a esto.*

A seguinte pregunta tamén é do BNG".

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG:" *Somos todos coñecedores da dificultade de Dodro de comunicarse por autobús entre ribeira e Compostela, se cadra, sofre mais aínda esta deficiencia a xuventude que decide facer ensinanzas*

non obrigatorias fora do noso Concello, polo que temos coñecemento de escritos presentados pola veciñanza, reclamando mais autobuses para Ribeira e Compostela, polo tanto, que xestións fixo, fai ou ten pensado facer o Concello para tratar de mellorar este necesario servizo público entre a vilas próximas de Padrón, Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal, ribeira e Compostela”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois, o alcalde, respecto a liña XG847, que é a que comunica Santiago con Ribeira, que estou vendo aquí que ten 80 paradas, estamos intentando aumentar a frecuencia de buses, pero realmente é unha loita que estamos tendo, sabendo que a potestade do tema de transporte é da Xunta de Galicia, os alcaldes, eu como alcalde de Dodro, e o alcalde de Rianxo, que temos unha especial interese, polo tema da situación de Rianxo, como a situación de Lestrobe, que temos aínda, unha derivación a maiores, da liña XG847, estamos traballando en eso pero, lamentablemente, non demasiados bos resultados. Seguimos insistindo.*

A seguinte pregunta é de Unidade Veciñal”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“No lugar de Mesoute en Imo existe unha instalación porcina, na parcela de referencia catastral 15033A039006580000JP que segundo puidemos saber quere iniciar a súa actividade de novo no lugar e mesmo solicitou á Comunidade de Montes da Cruz do Avelán que cedera a pista de acceso á nave ao concello para o posterior asfaltado e que vai incluído no punto nº 8 da orde do día da asemblea xeral ordinaria de dita comunidade de montes do pasado día 10 de marzo. - Ante todo o anterior pode dicirnos se ten licencia de apertura de negocio, permiso de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, ou Plan de Xestión de Residuos e en que xunta de goberno se aprobou o expediente en caso de que teña ao día os diferentes permisos? . Quero dicir que esta pregunta fágoa porque solicitei información por rexistro sobre isto mesmos, solicitei información o día 1 de marzo e aínda a día de hoxe, onde pedín proxecto técnico ou o expediente de inicio a final, e aínda hoxe non recibín contestación por parte de Concello”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Estamos a día 14 de marzo, non? , en 14 días non se contesta tan rápido, xa lle digo que , non se dou contestado tan rápido. A pregunta váiselle a contestar aquí.*

A licencia de apertura deste negocio é solicitada o ano 74 e consta e consta concedida o 28/01/1980.

A seguinte pregunta é de Unidade Veciñal de Dodro, tamén”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“No pleno de xullo de 2023 aprobamos unha moción da unidade Veciñal de Dodro para que se destinaran fondos do Plan Complementario do POS+2023 da Deputación da Coruña para a substitución das luminarias do campo de fútbol de Chenlo que foi aprobado polo PP, o BNG, a Unidade Veciñal de Dodro e Xente de Dodro, o cuatripartito do señor Valentín Alfonsín, no que o PSOE de Dodro votou en contra. Despois de oito meses da aprobación e de varias preguntas nos plenos seguintes onde se nos informou primeiro que se ían empregar medios propios, despois que os trámites da deputación tiñan os seus prazos, mais tarde que estaban pendentes de contratación e que o farían cando puideran, por todo o anterior e ante a preocupación dos usuarios de campo de fútbol que teñen que realizar os adestramentos en condicións precarias e que non entenden eles e mais nos como non se realizan as obras,*

preguntamos :En que fase se atopan as obras necesarias para o cambio de luminarias no campo de Chenlo aprobadas xa fai 8 meses?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois mira, hoxe aprobáronse 4 contratacións e estaba esta que non se dou feito, esperamos que mañá estea publicada no Portal de Contratacións. A seguinte pregunta é do Partido popular”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Con moita presa uns días antes das pasadas eleccións municipais o equipo de goberno instalou nunha parcela particular que ía ser cedida ao concello un parque infantil na aldea da Devesa. Temos coñecemento que do mantemento do parque infantil encárgase un veciño posto que o concello nin sequera vai cortar a herba. Ademais parece ser que esa parcela sigue a ser particular e dez meses despois o concello non ten a cesión. Polo cal preguntamos:*

Con que data se cedeu a parcela ao concello e por cantos anos? Ou segue a ser particular?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Dona Ermadinla Baleirón Vázquez, presentou un escrito para doazón o día 02/02/2022”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Presentou un escrito pero non está contestando se está cedida ou non.”*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“ Non porque non veu ao Pleno”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Será por eso”.*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“ Si non veu ao Pleno non está cedida”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“ Que presentou o escrito, xa o sabíamos”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Algunha pregunta mais?*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“ A actividade do fin de semana de mulleres do ano pasado que se ía celebrar os días 2 e 3 de decembro, cambiouse inesperadamente de datas pasándose a celebrar o 16 e 17 de decembro. Por certo, que o concello eliminou todas as publicacións do cambio de datas das redes sociais, non sabemos por que motivo, non sabemos si terán algo que agachar, ou que ocorreu con eso. O prazo de inscrición comezou o 22 de novembro e as mulleres de Dodro tiñan que aboar 25€ por persoa. Debido ao cambio de datas algunhas non puideron ir a actividade por motivos laborais e outros. Fixeron reclamación dos cartos aboados acudindo ao departamento de servizos sociais e incluso algunha vía mail e por escrito. A día de hoxe NON se lle devolveron os cartos pagados nin se puxeron en contacto con elas. Preguntaron no departamento de servizos sociais ao que se lles contestou que no seu momento comunicara a renuncia da praza e a solicitude de devolución dos cartos aboados e que non sabían nada máis. Polo cal preguntamos, Bueno, antes de preguntar pódolle decir, que algunha*

destas persoas que están esperando pola devolución, hoxe mesmo, no Concello informámoles que había extraviados 6 solicitudes de devolución e que sa estaban desexando acabar con ese tema e que agora xa se lles iba a devolver, estaban extraviadas polo visto, no departamento de Servizos sociais, co cal preguntamos Váiselles devolver os cartos pagados da actividade ás mulleres que debido ao cambio de datas non puideron acudir? Cando se lles vai devolver?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Pois devolvéuselle a maior parte e efectivamente, houbo un erro en Servizos Sociais e vaise a devolver, tan pronto sexa posible, pero eso xa o sabía vostede, polo que vexo”.

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: “Si, entereime hoxe”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Xenial. Pregunta do portavoz do partido, do grupo político Xente de Dodro”.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: “Un dos puntos da orde do día da asemblea da Comunidade de Montes Cruz de Avelán o pasado marzo, referías a pista a cesión da pista do Concello de Dodro, sempre e cando se asfaltase nos seguintes 12 meses, cal é o motivo para que o goberno municipal solicite a cesión da pista de monte da Porqueira en Imo”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Primeiro, a Comunidade chámase Cruz de Avelán, con ceta, pero bueno, non sei esta historia de poñerlle Crus, pero bueno, non hai ningún motivo que no concello solicitáramos”.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: “O artigo 13 do regulamento Orgánico Municipal, aprobado polo tripartito, determina a creación da Xunta de Portavoces. O artigo 58 do mesmo regulamento determina que a celebración dun Pleno extraordinario a celebrar no primeiro trimestre de cada ano dedicado ao debate sobre o estado do Concello. É notorio o escaso interese, tanto de Unidade Veciñal, coma do BNG, por facer cumprir o que les mesmos apoiárono a votaron. Cando vai ser creada a Xunta de Portavoces e cando vai celebrarse o Pleno extraordinario que determina o artigo 58?”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Pois agora mesmo, non o sei, non sei cando vai ser creada a Xunta de Portavoces e o Pleno extraordinario que determina o artigo 58 é posible que se celebre no primeiro semestre este ano. O primeiros trimestre acaba o 31 de marzo e non da tempo. Seguinte pregunta”.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: “ Cantas familias se van a ver favorecidas polas axudas a escolaridade do curso 2023-2024, que segundo a concelleira de Servizos Sociais, iba a estar listas antes de fin de ano de 2023 e cando se van facer efectivas esas axudas”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “As familias, non sabemos as que se van a ver favorecidas, porque hai 19 familias solicitándoas, como estamos aínda en prazo e o curso escolar, tal como din as bases, é o momento de pagalas, e son gastos que se poden facer durante o curso escolar, faranse efectivas, creo que na vindeira semana, o máximo 15 días. Non hai mais preguntas escritas”.

Preguntas orais:

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Según contestación do señor Abuín Gómez, nun escrito presentado por este voceiro, o goberno municipal tería aberto dilixencias pola obra de restauración do retablo maior da Igrexa de San Xíán de Laiño, ao parecer, o motivo de abrir esas dilixencias, pode estar no informe realizado polo arquitecto que veu de Vilaboa e no que afirma que as obras que se fagan na Igrexa de Laiño, precisan de licencia. E dicir, que os concelleiros que sabían, ou cando menos debían saber que non existía licencia, foron alí e aplaudiron unha obra ilegal promovida polo señor Abuín. Señor Castro, que parte non entendeu o arquitecto de Vilaboa cando lle dixo que esa restauración era como pintar o sofá dunha casa?”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“A pregunta era escrita, porque parte de...pois, toda”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Non a entendeu?”.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Si, toda, válelle así a resposta?. Toda. A seguinte pregunta, por favor”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Para facer o recheo, no monte da Paxareira, o señor alcalde abocou as competencias da Xunta de Goberno e non esperou á Xunta de Goberno, para conceder a licencia, se non 14 días restantes lle dou a licencia municipal, esa licencia municipal que debe pasar pola Xunta de goberno local. Ten pensado facer pasar esa licencia á Xunta de Goberno Local ou non?”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Esta voulla a contestar para deixar patente a súa ineptitude, coma portavoz voulle a contestar por escrito e voulla a dedicar. Algunha pregunta mais?”.*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Si, me chamou dúas veces mentiroso. Lle quero preguntar, mire, xa ten o título vostede de controlador aéreo ou aínda non?”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Non, non o teño, non son controlador aéreo. Algunha pregunta mais oral?”.*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Nos temos unha que quedou aí en correlación co que preguntou por escrito o portavoz de Unidade Veciñal, como non nos quedou moi claro falamos das torretas do campo de Chenlo, aprobámola en xuño, como ben dixo o portavoz de Unidade Veciñal, en setembro volvemos a aprobar 15.000 euros, se no recordo mal, o 17, en novembro, preguntámoslle ao portavoz do PSOE, que era o encargado deste tema, cando se ían a colocar e nos contestou que en unha ou dúas semanas como moito, de feito, díxéronlle que os rapaces están xogando a escuras e que as ían a poñer para a primaveira, non lle dea a cabeza señor alcalde, porque si que están xogando a escuras, e si non, vaia hasta alí a algún entramento e xa o ve. Claro, estamos en marzo, agora xa, si as van a instalar para o mes, igual é mellor esperara xa para outubro ou novembro e qu volva a ser escuro. O que queremos saber é, non a*

contratación que van a sacar, se non estes 15.000 euros , que é un contrato menor e acabamos pronto, cando van a colocar as luminarias? “.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Non é un contrato menor, non acabamos pronto e precisamente, estase cumprindo a legalidade mais estrita nesta obra, que finalmente, bueno, e fixo a Deputación, se pideu á Deputación. Xa dixeran antes que saíra a contratación o día, inmediatamente, posiblemente mañá, xa digo que foi unha pena non telo hoxe, xa digo que din conta de 4 contratacións hoxe, pero non foi posible”.

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: “Ningunha pregunta mais”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Algunha pregunta mais , portavoz de Unidade Veciñal”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: “ Si. Como xa sabemos que a sanidade pública en Dodro, está a sufrir un deterioro no servizo, como a pasada eliminación do segundo facultativo médico a tempo completo no centro de saúde de Lestrobe, ante estes feitos que son coñecidos por todos, e sabemos que se está creando unha preocupación entre os veciños e veciñas de Dodro, reuniuse o goberno ou o alcalde con membros da Consellería de Sanidade para abordar esta situación?, e de ser así, con quen e donde?”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Non me reunín con ninguén, solicitei unha entrevista , pero non foi posible e trasladouse de forma telefónica e persoal a inxerencia e bueno, se nos traslada da propia Consellería que tan pronto sexa posible, se va a recuperar aos dous médicos todos os días, estamos pendentes de que así sexa? Algunha pregunta mais?”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: “ Si. O pavillón polideportivo municipal de Dodro, é un espazo deportivo fundamental para o desenvolvemento dos veciños e veciñas de Dodro. Acoden a esta instalación, desde os pequenos e pequenas para actividades coma psicomotricidade e multideporte, e adultos e para ximnasia e mantemento entre outras actividades deportivas. Tamén é usado xeralmente para fútbol sala. Non esquecemos a cantidade de actividades de outro tipo, como é o magosto, a comida para as persoas maiores, as actividades do CRA, actividades do 8 de marzo, e polo tanto é un espazo fundamental para este Concello. A pasada lexislatura intentouse a súa rehabilitación de varias maneiras, a través da fundación Deporte Galego, con tres reunións co seu secretario xeral, ou unha subvención de concorrencia competitiva que foi denegada polo Xunta. Sabendo que a insistencia é fundamental para conseguir esa financiación, nestes case dez meses, dese que o goberno do PSOE, con que entidades se reuniu? E onde se produciron esas reunións para tratar o arranxo de esta instalación?”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “ É unha pena que non houbera aforrado a pregunta, porque no punto de dación en conta, se presentou a mellora enerxética da cuberta do polideportivo ao abeiro do fondo Nacional Fondo de recuperación do local, destinado a concellos con poboación inferior a 15.000 habitantes para o ano 2024. Reformulouse o proxecto e presentouse a esta subvención, que parece que podemos deste xeito, é moi posible que se conceda

subvención para arranxar a cuberta do polideportivo”.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: “Non se reuniu con ninguén entón?”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Non. Algunha pregunta mais?”.

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: “Visto como está, por exemplo a rotonda do bolo novo, cando ten pensado avisar a AXI para reparar o tema da rotonda, así como o sumidoiro en Lestrobe, Santa María de Dodro, na parada de bus, que nos avisaron que estaban rompidos así como a falta de limpeza e mantemento de áreas de lecer, en esta caso avísannos de como está, e vézolo creo que todos, a da Devesa de Lestrobe concorrida pola veciñanza?”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “Son varias preguntas, todas nunha. O da AXI, xa para onte, porque realmente hai varios días que se puxo en coñecemento da AXI a situación esta toda, a da rotonda, se chamou ao vixiante que non hai por que, porque xa el teoricamente, transcorreu xa esta carreteira, pero efectivamente aínda así, chamouse por parte do concello, e que mais preguntas eran?”

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: “Limpeza da área de lecer da Devesa e as alcantarillas que están rompidas. Nos temos coñecemento da da autovía, Santa María de Dodro, na parada de bus”.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “A limpeza estase a facer de xeito regular polos traballadores que temos, non sei exactamente a que se refire, pero temos unha especie de prioridade, que ao mellor eso non é o primeiro, porque efectivamente, fai pouco estaban limpando aquí no Concello, seguramente nun par de días, se irán para a Devesa, a verdade é que non o sei, se comunicou antes tamén que se acababan de conceder por parte da Deputación unha axuda para a contratación de tres traballadores, esperamos que estean de alta pronto e que poidan manter o Concello como nos merecemos. Algunha pregunta mais?. Si non ahí mais preguntas levántase a sesión”.

Ás 22:47 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente a marxe

A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís